



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 3

V lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 1 de decembro de 1997

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

- Punto único.-** Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia; presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía.

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O Sr. secretario (Pedrosa Vicente) le a orde do día. (Páx. 19)

Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia; presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía. (Punto único da orde do día.) (Páx. 19)

O señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, D. Manuel Fraga Iribarne, fai a presentación do seu programa de goberno. (Páx. 19)

Reafirmación dunha política galeguista. (Páx. 19)

A nosa cultura. (Páx. 20)

Impulso e difusión cultural. (Páx. 22)

Maior presenza das nosas letras. (Páx. 22)

Promoción do patrimonio cultural. (Páx. 22)

Unha Galicia vertebrada. (Páx. 23)

O reforzamento do autogoberno. Un obxectivo sempre presente. (Páx. 26)

Financiamento. (Páx. 27)

As infraestruturas como factor clave do desenvolvemento. (Páx. 30)

A transformación da agricultura e da gandería de Galicia. (Páx. 31)

A irrenunciable vocación pesqueira de Galicia. (Páx. 31)

Plan para o crecemento e o emprego. (Páx. 32).

Galicia mirando cara a Europa e cara ó mundo. (Páx. 38)

O señor presidente anuncia a hora da próxima sesión que, segundo o tempo de interrupción fixado polo Regulamento, será o mércores, ás doce da mañá.

Levántase a sesión ás doce da mañá.

Ábrese a sesión ás dez horas da mañá.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicepresidente primeiro, do vicepresidente segundo e do secretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e o letrado señor Caride Puente.

Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta en funcións, acompañado de tódolos conselleiros en funcións.

O señor PRESIDENTE: Señorras e señores deputados, se fan o favor, vaian ocupando os seus escanos.

Ábrese a sesión coa lectura da orde do día por parte do señor secretario da Cámara.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente): A orde do día é a seguinte:

PUNTO UNICO. PROPOSTA DE CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACION DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCION, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMIA.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor secretario.

Ten a súa rolda o candidato, don Manuel Fraga.

O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne: Gracias, señor presidente.

Señor presidente, señorras e señores deputados, comparezo ante o Parlamento de Galicia, de acordo co previsto nos artigos 10.d) e 15.2 do noso Estatuto, para solicitar desta Cámara a investidura como presidente da Xunta de Galicia. Son consciente da especial responsabilidade que representa o facelo por terceira vez ante esta representación lexítima do pobo galego, ó que todos estamos obrigados a servir. De modo moi especial correspóndelle esta responsabilidade ó presidente da Xunta, elixido cando proceda por esta Asemblea e nomeado por El-Rei, ó que lle corresponde a dirección da Xunta de Galicia, a suprema representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.

O día 19 de outubro o pobo galego expresou de forma clara a súa vontade. Outorgoulle ó Partido Popular un novo mandato para completa-la formación de Galicia, para que o noso pobo poida acometer con enerxía e valentía os retos do século XXI.

Cambio de século e de milenio. Está emerxendo unha nova sociedade na que os valores tradicionais seguirán tendo vixencia, pero na que as novas xeracións deberán adaptarse e prepararse para un mundo máis esixente e máis competitivo. Un mundo no que os avances tecnolóxicos, cada día máis intensos, obrigarán a un esforzo continuado para a súa asimilación e para, apoiándonos neles, toma-la iniciativa e colocarnos non a remolque senón á cabeza dos pobos que saben o que queren, que saben ónde ir e que están dispostos a segui-lo camiño necesario.

Ante esta Cámara que representa a todo o pobo galego quero reitera-lo meu compromiso firme de loitar por Galicia, pensando só nos seus intereses, con todo o meu esforzo e a miña vontade, contando para iso, polo que de min dependa, con todos, sen exclusión.

A responsabilidade de gobernar Galicia correspóndelle ó Partido Popular, se así o ratifica esta Cámara, pero iso non quere dicir que non esteamos dispostos a oír a todos, ó diálogo con todos, co único obxectivo de servir a Galicia. Diálogo que non quere dicir imposición senón o exercicio de cadansúa responsabilidade, polo que tampouco aceptaremos imposicións nin condicións previas.

Aceptadas as propostas programáticas do Partido Popular de Galicia pola maioría absoluta dos votos emitidos polo corpo electoral, procede agora recordalos seus principios esenciais nos que vai apoiarse a acción da Administración durante a presente lexislatura. Como é imposible expoñelo todo con absoluto detalle, permitireime ó final desta intervención entregarlles a tódolos membros desta Cámara os libros brancos e o programa electoral do Partido Popular como ratificación da vontade de levar a cabo as políticas definidas neles.

REAFIRMACIÓN DUNHA POLÍTICA GALEGUISTA

A Galicia de hoxe está dando unha resposta, igual que a deu no románico, no barroco ou no rexurdimento do século XIX, e o mellor catalizador desa resposta é a vitalidade do noso país.

Os tres principios básicos que hoxe unen penso que a tódolos galegos no recoñecemento da nosa personalidade propia e diferenciada, e que para nós deben permanecer sempre por riba de calquera bando político, son:

1.- O mellor galeguismo que herdamos de Alfredo Brañas e de Manuel Murguía, de Curros Enríquez e

de Rosalía de Castro, de Antón Losada Diéguez e de Vicente Risco, de Ramón Otero Pedrayo e de Alfonso R. Castelao. Un galeguismo que ten que se-la práctica habitual de tódolos galegos na defensa do seu, como principio diferenciador dunha sociedade que cre na autonomía e que defende as institucións e o autogoberno conseguido, sentíndose, ó mesmo tempo, moi española e moi europea.

2.- A autoidentificación solidaria dos galegos, que neste momento finisecular asumen o compromiso de leva-la súa terra ó lugar que lle corresponde no contexto dos pobos de España, de Europa, de Iberoamérica, á que estamos tan vencellados pola presenza dos nosos irmáns emigrantes e, en definitiva, de todo o mundo. Autoidentificación como reivindicación do propio, do que temos de noso, sen renunciar a nada que poida enriquecernos e aspirando a ser unha voz solidaria no concerto das culturas do noso ámbito occidental.

3.- A galegitude como continuidade; único e verdadeiro camiño para que as nosas comunidades do exterior perduren no tempo como auténticas representacións dos signos de identidade de Galicia. Para que alí onde queira que teña chegado o esforzo do noso pobo, digno e traballador, siga perdurando o espírito de Galicia a través das novas xeracións que permanecerán unidas por fortes vínculos culturais, lingüísticos e de respecto ás nosas tradicións.

Somos fillos dunha terra antiga, chea de experiencias e de valores que os galegos de toda condición foron forxando ó longo dos tempos e que constitúen un extraordinario legado colectivo que conforma o noso presente e que inspira o noso porvir.

Agora, cando retomámo-la confianza novamente ofrecida polo pobo galego, deben ser para nós obxectivos prioritarios a vertebración definitiva do país, cada vez máis dono e promotor dos seus recursos, máis orgulloso das súas raíces culturais e máis xusto e solidario cos demais pobos que conforman o Estado das autonomías e coa Europa unida dos pobos e as rexións.

O europeísmo e mailo galeguismo seguirán a selos dous eixes que orienten os principios básicos de extensión e afondamento da democracia, de eficacia económica, de cohesión social e de potenciación lingüística e cultural.

Esa nosa inserción española e europea, cunha fonda vinculación histórica ó mundo luso-brasileiro e con fortes vencellos nos pobos irmáns de Iberoamérica, seguirá guiando os eixes principais das

accións exteriores do novo Goberno da Xunta, porque nelas reside a nosa condición de galegos, de españois e de europeos.

Seguiremos avogando por un galeguismo construtivo, consciente e comprensivo da propia realidade, aberto ás novas correntes, tolerante coa diversidade e con presenza e capacidade suficiente para actuarmos alí onde estean os intereses de Galicia e dos galegos espallados polo mundo. O galeguismo que presida a nosa acción non vai ser anti-nada, nin tampouco serán os seus obxectivos ir contra a realidade española e europea, porque de ámbalas dúas formamos parte e ningunha delas nos é allea.

Reafirmámonos nun galeguismo popular, tolerante, aberto e que recolle as mellores tradicións do humanismo, de defensa da democracia e das liberdades e de respecto pola iniciativa privada. Un galeguismo que rexeita o dirixismo, que asenta as súas bases na tradición dos precursores e dos seus continuadores, e que se vale de si mesmo e do apoio maioritario do pobo galego para emprender cantas accións sexan necesarias para a modernización e o avance da nosa terra.

Ese será o norte que guíe as actuacións do próximo Goberno, baseadas, repito, nun galeguismo que siga impregnando progresivamente a nosa sociedade, converténdose nun patrimonio común do noso pobo, que está visto que non necesita poñerse ó abeiro de ningún arredismo insolidario nin do victimismo fatalista para reivindicalo seu en liberdade e con contundencia.

A NOSA CULTURA

Despois do esforzo recuperador da xeración dos anos cincuenta, encabezada polo inesquecible Ramón Piñeiro, a cultura galega entra na súa etapa decisiva ó conseguilo noso pobo o ansiado autogoberno.

Será a partir da autonomía cando se poidan establecer dous períodos perfectamente diferenciados. O primeiro, que comprende unha década e que tería como data inicial a constitución do Consello da Cultura Galega (1983) —con todo o que representa o Consello como institución estatutaria autónoma e canle guieira da nosa cultura—, abranguería ata o ano 1993, no que a celebración do Xacobeo superou historicamente tódalas metas e proxectos anteriores.

A partir daquela data emblemática e rescatado o Camiño de Santiago como un dos seus piares básicos, a cultura galega superará moitos dos límites e eivas seculares para conseguir unha promoción interior e unha dimensión exterior antes non acadadas.

Os tres xermolos deste impulso cultural foron: a autoidentificación co país, o orgullo superador dos vellos complexos e maila nosa implantación nun espazo natural propio, froito dunha favorable situación de encrucillada entre a cultura hispánica, á que historicamente pertencemos, e o mundo luso-brasileiro, no que cada vez estamos mellor e máis integrados.

Polo tanto, o segundo período, tamén unha década, arrincará desde 1994 e proxectaríase ata o ano 2004, celebración do que será o primeiro Ano Santo Xacobeo do novo milenio. Neste período, no que estamos, é onde cabe situar a presente etapa, repito, na que se fará realidade o proxecto cultural que o próximo Goberno galego deseñou para este final de século e principio de milenio.

Trátase de cinco grandes obxectivos culturais, que se celebrarán no transcurso da próxima lexislatura e que coincidirán con outros tantos acontecementos relevantes que servirán de máxima promoción para a cultura galega dentro e fóra de Galicia. Sobre todo, serán o espello que proxecte a realidade da nova Galicia cara ó exterior, permitiéndonos ser, ó mesmo tempo, unha referencia na implantación e no desenvolvemento do turismo cultural:

1º.- Ano 1998, preparación do Ano Santo Xubilar de 1999, activa participación no escenario da "Expo 98" en Lisboa e promoción de estudos e actividades que salienten a presenza de Galicia nos sucesos históricos de 1898.

2º.- Ano 1999, celebración do Ano Santo Xacobeo, que polo seu carácter extraordinario e significativo, "a gran perdoanza" de final de século e de milenio, constituirá un acontecemento de enorme relevancia, que situará a Compostela no mesmo nivel de Roma e de Xerusalén e que fará de Galicia enteira un centro de atracción internacional.

3º.- Ano 2000, capitalidade cultural europea para a cidade de Santiago de Compostela. Evento que permitirá unha excepcional proxección exterior da nosa cultura, servindo tamén Compostela como ponte natural entre as culturas peninsulares e as dos pobos iberoamericanos, ós que os galegos temos aportado e recibido, ó longo da historia, mutuas contribucións que constitúen a mellor mestizaxe cultural.

4º.- Ano 2001, celebración do Congreso internacional da cultura galega, que servirá de marco axeitado para un profundo debate, aberto a cantas personalidades do interior e do exterior, estudiosos e protagonistas dos diversos eidos e materias culturais estean dispostos a participar, e que, sen dúbida, sentará as

metas e propostas da cultura galega para o século XXI.

5º.- Consolidación e impulso definitivo das diversas rutas de peregrinación a Santiago ata convertelas en vieiros aptos para o intercambio e a creatividade cultural, integradores dunha proposta común dos pobos de Europa implicados na tradición xacobeá, para chegar no ano 2004, primeiro Ano Santo Xubilar do milenio, a unha estrutura europea, con sede en Santiago de Compostela, vertebradora das expresións de tódolos pobos e rexións relacionados cos "camiños".

Entendemos que estes cinco puntos, sumados ó esforzo que estamos a facer para a recuperación e consolidación do noso patrimonio cultural, terán que se-la cerna da nosa proxección exterior. Non podemos nin debemos deixar pasar inadvertidos os acontecementos que comezarán en 1999 e que rematarán no 2004 sen aproveita-lo vento a favor que supoñen as comunicacións rápidas.

Refírome concretamente a poder situarnos en Madrid en catro horas e nun pouco máis en Lisboa, gracias ás novas autovías e autoestradas, á modernización dos aeroportos de Vigo, A Coruña e Santiago, á actualización do ferrocarril e ás redes de autoestradas interiores.

En definitiva, este gran esforzo en infraestruturas non só mellorará a nosa economía e ampliará o noso comercio senón que servirá para unha maior proxección exterior de Galicia. Todo isto fai necesario un novo impulso da política turística, que pasará a estar estreitamente relacionada coa oferta cultural e co fenómeno xacobeo. Polo tanto, a incorporación das competencias en materia de turismo á Consellería de Cultura facilitarán un relanzamento cultural, a partir das moitas posibilidades que ofrece o noso patrimonio histórico-artístico e dunha oferta orientada ós grandes acontecementos anteriormente sinalados.

Galicia ocupa hoxe un espazo de privilexio nun mundo caracterizado pola explosión das novas tecnoloxías, que xa está dando paso á sociedade da información. Formamos parte, sen dúbida ningunha, da vangarda entre as comunidades de España neste eido, e nalgúns aspectos estamos por riba dos países europeos máis avanzados.

As novas tecnoloxías da información serán o máis eficaz aliado para a potenciación e a permanencia da nosa identidade cultural. As autoestradas da información e as multimedia poñen ó noso dispor elementos e posibilidades que ata hai ben pouco eran impensables,

para recuperar, conservar e difundir, case sen límites, tanto os fundamentos materiais coma os inmateriais que conforman a cultura galega.

Neste contexto é onde debemos enmarcar un sector como é o audiovisual, que xa empeza a ter para Galicia un alto valor estratéxico. En primeiro lugar, porque está en proceso de expansión a un ritmo exponencial; en segundo termo, porque xera cada vez máis emprego e riqueza; e, por último, porque deste medio, hoxe imparabile, dependerá unha boa parte da difusión e promoción da nosa cultura.

Esta condición estratéxica será recollida na próxima Lei do audiovisual, pioneira no actual Estado das autonomías, que xa foi consensuada con tódolos sectores e colectivos implicados e que axiña será remitida a esta Cámara para o seu debate.

Nesa inevitable e enriquecedora ensamblaxe entre cultura galega e novas tecnoloxías multimedia, as telecomunicacións e a informática seguirán tendo unha atención prioritaria na próxima lexislatura, que se materializará na posta en marcha da "Cidade da Cultura de Galicia". Este ambicioso proxecto comezará o seu primeiro "barrio" —se se me permite a expresión—, destinado á gran Biblioteca de Galicia, que albergará o Centro Superior Bibliográfico, como cabeceira da nosa rede de bibliotecas; unha "Biblioteca Virtual", xunto a un completo "Fondo de Volumes Convencionais", complementadas con salas temáticas, como a Hemeroteca galega, a Fonoteca, a Videoteca e a Fototeca. O edificio da "Cidade" irá medrando con outros "barrios" que albergarán zonas museísticas, arquivos, exposicións permanentes e salas dedicadas á prensa, á radio, á televisión, ó cine, ó vídeo e a tódolos novos soportes comunicadores.

Impulso e difusión cultural

A política da Xunta de Galicia seguirá sendo a de atender e apoiar, na medida das nosas posibilidades, as diversas esferas e manifestacións culturais: música, danza, artes plásticas, teatro e literatura. Dentro dese concepto globalizador e representativo, dinámico e actual, xirarán os eixes sobre os que se mova, nos próximos catro anos, o "feito cultural galego".

Ninguén pode esquecer que a transformación e a adecuación das infraestruturas culturais levadas a cabo durante os últimos oito anos nos permiten agora desfrutar duns espazos aptos para grandes realizacións culturais dos que Galicia anteriormente carecía. Palacios de congresos e exposicións, auditorios, museos, casas da cultura e outras infraestruturas de priméirísimo nivel acollen os afeccionados á música clásica,

ó ballet e a calquera outra manifestación artística. Por toda a xeografía de Galicia, e gracias a esas infraestruturas, as actividades culturais chegan ata os máis pequenos e os máis dispersos núcleos de poboación.

Maior presenza das nosas letras

Ante o alto nivel conseguido pola creación literaria en Galicia e conscientes da necesidade dunha promoción de todos aqueles elementos que conforman e completan o mundo da nosa literatura, viuse a necesidade da creación dun Centro de Promoción das Letras Galegas. O dito centro actuará como un órgano de información para os colectivos de escritores, editores, ilustradores e libreiros, levando tamén a cabo accións de promoción interna e externa das nosas letras e autores representativos.

O devandito centro servirá de plataforma coordinadora entre a Consellería de Cultura e outras institucións de promoción literaria como: o Instituto Cervantes, o Centro de las Letras Españolas, a Institución de las Letras Catalanas, o Instituto Camões e outros organismos dispostos a manter intercambios e a realizar actividades a prol das letras galegas.

A actual Lei de bibliotecas de Galicia, que é xa a máis avanzada de toda España, determinou que debería haber unha biblioteca en todas aquelas poboacións superiores ós 2.000 habitantes. Podemos dicir que hoxe contamos cunha rede de bibliotecas que cumpre o lexislado e que estamos en disposición de aumentalos medios para a apertura e o equipamento de novas bibliotecas. Unha mostra da nosa preocupación por poñer ó día os servicios de lectura é o recente programa informático "Meiga 3", que cobre as necesidades de organización e catalogación das bibliotecas municipais e que xa foi implantado en todas elas.

Promoción do patrimonio cultural

Está no ánimo do Goberno galego continuar co impulso decidido para a conservación, restauración e posta en valor do noso patrimonio cultural, sobre todo aquel que se atopa máis ameazado e que polos seus valores monumentais ofrece unha maior relevancia e interese. Tamén nisto é necesario destaca-la especial importancia e as posibilidades que o turismo cultural pode ter na nosa comunidade. Polo tanto, xa temos deseñado un plan que vinculará este sector cos monumentos restaurados e en vías de rehabilitación, promocionando o seu alcance cultural e os respectivos contornos para dalos a coñecer en áreas xeográficas foráneas, especialmente naquelas que contan con demanda de turismo cultural rural e de ocio.

Para a presente lexislatura está previsto continuar as restauracións, seguindo un criterio de prioridade e poñendo en marcha un novo proxecto consistente en adecuar certos monumentos significativos, á marxe do actual Plan de catedrais, que, por suposto, seguirá en execución, e xa declarados como bens de interese cultural (BIC), que poderán servir para infraestruturas turísticas nun curto prazo de tempo.

Ata aquí, as grandes liñas de actuación previstas en materia cultural, telecomunicacións e turismo, tres conceptos concentrados nun mesmo obxectivo: que a cultura galega, verdadeira cerna e motor da nosa identidade como pobo, entre máis viva e fortalecida ca nunca no século XXI.

UNHA GALICIA VERTEBRADA

Galicia experimentou unha profunda transformación nos últimos anos, proceso que continuará, Deus mediante, no próximo futuro e que expresa o cambio dunha sociedade na que o rural tiña un enorme peso, cunha industrialización de enclave, a unha sociedade máis equilibrada, aberta industrialmente ó mundo, e cun nivel cultural e educativo cuantitativa e cualitativamente superior. Bastan uns datos. En 1989 o 36% da poboación estaba dedicada ó sector primario e estudiaban nunha única universidade 53.000 alumnos, en 16 facultades e escolas técnicas superiores.

As nosas exportacións ascendían a 244.000 millóns de pesetas.

O noso sector estratéxico industrial, a construción naval, sufrira unha profunda reconversión. Non existía unha estratexia industrial de futuro e o país estaba impregnado de pesimismo e cunha clara sensación de inferioridade.

As nosas infraestruturas eran claramente terceiro-mundistas. Unicamente podían mencionarse os tramos A Coruña-Santiago e Pontevedra-Vigo da autoestrada do Atlántico. A nosa rede autonómica, a pesar dos esforzos realizados desde o comezo da autonomía, estaba desvertebrada e era claramente deficiente.

En telecomunicacións e tecnoloxías da información estabamos claramente á cola das comunidades autónomas.

Só no transcurso das dúas últimas lexislaturas, nas que o pobo galego lle encomendou ó Partido Popular o goberno de Galicia, penso que a situación cambiou fondamente. A poboación ocupada no sector primario pasou do 36,6% ó 22%, incrementándose a dedicada

ó sector servicios nun 10,6%; á construción, nun 1,7% e á industria nun 2,3%.

Hoxe estudian nas nosas tres universidades 91.000 alumnos e fano en 45 facultades e escolas técnicas superiores.

As exportacións ascenderon a 736.000 millóns de pesetas en 1996, e a nosa converxencia con España, en canto a renda familiar dispoñible, pasou do 88,54% ó 92,29%.

Hoxe temos un sector industrial emerxente disposto a competir e que demostrou que é capaz de abrir mercados externos.

As nosas infraestruturas admiten xa unha equipación co resto de España e con Europa. As dúas autovías de conexión coa Meseta, que se rematarán en 1998, agás os tramos de Pedrafita, a conclusión da autoestrada do Atlántico e a execución do Plan de estradas da Xunta, expresan a realidade dunha Galicia vertebrada territorialmente e que experimentou un cambio fundamental.

O mesmo poderíamos dicir das telecomunicacións, da telefonía rural ou da utilización das tecnoloxías da información en tódolos sectores. Hoxe Galicia é a comunidade autónoma que máis decididamente aposta pola sociedade da información.

É certo que imos avanzando, pero tamén que este avance non é a fin do camiño, senón o comezo dunha nova etapa. O noso reto máis importante é imbuírle á sociedade galega un novo espírito. Debemos apostar polo futuro, con enerxía, ilusión e confianza; reforzalos valores de tolerancia e respecto mutuo; defende-la identidade do noso pobo, o noso idioma, a nosa cultura; afondar nas raíces dun galeguismo auténtico, pero ó mesmo tempo afondar no noso universalismo.

A nosa aldea global particular ten 2.742.000 habitantes, pero somos parte dunha España da que nos sentimos orgullosos con 39 millóns de habitantes e dunha Europa unida con 350 millóns de persoas. Somos galegos, españois e europeos, sen exclusión nin contraposición, e sabemos que nesta triple pertenza está o noso futuro. Historicamente existiu unha desvertebración da nosa terra. A Galicia rural pouco tiña que ver coa sociedade urbana, e a nosa clase media era unha das máis fracas de España.

Fixemos entre todos un enorme esforzo sabendo que queda moito por facer. Cómpre un esforzo anovado e intenso para que se produza unha converxencia real dentro da nosa sociedade. Cómpre ir avanzando

día a día, milímetro a milímetro, pero sen parar, para que a calidade dos servicios e do nivel de vida da nosa poboación rural sexa equiparable á dos que viven nas nosas cidades e vilas.

Fíxose un gran esforzo en educación, en saúde e nos equipamentos culturais e sociais; temos que lo-gralo en tódalas materias da vida.

Cómpre continuar coa liña de solidariedade efectiva, coa axuda ós marxinados, ós que padecen minus-valideces, ós que precisan, en definitiva, sentir unha solidariedade real á que teñen dereito.

Cómpre, especialmente, prestar unha atención espe-cial á terceira idade. Aquí non cabe só o concepto de solidariedade, senón tamén o de utilidade para toda a sociedade. Galicia non pode prescindir dos nosos maiores. Teñen pleno dereito a se sentiren membros vivos da nosa sociedade, a ser socialmente útiles e a participaren en tódalas ordes da vida, tanto no cultural coma no social. Adquiriron o dereito a non traballar a cambio dunha retribución, pero tamén son titu-lares lexítimos do dereito a participaren na nosa vida social e a se sentiren nela plenamente integrados.

A demografía indícanos que a medio prazo a ter-ceira idade vai ter un peso crecente. Isto implica grandes retos en materia de servicios específicos, que estamos dispostos a asumir sen vacilacións.

Así mesmo, quero facerlle un chamamento espe-cial —certamente renovado por min e desde esta tri-buna por primeira vez hai poucos anos— á sociedade galega. Estamos obrigados, se queremos pervivir co-mo pobo, a inverte-la curva demográfica. A nosa taxa de natalidade é das máis baixas, mesmo con respecto a España e a Europa. É o meu compromiso facer des-de o Goberno de Galicia todo o necesario para lles fa-cilitar ás nosas familias o feito de teren fillos.

Garderías, axuda fiscal á familia —que será, se Deus quere, a primeira manifestación do uso das no-vas facultades do novo sistema fiscal— vivenda, faci-lidades para a reincorporación ó posto de traballo despois da maternidade, e moitas outras, serán medi-das postas en práctica, intensificando os esforzos an-teriores, para que a decisión de teren fillos non repre-sente para a familia un sacrificio material sen máis, senón unha decisión responsable.

É, en definitiva, o noso propósito prestarlle un apoio decidido á familia galega.

En Galicia as familias son, á vez, o eixe enraiza-dor da infancia e da xuventude, o motor do desenvol-

vemento e do cambio social e o espazo máis propi-ciador da convivencia dos seres humanos. Por iso, cando se albisca un novo milenio, que ten que ser ta-mén unha nova alba de gloria para Galicia, o papel das familias galegas —de tódalas familias— debe in-tegra-lo mellor do seu espírito solidario tradicional co mellor impulso innovador e de cambio de cada un dos seus membros nun esforzo de comprensión, coopera-ción e respecto mutuo que propicie a autoestima de cada un dos galegos, que aí ten que comezar.

Situa-las familias galegas na nova Europa do euro, no lugar que lles corresponde, por historia, polo seu caudal humano e polos seus recursos, esixe de nós un esforzo adicional de apoio ás familias que evite o pre-ocupante descenso de poboación que acabo de subli-ñar, pero nelas esixe un esforzo especial de carácter cultural e de comprensión.

Por iso, as medidas lexislativas e os recursos pos-tos en marcha na anterior lexislatura, a través do I Plan integral de apoio á familia, incrementaranse cuantitativa e cualitativamente multiplicando os pro-gramas e recursos de apoio ás familias e á infancia, coordinando os esforzos feitos por tódalas administra-cións —estatal, autonómica e local— cos da socieda-de civil e utilizando toda a capacidade do noso auto-goberno para prever e incidir positivamente nos pro-blemas das familias galegas.

Aspiramos a que Galicia poida converterse en pa-radigma do que é unha sociedade aberta; unha socie-dade cun alto nivel educativo, culturalmente madura, tolerante, aberta a tódalas ideas, pero asemade orgu-llosa de si mesma, consciente do seu papel en España e en Europa e capaz de ser líder en moitas áreas sen complexos de inferioridade; unha sociedade prepara-da para asumi-los grandes retos de futuro.

A aplicación da LOXSE con decisión e facendo pola nosa parte os sacrificios necesarios —á parte de que seguirei esixindo as axudas necesarias—, o im-pulso decidido á formación profesional, a potencia-ción do estudo de idiomas estranxeiros e das ensinanzas artísticas e musicais, ou os programas de garantía social, constitúen fitos dun proxecto educativo inte-gral.

Estamos decididos, unha vez desenvolvido no substancial o sistema universitario de Galicia, a con-solidalo, sen prexuízo de manter aberto o mapa de ti-tulacións para o que sexa esencial, e a continuar coa mellora dos campus universitarios, coa cooperación das administracións provinciais e locais. Con todo isto lograremos que a nosa xuventude poida asumir eses grandes retos.

Neste sentido, faremos todo o necesario para que as tecnoloxías da información se convertan nun instrumento ordinario capaz de ser utilizado en tódalas ordes da vida. De maneira especial, introducíremolas no sistema educativo para que, desde o principio, se conviryan nunha ferramenta habitual de traballo. Por iso, con carácter inmediato, abordaremos-la informatización de tódolos centros docentes de secundaria e progresivamente a dos restantes centros de ensino non universitario.

Aínda non nos decatamos da importancia que na nosa vida, tanto no económico coma no social, teñen os devanditos sistemas de información. Para ben ou para mal é esa a sociedade do futuro e só os pobos que asuman ese reto global conscientemente serán capaces de progresar. Aproveite este momento para manifestar unha aposta sen matices pola nosa xuventude. Por definición, ela é o noso futuro. E é o noso deber preparala para que o protagonice con liberdade, con capacidade, con intelixencia, con espírito democrático e con responsabilidade.

Sabemos que debemos tamén responder ás demandas que nos presentan: acceder a un emprego estable, a unha vida propia e constituír un núcleo convivencial autónomo. Isto vai esixir unha política integral que abarque información, educación, inserción laboral, saúde, vivenda, cultura, ocio e participación, e, en definitiva, fomenta-lo seu espírito de iniciativa e creatividade en tódolos ámbitos da súa vida, en particular nos de formación e emprego.

Un dos nosos obxectivos prioritarios será a defensa da igualdade efectiva da muller co home; a súa real igualdade de oportunidades e o seu dereito a recibir atención especial cando asume unha función superior, no seu papel de nai. Desde o Goberno mantemos que a participación da muller en pé de igualdade en tódolos ámbitos sociais é aínda hoxe, por inconclusa, unha aspiración da propia democracia e da cohesión social de tódolos países europeos, e Galicia non é unha excepción, e traballaremos por iso.

Asemade debemos lograr un nivel de calidade de vida razoable. Neste sentido, xa avanzamos moito, desde que Galicia asumiu o goberno da sanidade na mellora deste servizo fundamental. Novos hospitais, centros de saúde, dotación dos hospitais, redución drástica das listas de espera, expresan unha realidade.

Continuaremos esforzándonos nesta liña para colocar a Galicia no máis alto nivel das comunidades autónomas, e, neste sentido, aplicaremos todo o noso esforzo en lograr, co novo sistema de financiamento sanitario, unha mellora efectiva para Galicia. Isto per-

mitíranos abordar, en toda a súa integridade, unha política sanitaria global con tres eixes básicos: protección, seguridade e calidade. Protección para o cidadán fronte a todo tipo de agresións externas que amenacen a súa saúde, poñendo á súa disposición as técnicas diagnósticas e terapéuticas máis adecuadas. A Administración sanitaria ten que ser concibida como unha rede protectora que lles dea ós cidadáns seguridade para que en todo momento poidan dispoñer dos medios necesarios para facer fronte a calquera eventualidade que ameace a súa saúde.

Estamos dispostos a gañala batalla pola "calidade percibida", mellorando todos aqueles aspectos que lles aporten unha maior comodidade e satisfacción ós pacientes nas súas relacións coa organización sanitaria. Contamos para isto con magníficos profesionais; cunha das mellores organizacións informáticas do Estado sobre a que nos apoiaremos para impulsa-la telemedicina; coa implantación, que estenderemos a todo o territorio, dos puntos de atención continuada (PAC) e co mellor servizo de urxencias, o 061, que está a demostrar cada día a súa eficacia.

Nesta reflexión global sobre cara a ónde debe ir-la sociedade galega e o papel do Goberno de Galicia para axudala e preparala para os grandes retos do novo milenio quero mencionar especialmente o medio ambiente.

Se obtíno a confianza desta Cámara anuncio que crearemos unha Consellería de Medio Ambiente, como paso adiante nunha política ambiental decidida que xa comezou a desenvolverse durante as dúas últimas lexislaturas.

É preciso dar un novo paso, avanzar desde un modelo de coordinación a un modelo de unidade de dirección, ó mesmo tempo que se progresa na integración do medio ambiente nas políticas sectoriais. A sociedade, de maneira continuada, vai situando a protección do medio ambiente entre as súas demandas prioritarias para conseguirla desexada calidade de vida en niveis similares á sanidade, á educación e á cultura.

Se o século XIX foi o da revolución industrial e o século XX o da economía integral, o século XXI vai se-lo do medio ambiente. Os acordos internacionais e a preocupación mundial polo estado do medio ambiente son indicadores que ratifican as demandas sociais ó respecto.

A crecente escaseza dos recursos naturais que se utilizan nos procesos industriais, en moitos casos non renovables, e a perda da calidade nos elementos vitais

—auga, aire, solo— fan imprescindibles accións de preservación, protección e conservación dos devanditos recursos. A defensa do medio ambiente non é só un deber ético cara ás novas xeracións, senón tamén un valor económico en si mesmo. Sempre proclamei e puxen en práctica que a defensa do medio ambiente é compatible co desenvolvemento económico.

En Galicia a optimización do uso dos recursos naturais é un factor clave para o desenvolvemento sostible que pretendemos xestionar desde o Goberno. A aplicación de tecnoloxías respectuosas co medio permitirá compatibiliza-lo necesario desenvolvemento económico e industrial de Galicia coa conservación do contorno vital, lográndose desta forma unha calidade de vida que integre as posibilidades de desfrute do noso ambiente coa promoción do emprego.

En consecuencia, fomentáremo-la potenciación de actividades industriais que no seu proceso empreguen tecnoloxías limpas e as que se dediquen á produción destas tecnoloxías, que non só xerarán emprego senón que ademais apoiarán a nosa política de desenvolvemento sostible.

O noso Plan de enerxía eólica é un exemplo simbólico da conxunción dunha enerxía limpa coa creación de empresas constructoras dos aerogeradores. Nesa liña manterémo-las nosas directrices de política ambiental.

Por outra parte, a nosa natureza ofrece unhas enormes posibilidades para o cumprimento dos obxectivos sinalados. Os montes galegos teñen unha das maiores rendibilidadeas dun produto, a madeira, escaso na Unión Europea. A ordenación dos montes produtores unida á conservación dos bosques autóctonos constituirá unha das metas da política forestal.

A elaboración e a posta en práctica dunha estratexia de uso e conservación da biodiversidade será outra das metas que nos permitirá legarlles ás xeracións futuras unha natureza da que poderán desfrutar e sentirse orgullosos.

E sempre na liña de compatibilizar protección cos aspectos económicos, a creación dunha rede de espazos naturais, unido á implantación da Rede Natura, en Europa, non só suporá protexe-los ecosistemas máis representativos, senón potencia-lo turismo ecoloxial, como un activo da máxima importancia da nosa economía.

Estamos seguros de que con estes obxectivos lles daremos resposta ás demandas de calidade de vida do pobo galego e de que se creará unha cultura medio-

ambiental imprescindible para conseguir que a participación cidadá, na implantación do programa de goberno, sexa responsable e positiva. Espero que sexa a de todos, que non foi así ata o de agora na creación dalgúns sistemas de protección, como é ben sabido.

O REFORZAMENTO DO AUTOGOBERNO. UN OBXECTIVO SEMPRE PRESENTE

Considero necesario facer, en primeiro lugar, unha reflexión sobre o papel de Galicia no marco constitucional, é dicir, sobre o que representa o Estado autonómico, e sobre qué natureza teñen as comunidades autónomas dentro deste marco.

Creo que na Constitución vixente, na que me tocou unha especial responsabilidade como ponente, se sentaron, por primeira vez desde 1810, as bases para un acordo no fundamental, con solidez e flexibilidade, ó mesmo tempo que nos permitiu, ó longo dos últimos vinte anos, acadar cotas de liberdade, de democracia, de autonomía e de desenvolvemento verdadeiramente serias e de alcance. Isto foi particularmente certo, polo que atinxe a todas e cada unha das comunidades autónomas, en canto a niveis de autoidentificación, de respecto mutuo, de autogoberno e de participación sería de todas na vida pública interior e europea.

Defendo con tódalas miñas forzas o artigo 2 da Constitución, que se fundamenta na "indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de tódolos españois", e por iso, fronte a algunhas voces, son absolutamente contrario á tese dun Estado plurinacional, en parte confederal e en parte federal.

Creo, en cambio, profundamente, sinceramente, no Estado das autonomías, en ser asemade galego, español e europeo. Dígoo con voz alta porque defendín a autonomía de Galicia, dentro de España, con tódalas miñas forzas. Foi o noso grupo o que saíu da Comisión do Estatuto, foi o noso grupo o que votou en contra da LOHAPA, e eu formulei, desde que teño a honra de estar á fronte do Goberno de Galicia, un conxunto harmónico de proposición: o asentamento definitivo do Estado das autonomías, a Administración única, a reforma do Senado, a Conferencia de Presidentes e a participación das rexións en Europa; e exercín en todo iso, con plena convicción, un galeguismo profundo.

Por isto é bo saber ónde estamos e o que pretendemos. Estaremos sempre en contra de retrocesos, como cando votamos en contra da LOHAPA, pero tamén sabemos que podemos seguir avanzando de forma prudente pola senda da autonomía, sempre que saiba-

mos que debe pasar pola senda da unidade nacional europea, sen fisuras.

Pero debemos de estar satisfeitos do longo camiño percorrido no reforzamento do autogoberno galego.

Enchemos de competencias efectivas o noso Estatuto, competencias destacadas e subliñadas polo feito de que multiplicamos, a base diso, tres veces o noso orzamento. Desenvolvemos institucións clave que levaban dez anos sobre o papel: Consello de Contas e Valedor do Pobo. Creamos outras novas, como o Consello Consultivo. Todas para controlar ou modera-lo poder executivo.

Recibimos nestas dúas últimas lexislaturas competencias clave como as de sanidade, Instituto Social da Mariña ou as de emprego, e puxémonos á cabeza de tódalas comunidades autónomas en nivel de competencias recibidas.

Quero mencionar especialmente as transferencias relativas a un tema clave, como é a Administración de xustiza, que lle permitiron ó Goberno galego prestar un apoio substancial ó poder xudicial, co obxectivo de cooperar no ámbito das súas competencias e responsabilidades e co de acadar unha xustiza rápida e eficaz. E teño que dicir que esa xustiza independente ten que ser igual para todos.

O Plan de infraestruturas xudiciais, a rede de informática integral, a dotación dos medios persoais para o funcionamento dos órganos xudiciais, a relación fluída e constante co Consello Xeral do Poder Xudicial, formulando as propostas precisas para a creación de novos órganos xudiciais, a próxima sinatura do convenio para crea-la oficina de asistencia ás vítimas de delitos violentos ou en contra da liberdade sexual, son exemplos concretos dunha colaboración leal e un apoio sen reservas ó poder xudicial, por primeira vez existente como tal desde a Constitución que eu contribuí a redactar.

Estamos razoablemente satisfeitos: logramos ser Administración única en materia de agricultura ou de emprego e de desenvolver instrumentos potentes no sector industrial e de participar nos consellos de administración das empresas públicas estatais en Galicia.

O noso próximo obxectivo é lograr, efectivamente, a xestión dos portos de interese xeral e arredonda-lo noso marco competencial para facer totalmente efectivos os principios da Administración única, enunciados por primeira vez neste Parlamento e hoxe en día

basicamente aceptados pola Administración do Estado e en parte substancial convertidos en lei.

Dentro do marco de Galicia logramos poñer en pé unha Administración pública eficaz, profesional e imparcial. Este modelo está sendo seguido por moitas outras comunidades autónomas —levamos xa varios convenios asinados respecto disto—, e ten como obxectivos afondar na súa organización para aproximala o máis posible en eficacia e eficiencia ás organizacións empresariais privadas; acentua-la súa atención e servizo ó cidadán, eliminando burocracias inútiles e facilitándolle as súas relacións coa Administración; e consolida-la introdución das tecnoloxías da información como instrumentos ordinarios de xestión. Penso que na súa transparencia e na posibilidade de información sobre ela hai poucas en Europa enteira que se lle poidan comparar.

Cómpre avanzar máis, e o noso reto fundamental será na próxima lexislatura ordenar e vertebra-lo poder en Galicia en canto ó que queda por facer.

No que atinxe á ordenación procederemos ó desenvolvemento regulamentario da transcendental Lei de administracións locais de Galicia, aprobada polo Parlamento a fins da última lexislatura, e a presentar diante desta Cámara o proxecto de lei de financiamento das facendas locais, que deberá reforza-lo principio de autonomía financeira que a Constitución prevé para estas entidades.

O poder público ten que se exercer por e para o pobo, e isto esíxenos, a prol do principio de subsidiariedade, que a administración máis próxima ó cidadán debe asumir aqueles servizos que poida racionalmente prestar dada a súa estrutura e organización. Por isto declarámo-la nosa vontade de facer efectivo o pacto local nesta lexislatura, que levará consigo transferencia de competencias e de recursos cara ás corporacións locais para facer efectivo e real un autogoberno de Galicia ó servizo dos cidadáns, sen monopolios nin exclusivismos nin novos centralismos.

En materia de interior centrarémolos nosos esforzos no deseño e na posta en práctica dunha política global de seguridade pública, cun modelo propio de policía autonómica para Galicia, baseado no principio de colaboración e na potenciación da protección civil, que vai pasar á Consellería de Xustiza e Interior.

FINANCIAMENTO

Non descubro nada novo se, falando do financiamento da Comunidade Autónoma, manifesto, con certa solemnidade, como corresponde, que esta é un-

ha das cuestións básicas do autogoberno. A autonomía financeira resulta ser algo inseparable da autonomía política, de xeito que aquela se converte en *conditio sine qua non* do modelo de organización do Estado que nos demos.

Sendo isto así e a pesar do tempo transcorrido desde a posta en marcha do Estado das autonomías, o modelo de financiamento incorporaba niveis moi limitados de autonomía. En efecto, esta referíase exclusivamente ós tributos cedidos —poucos— sobre os que só se dispoñía de competencias de xestión, mentres que as que verdadeiramente identifican o poder tributario terían vedadas as capacidades normativas.

Pero é que ademais dos aspectos cualitativos ós que me acabo de referir, desde o punto de vista cuantitativo a autonomía que lle proporcionaba a Galicia a xestión dos tributos cedidos non superaba o 6,4% dos ingresos non financeiros consolidados, ou, se queremos ser máis técnicos, non superaba o 14,5% dos ingresos incondicionais consolidados. Estabamos, pois, ante un modelo con niveis de autonomía escasos, tanto en termos cualitativos como cuantitativos, o que nos colocaba basicamente ante un sistema centralista e, polo tanto, dependente de decisións que se adoptaban en ámbitos afastados e con motivacións frecuentemente diferentes, cando non contrapostas, ós intereses da nosa comunidade ou doutras.

Resultaba necesario e urxente reformar-lo modelo establecendo outro no que a autonomía se vise fortemente potenciada de xeito que este Parlamento tivese competencias para decidir sobre a contía e a composición dos ingresos públicos como a expresión máis cabal do poder tributario que debe acompañar sempre a autonomía política.

Penso que resulta necesaria unha breve referencia ó acordo sobre o 15% do IRPF, que en 1993 a Xunta non apoiou.

¿Por que apoiar agora —din algúns— o que antes se rexeitaba? Sinxelamente porque a proposta non supoñía ningún incremento da corresponsabilidade ó non atribuír capacidades normativas nin de xestión. Presentábase como corresponsabilidade o que era unha simple participación territorializada nos ingresos do Estado referidos a un só tributo e, hai que dicilo, suxeito ós pactos políticos do momento. Buscaba atribuír máis recursos a determinadas comunidades autónomas baixo o reclamo da corresponsabilidade, e tiña mal resoltos os riscos de desequilibrio financeiro que formulaba, como se dun sistema descentralizado se tratase. Pareceunos que propostas como estas non podían ser apoiadas, e penso que aquela postura contri-

buíu realmente a que o actual modelo non incorra nas mesmas formulacións.

Pois ben, era preciso abordar un cambio profundo no modelo para dotalo de verdadeira autonomía, e era preciso facelo de tal xeito que, por unha banda, a Facenda autonómica dispuxese dun conxunto de figuras tributarias suficientemente amplo sobre as que actuar para ter posibilidades de decidir entre diferentes patróns distributivos das cargas públicas e, por outra, que esta decisión non afectase inaxeitadamente á Facenda central para o desempeño das súas competencias e responsabilidades de ámbito xeral, favorables, se se fan ben, á solidariedade da que tanta necesidade temos. Queremos ser tan reivindicativos da nosa autonomía como respectuosos coa que corresponde ós outros niveis da facenda, procurando que o sistema resultante sexa algo coherente no que as competencias de cada nivel de goberno se respecten, ó tempo que se garante a harmonía do conxunto.

En definitiva, estamos a falar dun esquema propio de países de tendencia federal, e a solución adoptada participa tanto da técnica de distribuír determinados tributos entre cada nivel de facenda como, para acadar altos niveis de corresponsabilidade, da de compartir aqueles tributos que desde esta óptica resulten axeitados. Desde este punto de vista, descartado o imposto de sociedades por ser susceptible de traslación da carga impositiva fóra do ámbito territorial da comunidade —cosa que nos afecta especialmente—, e descartado tamén o IVE por non dispor da fase minorista, única susceptible de cesión, só queda o IRPF como o tributo no que basear un forte incremento da autonomía.

Resulta chocante advertir cómo hai quen reclama autonomía pero que cando se enfronta á súa concreción pon de manifesto que a reivindicación era máis ben algo táctico que profundamente sentido, porque rexeitan os únicos instrumentos válidos para o seu establecemento pretendendo substituílos novamente por participacións territorializadas. Xa advertimos que esta proposta pode ter certo interese desde a suficiencia, pero de ningún xeito se pode confundir suficiencia e autonomía, son dous principios igualmente fundamentais.

Quixera facer aínda algunha consideración máis antes de me referir á suficiencia e á solidariedade, que, como todo o mundo sabe, son tamén principios básicos que hai que considerar.

En primeiro lugar, resulta obvio que nós reivindicámo-lo máis alto nivel de autonomía financeira, pero facémolo desde o respecto ás competencias da

Facenda central como corresponde á distribución do poder tributario nun estado de tendencia federal. Rexeitamos, polo tanto, e quero ser moi claro, o sistema de concerto ou de *cupo*, que, como é ben sabido, a Constitución reserva exclusivamente ó País Vasco e Navarra, por vellas tradicións, como excepción que respectamos esperando que nunca constituía un privilexio, pero que, en ningún caso, se pode xeneralizar. Entendemos que este non sería un modelo financeiro axeitado para construír un estado que teña como resultado unha Galicia forte nunha España tamén forte e nunha Europa xusta. Pero é que ademais, o *cupo* é un modelo que só serve para os territorios xa ricos, xa que é difícil adecua-la súa metodoloxía a aqueles territorios nos que, como no caso de Galicia, habería que xogar cun *cupo negativo*, algo que parece ser unha contradicción nos seus propios termos.

Unha última referencia a esta cuestión resulta aínda necesaria. Galicia está, e con razón, a demandar solidariedade do resto de España para que cada vez máis se peche a brecha que aínda nos separa —cada vez menos— en determinados servizos públicos fundamentais. De acordo coa Constitución, é esta unha tarefa que lle corresponde asumir ó Estado, a través do Goberno central, por afectar ou referirse a todo o territorio de España. Pois ben, ningún sistema ou modelo que debilite a capacidade da Facenda central para afrontar esta obriga pode ser apoiado nin moito menos ser postulado desde a nosa Galicia.

Non quixera, por outra parte, pasar sen facer unha referencia a aquelas posturas que, recorrentemente, con ocasión e sen ela, nos acusaron —e quero recordar certos lamentables anuncios na prensa— de traizoa-los intereses de Galicia por outros menos confesables cando retirámo-lo recurso, primeiro, e cando apoiámo-lo actual modelo, despois.

Certamente, asumido un novo modelo que supoñía, como así foi finalmente, un cambio substancial sobre o recorrido, non tiña ningunha utilidade para Galicia mante-la reclamación cara a adiante e podía supoñer, como supuxo, algunha vantaxe presupostaria a curto prazo a súa retirada, como así sucedeu. Estas, e non outras, foron as razóns polas que se decidiu non mante-lo recurso no seu día presentado; por certo, en solitario cando moitos outros falaban do mesmo asunto pero non o fixeron.

Respecto ó actual modelo, xa quedou claro que o noso apoio se fai desde a vontade inequívoca de afondar na autonomía e na corresponsabilidade no sentido ó que antes me referín. Tamén aquí se nos ten acusado dunha inadecuada defensa de Galicia, afirmándose con "pretenciosa rotundidade" por máis dun que esta-

bamos a prexudica-los nosos intereses fronte ós doutras comunidades autónomas. Unha vez máis os que así falaban —pode que algúns falen aínda— estaban a confundir autonomía e suficiencia, algo que, para quen se pretende experto ou que como tal quere falar, resulta absolutamente inadmisíbel.

Pero como por desgracia nos sucede moitas veces, teñen que ser outros, e neste caso os pretendidos agra-ciados, os que recoñezan que o sistema está, como dixemos, resultando ser máis beneficioso para unha serie de comunidades autónomas, entre as que se atopa Galicia en primeiro lugar, que para aquelas que todo o mundo sinalaba como "naturalmente beneficiadas". Ó final, ninguén pode discutir que Galicia deu un salto importante na autonomía financeira que estamos dispostos a utilizar. En efecto, anuncio que o Goberno lle remitirá a este Parlamento, para o seu debate e, se procede, aprobación, unha lei de acompañamento á Lei de presupostos para 1998 que fará uso da capacidade normativa, tanto nos tributos cedidos como no IRPF.

Hai aínda unha cuestión á que debo referirme e que de pasada xa mencionei: a suficiencia financeira e a solidariedade como principios básicos do modelo de financiamento.

Quixera dicir antes de nada que suficiencia e solidariedade persoal, isto é, a que pretende garantir-lles ós cidadáns niveis similares de servizos públicos, identifícanse, son, no fondo, a mesma cousa. En efecto, suficiencia entendida como conxunto de recursos necesarios para financia-los diferentes servizos públicos a un nivel similar en todo o territorio do Estado identifícase necesariamente coa dimensión persoal da solidariedade á que me acabo de referir.

Pois ben, este é un tema aínda non resolto. O actual modelo prolongou o nivel de suficiencia de finais do período anterior sen que ata o de agora se abordase axeitadamente esta cuestión. Entendemos que, con independencia do artigo 15 da LOFCA, que ten unha función transitoria, pero que resultou ser unha importante lei, con máis posibilidades do que nos dixeron no seu momento, cómpre que dunha vez por todas se fagan os estudos axeitados para determina-lo custo de prestar cada servizo en cada territorio para que se xa esta reflexión a que oriente a distribución dos recursos entre as diferentes comunidades autónomas, rematando dunha vez coa polémica do financiamento per cápita ou custo por usuario, en favor deste último. Co cal, por certo, sinalo que perden o tempo os que din que nós dicimos amén a todo; o que, por certo, é totalmente falso.

Quero facer unha referencia ós impostos especiais precisamente neste momento porque é algo que ten que ver máis coa suficiencia que coa autonomía financeira.

Antes de nada cómpre dicir que se no acordo de financiamento aprobado en setembro do ano pasado se creou un grupo de traballo que permite estudiala posibilidade de ceder todos ou parte dos impostos especiais foi gracias á posición e á petición da Xunta, que unha vez máis tivo un protagonismo relevante en moitos aspectos básicos do citado acordo.

Dito isto, resulta necesario recoñecer que é moi escasa, por non dicir nula, a capacidade normativa que sobre estes tributos podería corresponderlles ás comunidades autónomas por razóns de todos coñecidas. Resulta igualmente moi limitada a capacidade de xestión, sobre todo para aqueles tributos que deben recadarse en orixe.

Sendo isto así, é preciso recoñecer que non hai a penas autonomía tributaria asociada á cesión destes tributos, e que só cabe afrontalo problema desde a suficiencia. Dito noutras palabras, na medida en que a recadación esperada dos impostos especiais fose superior á que facilitase a PIE, resultaría interesante a transferencia.

En calquera caso, poden existir tamén outros efectos asociados ó proceso que poderían aconsellar, en caso de que a comparación anterior non fose definitiva, un proceso de transferencias dos impostos especiais, ó que de ningunha maneira renunciarnos, como xa demos mostras, pero que tampouco asumiríamos en calquera caso ou circunstancia, Galicia primeiro.

AS INFRAESTRUCTURAS COMO FACTOR CLAVE DO DESENVOLVEMENTO

A sociedade moderna está fundamentada sobre o intercambio de bens e servizos, cousa que algúns esquecen, e seguen pensando que rematando Galicia en Pedrafitas melloraríamos.

As infraestruturas non só cumpren unha función de vertebración interior, senón que constitúen un elemento clave para o desenvolvemento económico. Non constitúen por si mesmas desenvolvemento económico, aínda que un estudo recente demostra —estudio exemplar e os seus autores non poden merecer ningunha dúbida de parcialidade— o que foi xa, por exemplo, a autoestrada do Atlántico para o desenvolvemento de Galicia, pero son un factor sen o que é imposible este desenvolvemento. Por iso dedicámo-

los maiores esforzos nas lexislaturas anteriores a vertebrar por esta vía o noso territorio.

Non está aínda finado, obviamente, este labor. Estamos xa tocando e apreciando os resultados conseguidos tanto polo Plan de estradas coma pola posta en funcionamento, cada vez máis acelerada, das nosas autovías de conexión coa Meseta e coa terminación da autoestrada do Atlántico. É obvio que non está todo conseguido, por iso centraremos toda a nosa enerxía nesta próxima lexislatura na modernización do ferrocarril, non só no interior de Galicia, senón tamén na súa conexión, imos dicir con Madrid, para enténdelo exterior. Será o noso gran obxectivo, unido ó da modernización dos portos de interese xeral de Galicia, para convertelos en vías efectivas do noso comercio exterior. E, por certo, dixemos na campaña que esta sería a lexislatura das infraestruturas ferroviarias, e xa comezou co acordo sobre os ferrocarrís de Porto e Vigo —algúns pretenden dicir que iso non o fixo o Goberno galego, diso falaremos cando queiran—. A isto unirémo-la Transcantábrica, que completará polo norte a nosa conexión con Europa.

Na nosa rede interior poñeremos en pé un segundo Plan de estradas, moi importante, para actualizar e completa-lo primeiro plan, logrando un conxunto articulado e harmónico de comunicación. Estamos xa ás portas da inauguración da rede de gas natural, que vai representar un elemento clave para mellora-la competitividade das nosas empresas e para as necesidades enerxéticas dos consumidores domésticos. E non foi fácil chegar aí, pero agora xa podemos dicir que ademais do gas que vén do Magreb e ademais de que isto leva consigo a comunicación coa outra fonte dos gasodutos que veñen por Asturias, está xa en práctica a realización da famosa estación de regasificación do Ferrol, da que tanto se falou, pola que sempre loitam e que por fin imos conseguir.

A enerxía é un factor clave de desenvolvemento e neste sentido anúnciolle a esta Cámara que, con carácter inmediato, se vai presenta-lo proxecto de lei de creación do Instituto Enerxético de Galicia, como organismo autónomo que impulsará a utilización racional de tódalas fontes de enerxía. Este instituto, no actual marco de liberalización do sector enerxético, integrará as actuacións de Galicia —se se quere da Xunta de Galicia— nesta área; aglutinará a participación dos sectores público e privado no Plan enerxético de Galicia, poñerá en práctica as políticas enerxéticas da nosa Comunidade e reforzará a política de aforo enerxético e de impulso ás enerxías renovables.

Xa sei que algún pode pensar que me repito, pero é que eu miro sempre ó máis lonxe.

Dedicarémolles igual atención ás telecomunicacións, non só para consolidar unha rede interna integral, senón e, sobre todo, como instrumento ó servizo da sociedade galega. Constitúe un instrumento imprescindible para facer efectiva unha sociedade moderna e competitiva, e a iso dedicaremos tódolos nosos esforzos.

A vertebración de Galicia esixe igualmente ordenar de forma racional os usos do territorio. Aprobada na lexislatura anterior a Lei de ordenación do territorio, dedicámo-la máxima atención a desenvolver os instrumentos de ordenación previstos na lei, entre eles o desenvolvemento comarcal na súa vertente de articulación e vertebración do territorio comarcal, sen prexuízo de darlles igualmente a máxima prioridade ás accións de desenvolvemento previstas nos ditos plans. O Parlamento de Galicia terá pronto proxectos, sobre todo tendo en conta certos cambios lexislativos, certas decisións do ámbito constitucional, sobre estas materias.

A TRANSFORMACIÓN DA AGRICULTURA E DA GANDERÍA DE GALICIA

O noso campo sufriu nos últimos anos —non é necesario dicilo— unha profunda transformación. Nos últimos oito anos abandonaron o sector primario 184.000 persoas. Este proceso —sei que as miñas palabras poden entenderse mal, pero corresponde á realidade de tódolos países desenvolvidos— debe continuar ata situala poboación ocupada neste sector nun 16/17% da poboación activa, o que implicará nos próximos anos unha redución adicional que haberá que compensar coa creación de emprego nos sectores industrial e de servizos. Quero dicir que isto se refire á agricultura, porque en pesca xa se está recuperando a poboación activa.

Sabemos que a porcentaxe que nós consideramos correcta é a de máis do dobre da media de España, e case catro veces superior á da Unión Europea, pero cremos firmemente na vocación agraria, gandeira e forestal de Galicia, e non nunha escravitude dos que están nese sector.

Sabemos que Galicia irá ben se o noso campo vai ben. Eu del veño. Queremos e ímolo conseguir, porque estamos camiñando... (*Un señor deputado pronuncia palabras que non se perciben*)... con claridade de ideas e con firmeza nesa dirección, —moitas grazas polo seu entusiasmo polo campo—, cara a un sector agrario moderno e competitivo, capaz de loitar

no mercado europeo cos nosos competidores franceses, holandeses ou alemáns. Non ter iso en conta é perde-lo tempo.

Cómpre potencia-los nosos produtos galegos de calidade; reforza-las accións de comercialización e de mercadotecnia para lles abrir camiño en España e en Europa; incrementa-la nosa cota láctea, co obxectivo irrenunciable de lograr para a nosa comunidade dous millóns de toneladas, pero sabendo de antemán que non podemos xerar unha nova forma de monocultivo; potenciar ó máximo a nosa produción cárnica e a nosa agroindustria e reordenar e potencia-lo noso sector forestal.

A investigación agraria; a capacitación dos nosos agricultores; a introducción masiva de tecnoloxías da información para incrementar-la produtividade das explotacións; as actividades complementarias: turismo rural e artesanía; unha adecuada e intelixente política medioambiental; intensificar aínda máis a concentración parcelaria e a mellora do hábitat rural; e, en definitiva, poñe-lo agricultor en primeiro plano como auténtico protagonista do seu desenvolvemento, constitúen o contorno preciso para operar e facer efectiva esa transformación que asegure a competitividade do noso sector primario, e non utopías que supoñan que aspiramos volver ó século XVIII.

A IRRENUNCIABLE VOCACIÓN PESQUEIRA DE GALICIA

Galicia é a primeira rexión pesqueira europea, e hoxe, despois dunha profunda reestruturación, podemos mira-lo futuro con razoable optimismo. Apostamos, sen vacilacións, pola renovación e modernización da flota, apoiándonos nas axudas do Infoga e en xeral da Unión Europea. O noso obxectivo é unha flota moderna, rendible, competitiva e do mundo actual.

Entre 1990 e 1997 aprobáronse máis de 1.700 expedientes que lle deron un gran pulo á renovación e modernización das flotas de fresco no Gran Sol, áa do litoral, á boniteira e á artesanal polivalente. Ata o ano 2006, Galicia seguirá sendo rexión obxectivo preferente —no ámbito da pesca—, o que permitirá completar este proceso, asegurando ademais estabilidade na demanda de traballo dos estaleiros.

O fomento das industrias de transformación da pesca foi nestes anos, e seguirá sendo no futuro, un obxectivo noso prioritario. Melloráronse substancialmente os establecementos dedicados á transformación e comercialización dos produtos do mar, e produciuse unha importante e inevitable concentración e mo-

dernización da industria conserveira. Existe un gran dinamismo neste sector, no que se investiron máis de 30.000 millóns de pesetas nos últimos sete anos. É o noso propósito continuar decididamente nesta liña de axudas.

Polo que respecta ó marisqueo a pé, podemos falar xa seriamente dunha actividade profesional. Cómpre seguir traballando con técnicas modernas, apoiándonos no Plan Galicia, incluído por primeira vez no Plan sectorial de Pesca. Máis de 10.000 persoas se dedican a esta actividade e xa temos exemplos como o de Vilaxoán, nos que se conseguen niveis de renda mensual que case duplican o salario mínimo interprofesional; exemplos que están sendo seguidos por Vilanova, O Vicedo ou Moaña.

A importancia da acuicultura en Galicia non precisa destacarse: 3.625 bateas, das que 3.331 están dedicadas ó mexillón, 1.134 parques de cultivo de moluscos e 21 granxas mariñas son datos suficientemente relevantes, sobre todo tendo en conta que o valor da produción se sitúa sobre os 20.000 millóns de pesetas e que dá emprego a 13.000 galegos e galegas.

Hoxe o sector mexilloeiro superou unha profunda crise, e a diminución das mareas vermellas e a mellora da súa estrutura organizativa fan que se poida mirar con optimismo o futuro; optimismo reforzado polo apoio que lle prestaremos ó Plan integral de reestructuración do sector mexilloeiro, acollido á iniciativa comunitaria de pesca. ¡Oxalá aquí, como en tódolos eidos, os galegos saiban o que vale a unidade e a actuación conxunta!

A nosa política é clara: modernización do sector; impulso especial á comercialización e promoción dos produtos galegos de pesca, marisqueo e acuicultura, cunha progresiva extensión dos produtos de calidade; continuar cos investimentos en equipamentos portuarios e coa potenciación —absolutamente necesaria e, desde logo, faremos diso cuestión, custe o que custe— da Inspección Pesqueira; e prestar, como xa o vimos facendo, pero reforzando aínda máis os esforzos, atención especial ó Servicio de Salvamento Marítimo —amplamente mellorado— e ó seguro de accidentes do mar, que non teño que explicar, pois xa se fixo nestes anos.

PLAN PARA O CRECEMENTO E O EMPREGO

Galicia, estes últimos anos, experimentou un comportamento basicamente positivo tanto en termos de crecemento coma, cos necesarios matices, en termos de emprego.

En efecto, a serie do VEB 1990/1996 pon de manifesto que o noso crecemento económico xeral foi, en termos globais, superior ó da media de España; circunstancia que resulta aínda máis perceptible se a comparación se fai soamente entre os sectores non agrarios.

Segundo os datos do IGE, e considerando a taxa media anual, o valor engadido bruto total de Galicia creceu un 1,53% entre 1991 e 1996, e un 2,46% entre 1994 e 1996. Foron anos de crise. A incidencia da crise no período completo é evidente. Á súa vez o valor engadido bruto non agrario de Galicia creceu un 1,82% en taxa media anual entre 1991 e 1996, e un 2,53% entre 1994 e 1996.

En canto a emprego, Galicia sufriu as consecuencias da crise dos anos 1991-1993, sobre todo nos sectores máis dinámicos da súa economía, pero, xusto é dicilo, soportouno mellor cá media de España, e, sobre todo, a recuperación dos sectores industrial, construción e servizos foi máis intensa.

A xeración de emprego non agrario ten ritmos superiores á media do Estado nos tres últimos anos, destacando o segundo trimestre de 1997, que, comparado co mesmo período de 1996, supuxo a creación de máis de 32.000 novos empregos. Esta circunstancia non impide —e somos xente seria— recoñece-la moi forte reconversión que se produciu no sector primario, inevitable como consecuencia da modernización iniciada. Non parece necesario recordar que en 1998 máis do 39% do emprego se centraba neste sector e que o 31 de decembro de 1996 a porcentaxe se situaba no 26% para pasar a se-lo 22% o 31 de xullo de 1997.

A incidencia negativa da ocupación agraria é evidente, e sirva como exemplo o feito de que, se se compara o segundo trimestre de 1996 co correspondente ó ano 1997, se comproba que no dito período a ocupación total de Galicia descendeu nun 0,9% —menos do 1%—, mentres que a non agraria creceu nun 5%. A caída da ocupación agraria nun 17% explica esta diferenza.

En resumo, Galicia está a crear máis emprego non agrario cá media española. E a drástica redución do número de ocupados no sector agrario é desgraciadamente necesaria para a súa modernización e para a obtención dun tecido productivo máis equilibrado.

A pesar desta reconversión, sen precedentes en ningunha parte de España, Galicia mantén unha taxa de paro en torno ós tres puntos máis baixa cá media estatal, cunha poboación activa máis alta. Pois ben, a

pesar do bo comportamento global, ó que nos acabamos de referir, aínda non acadámo-los niveis medios en canto á riqueza, e o noso paro segue a ser un problema de primeira orde.

Por todo isto, parece que ante unha nova lexislatura o crecemento e o emprego deben constituí-lo obxectivo básico da acción de goberno. E teño que dicir que, meses antes das actuais polémicas no ámbito nacional e europeo, o Goberno galego xa presentara unha iniciativa, que naquel momento en determinados ambientes sociais preferiron deixar para despois das eleccións. Estas xa remataron —e perdóneme, señorías, pero creo que remataron ben—. Por todo isto, parece que ante unha nova lexislatura, o crecemento e o emprego deben constituí-lo obxectivo básico da acción de goberno. E así será se Deus nos axuda.

Este obxectivo básico non é exclusivo de Galicia, senón que é común a tódolos países da Unión Europea, que, por primeira vez, en Luxemburgo se inclinaron por dar un impulso de arranque a unha verdadeira Europa social. Os acordos do I Cume europeo polo emprego representan a liña de saída dun ambicioso proxecto no que os quince se comprometen:

—A analizar e avaliar periodicamente os obxectivos e realizacións de cada goberno en materia de emprego.

—A mellora-la formación dos parados para facilita-la súa inserción laboral, sobre todo dos mozos e dos desempregados de longa duración, ofrecéndolles algunha alternativa individual de formación, prácticas ou traballo no prazo de seis meses ou un ano. E permítanme dicir que desde a transferencia da formación ocupacional, e agora a inmediata do INEM, algo fixemos por facer disto unha especial prioridade para Galicia.

—A poñer en marcha novos instrumentos de apoio ás PEME no seu importante papel de xeradoras de emprego. O que, ademais, sempre foi unha prioridade do noso Goberno.

—A estudar unha redución da presión fiscal sobre o traballo. Sobre o que creo que é, sinceramente, un dos temas clave no que todos temos que estar de acordo.

É certo que as conclusións voluntaristas hai que traducilas en feitos, e é certo tamén que hai outros aspectos importantes pendentes dun debate en profundidade:

—A necesidade de avanzar no reequilibrio dos investimentos en políticas pasivas e activas, evitando os posibles prexuízos dunha protección social só a base de diñeiro público, fóra da realidade económica.

—A esixencia de recortar sensiblemente a carga fiscal que pesa sobre as empresas e sobre os contratos dos traballadores menos cualificados; no que imos da-la batalla aquí e en Madrid.

—A necesidade de fomenta-lo emprego a tempo parcial, como medida eficaz de reparto do traballo.

Son todos eles aspectos importantes para sucesivos debates.

Pero hoxe hai que felicitarse pola introducción do concepto de "vixilancia multilateral", que foi útil para chegar á integración económica e ó euro, e que funcionará tamén contra o paro. A algúns que dixeron que non nos iamos comprometer, dígolles que si nos imos comprometer. Moito antes ca eles cando falaban de reduci-lo paro; e, por suposto, os resultados están á vista.

Non abonda, con ser moito, con proclama-la importancia do obxectivo da creación de emprego e da decisión de convertelo en eixe estratéxico da acción de goberno, senón que para que iso sexa unha realidade cómpre adoptar aquelas decisións que posibiliten pasar das declaracións de principios ós programas de goberno.

Con esta finalidade, o Goberno de Galicia desexa afrontar este novo mandato cunha estratexia para o crecemento e o emprego ambiciosas e ó mesmo tempo realista —outros foron ambiciosos pero non realistas—, baseada no forte potencial da economía, das empresas e do marabilloso capital humano rexional.

A dita estratexia concretarase nun plan que ten que ser deseñado para que poidan alcanzarse resultados a curto e medio prazo na dobre fronte da produción e do emprego —da produción e do emprego, destaque—, e debe concibirse de forma que faga posible a participación activa, aínda que axeitadamente coordinada, dos diversos axentes socioeconómicos de Galicia comprometidos co desenvolvemento da nosa economía e sociedade e, en particular, coa creación de emprego estable e de calidade.

Neste sentido, dirixinme nestes días ós axentes económicos e sociais de Galicia para solicita-la súa cooperación activa. Todos son necesarios. Algún defenderao coas súas restricións pero quero dicir que o Goberno, que está no medio, irá, en todo caso, polo

seu camiño —sen deixarse influír por un lado ou por outro— para facer disto unha realidade; unha realidade difícil, unha realidade, se se quere, complexa, pero pronto se verá que o que estou dicindo corresponde a unha vontade real, efectiva, pragmática e eficaz do noso Goberno. A nosa acción verase reforzada no seu momento, por suposto, coas medidas do Goberno central e do Goberno europeo.

Os obxectivos básicos que van centra-la elaboración do plan encamiñanse máis ca nunca, se cabe, na creación da riqueza —sen a cal nada se pode facer— e na xeración de emprego, sendo conscientes de que a situación do emprego en Galicia non constitúe un problema desconnectado da base do sistema productivo, senón que é o reflexo das fragilidades estruturais do dito sistema. Pero iso non servirá de desculpa para ningún. A énfase ponse, en consecuencia, en reforza-la base productiva e en tratar de aproveita-lo seu potencial de desenvolvemento; única garantía, a longo prazo, para o crecemento sostido dun emprego estable e de calidade.

No marco destes obxectivos, a estratexia do plan debe consistir en prioriza-las actuacións dirixidas ó tecido productivo galego máis consolidado e con maior capacidade exportadora, como reflexo da súa competitividade, aínda que sen regatear esforzos e recursos para o segmento do tecido productivo, que reclama unha reestruturación e reorganización dos procesos de xestión e produción empresarial. Pero eu, que sempre creo nas estratexias básicas, recordo sempre o principio de que hai que reforza-los puntos fortes antes que os puntos febles.

Con este enfoque, o plan ten que concibirse para xerar resultados no horizonte do medio prazo, pero iso non significa que se descoide o curto prazo, xa que algúns problemas tan relevantes como o do paro requiren accións inmediatas para a súa mellora; pero non utópicas, senón realistas.

Por outra parte, non se pretende dar continuidade a intervencións postas en práctica en anos anteriores, a pesar da súa maior ou menor eficacia, senón afondar nunha necesaria reforma estrutural que sitúe os sectores productivos e tódalas empresas de Galicia nas mellores condicións para afrontar con garantías o importante reto que o comezo do século XXI vai supoñer para a nosa economía.

É evidente que en Galicia floreceu no que era posible nos últimos anos un tecido empresarial moderno e que os coñecidos como sectores de futuro xa fixeron acto de presenza nalgúns casos. Igualmente é evidente que Galicia experimentou un avance notable

no terreo da innovación tecnolóxica e da formación do capital humano, que é o máis importante. Nembargantes temos que recoñecer que aínda nos queda un camiño por percorrer nesta senda da modernización e do achegamento ás economías máis avanzadas do noso contorno. O proceso de transformación estrutural da nosa economía nos últimos anos fainos ser optimistas verbo do futuro, xa que todo parece indicar que a economía galega discorre basicamente pola senda correcta propia do crecemento económico de hoxe.

Con este obxectivo, o plan ten que orientarse, de maneira prioritaria, cara á transformación e aproveitamento do potencial que conteñen os sectores productivos de Galicia, co fin de apoia-lo seu crecemento e modernización como a mellor garantía da xeración do emprego necesario. Esta orientación ten que apoiarse en diagnósticos xa dispoñibles da realidade económica de Galicia, a partir dos cales poidan definirse os eixes estratéxicos do plan, entre os que, sen dúbida, deben atoparse os seguintes:

—Actuacións estratéxicas de carácter sectorial, definidas a partir da análise da situación actual e das perspectivas de desenvolvemento futuro dos diferentes complexos de actividades que configuran a actual base productiva da comunidade, ou sobre os que existen expectativas razoables de desenvolvemento futuro.

—Actuacións de carácter horizontal, referidas basicamente á mellor dotación de factores xenéricos que requiren os diferentes complexos de actividades que integran a base productiva de Galicia e que se asocian ó que, xenericamente, poden denominarse "recursos de coñecemento" e ó desenvolvemento dunha "cultura da innovación".

—Actuacións de ámbito territorial, que traducen os principios anteriores en programas específicos para os distintos tipos de espazos que integran o territorio de Galicia. De aí a importancia do Plan comarcal, que algúns marxinan ou esquecen.

—O plan ten que recoller, igualmente, actuacións específicas para as áreas rural e agraria en forma de programas de desenvolvemento rural integrado e accións en determinados sistemas productivos locais de carácter singular.

En definitiva, o principio básico que ten que inspira-lo plan que este Goberno, se así o aproba este Parlamento, pretende levar a cabo consiste en que a mellora da ocupación en Galicia é o obxectivo prioritario no horizonte do medio prazo, e o seu logro só

será posible se se inscribe dentro do desenvolvemento da base productiva territorial.

No marco desta orientación estratéxica, o plan pode articularse en torno ós seguintes complexos e agrupamentos de actividades de natureza sectorial, cando menos:

—Complexos e agrupacións de carácter aberto e dependentes de factores de carácter inmóbil:

Neste marco estratéxico non parece que poida poñerse en dúbida a importancia que para a economía e o emprego de Galicia presentan os complexos gandeiro, mar-industria e silvicultura-madeira, así como as actividades relacionadas coa pedra natural, a produción de viños —¡que viños!— e o turismo.

En efecto, o elevado peso relativo da gandería na produción e no emprego rexional —que non pode ser un monocultivo— e a súa proxección exportadora (case o 10% da exportación de Galicia cara a España e ó estranxeiro), unido ós efectos de arrastre sobre o sistema productivo, colocan o complexo gandeiro nunha posición central dentro da economía de Galicia. A especial significación deste complexo de actividade aconsella presentar unha liña de actuación específica que aborde un necesario cambio estrutural compatible cos inevitables —e subliño o de "inevitables"— escenarios de revisión establecidos para a política agraria comunitaria (PAC). En esencia, trátase de mellora-la eficacia e eficiencia do medio rural mediante un enfoque territorializado e integrado das accións que se van desenvolver.

Ninguén, por outra parte, pode dubidar da gran importancia en Galicia do complexo mar-industria, integrado pola pesca, o marisqueo e a acuicultura, como soporte da industria de conservas e conxelados de peixe e de parte da construción naval orientada á construción, reparación e mantemento de buques de pesca. O carácter emblemático destas actividades e a posición de primeiro rango de Galicia dentro de España e da Unión Europea aconsellan tamén prestar a este complexo unha especial atención.

Os problemas do complexo mar-industria asócianse, por un lado, á conservación e aproveitamento axeitado do medio e dos recursos naturais, e, por outro, á crecente transnacionalización e relocalización das actividades que o integran. As actuacións estratéxicas deberán axustarse a estes escenarios —repto, inevitables— e fixar uns obxectivos de adaptación aberta ás novas condicións, aínda que reforzando o activo que representa que os centros de decisión teñan unha notable implantación en Galicia.

Sen dúbida ningunha, a elevada calidade dos recursos de coñecemento cos que conta este complexo de actividade en Galicia, xunto ó nivel tecnolóxico da flota e da industria transformadora e conxeladora galegas, constitúen activos poderosos para afianza-lo futuro complexo mar-industria en Galicia.

Polo que se refire ó complexo da silvicultura-madeira, integrado pola silvicultura e a explotación forestal e as actividades da cadea de transformación, desde o serrado ata as outras e importantes industrias da madeira, como o moble, é necesario recoñece-la posición de Galicia na canalización de fluxos de importación de madeira e os seus transformados, o que sitúa o complexo nunha posición de primeira orde dentro de España.

O seu grao de difusión territorial, os seus efectos inducidos ou de arrastre sobre o sistema productivo, o seu peso relativo na exportación e a súa imbricación no complexo gandeiro haberán de servir de guía para as accións que se deban poñer en marcha, nun intento claro por consolida-la posición das industrias transformadoras da madeira —taboleiros, chapas e outros— e na potenciación do moble; e, neste caso, cunha especial atención ó deseño como forma de facer fronte á oferta de países competidores do noso contorno.

Non quero deixar de facer —aínda que sexa moi brevemente—, unha referencia á produción do viño, á pedra natural e ó turismo en tódalas súas variedades, consecuencia, entre outras causas, do dinamismo do seu crecemento, a súa capacidade exportadora, a súa clara identificación coa base de recursos de Galicia, a posibilidade de articular pequenos complexos de actividade sobre eles repartidos polo territorio, a súa incidencia no medio rural, como é o caso do turismo rural, e un longo etcétera.

—Complexos e agrupacións abertos e de localización non restrinxida pola dotación de recursos de carácter inmóbil:

Dentro deste apartado, o Plan recolle como complexos de actividade prioritarios os relativos a vehículos automóbiles e tódolos seus compoñentes e á construción naval.

A importancia estratéxica do sector da automoción baséase no desenvolvemento potencial de industrias auxiliares que fabrican compoñentes, e sitúase no agrupamento das chamadas funcións industriais de apoio. O núcleo do complexo constitúe Citröen Hispania/Vigo, medalla de ouro de Galicia no pasado ano, pero os seus efectos de arrastre sobre o conxunto

da economía de Galicia son aínda débiles, como se desprende da análise input-output de Galicia.

O eixe estratéxico de actuación debe proseguir coa política industrial xa iniciada de potencia-lo *cluster* da automoción, buscando o desenvolvemento tecnolóxico da industria auxiliar integrada, a diversificación das liñas de produto e o aumento da exportación das devanditas actividades, que abarcan outras moitas industrias á parte da mentada.

No caso da construción naval a situación e as perspectivas de futuro difiren sensiblemente entre os segmentos que integran este complexo productivo en Galicia, o que obriga a matiza-los problemas e o futuro potencial do conxunto da dotación naval.

O panorama para os grandes estaleiros segue sendo bastante crítico, ante a presenza de fortes competidores no mercado internacional de grandes buques e plataformas mariñas. Pero xa sabemos que non hai modelo invulnerable, vexan o que pasa co modelo dos famosos dragóns do Pacífico. De tódalas maneiras, resoltos os problemas de Bazán polo programa de construción das fragatas F.100, que van se-las mellores do mundo, seguiremos concentrando os nosos esforzos en asegurar carga de traballo para Astano, e pódolles dicir que moi pronto haberá novas importantes ó respecto.

O panorama é moito máis favorable para o segmento de pequenos e medianos estaleiros, a vulgar pola recuperación da súa actividade nos últimos anos, resultando evidente a necesidade de afirma-la construción de buques de pesca e a súa industria auxiliar, na cal, por certo, a acción da Xunta foi extraordinaria nos últimos anos.

Resulta oportuno neste momento facer referencia ós agrupamentos manufactureiro e téxtil, pola súa importancia e significación no tecido productivo, se ben de diferente natureza.

No ámbito do agrupamento de actividades manufactureiras, outras das devanditas, Galicia empeza a contar cunha base relativamente importante neste tipo de funcións industriais de apoio —*clusters* horizontais— ligadas en boa medida ós complexos productivos de maior peso implantados na rexión.

A importancia estratéxica do sector manufactureiro non obedece unicamente ós seus posibles efectos directos e indirectos sobre a produción e o emprego senón porque, igualmente, a través das súas ramas productivas ten lugar en boa medida a difusión das innovacións e a modernización tecnolóxica. Por outra

banda, e en termos de emprego, as perspectivas deste bloque parecen ser positivas.

Polo que se refire á confección téxtil, este sector revélase unha das ramas industriais máis dinámicas de Galicia nos últimos anos, e teño que dicir que é unha das probas máis evidentes de que Galicia produce os homes e as empresas que necesita neste momento.

A xustificación da súa selección como agrupamento prioritario do plan obedece, entre outras, ás seguintes razóns: á súa capacidade de exportación e de proxección cara ós mercados extensivos; á súa contribución á xeración de emprego, especialmente no medio rural; ós efectos "demostración" que poden xera-lo éxito recoñecido nas revistas máis sofisticadas do mundo, e non só do sector, o éxito de empresas galegas nun sector moi difícil. Antes, dicir que un señor era bobo era dicir que ía exportar café a Brasil ou moda a París. Café non exportamos, pero moda a París si, ¿e de que maneira!, gracias ó desenvolvemento de sistemas singulares de deseño, produción, loxística, puntos finais de venda.

O plan tamén recollerá actuacións nos plans territoriais e das infraestruturas, que se concretan en lo-grar, no primeiro caso, a adecuada articulación do territorio galego en torno ós núcleos poboacionais máis relevantes, sen menoscabo da necesidade de diversificación funcional do territorio. Algúns critican que levémo-los parques territoriais por todo o territorio, pronto se verá quén se equivoca. E no segundo, en consolida-lo labor desenvolvido pola Administración nos últimos anos na dotación de infraestruturas adecuadas, tan necesarias para a economía e a sociedade galegas.

Como xa apuntabamos, as estratexias esbozadas para cada un dos complexos e agrupamentos de actividades, e igualmente para o resto de accións —horizontais, territoriais, infraestruturas—, son recollidas no plan no horizonte temporal do medio prazo. Nembargantes, é evidente que persisten, ¿quen o vai negar!, algúns problemas que teñen unha corrección ou solución que non pode estar condicionada ó desenvolvemento completo do dito programa. Dun lado, precísanse resultados a curto prazo, polo que o plan debe recoller medidas de choque cara a incrementa-la ocupación. Doutro, precísase mante-la atención ós colectivos con máis dificultades de inserción laboral, que non poden quedar exclusivamente atendidos pola estratexia de crecemento económico.

É, pois, necesario reforza-las medidas de políticas activas de emprego, complementarias tanto da política económica como da política social do Goberno e

dirixidas ós colectivos con especiais dificultades de acceso ó emprego. Este é o caso dos mozos, en xeral, e en especial dos que, en razón dos seus coñecementos e formación, representan un claro potencial para as empresas e a economía de Galicia. Aínda falta a adaptación da oferta á demanda. Escoitaba eu hai uns días, falando do sector téxtil, que neste momento o seu crecemento necesita unha escola especial, como a superiorísima de turismo que temos hoxe. Farase onde queira que sexa posible crear posibilidades novas de emprego. O emprego xuvenil continuará a ser un dos obxectivos prioritarios do Goberno galego nesta materia. É imposible nega-los primeiros resultados do Plan de emprego xuvenil desenvolvido na pasada lexislatura, que contribuíu a que un de cada catro empregos creados en España nos últimos catro anos, en sectores non primarios, de menores de 25 anos, fose galego.

A pesar de que o desemprego xuvenil é hoxe tres puntos máis baixo que na media estatal, cómpre redobrar-los esforzos para reduci-lo, axustando e potenciando os programas do Plan de emprego xuvenil nesta nova lexislatura.

Especial atención merecen igualmente os activos encadrados do colectivo de maiores de 40 anos, que, tras saíren do mercado de traballo, encontran inevitablemente dificultades para a súa reinserción; e, en xeral, os parados que levan máis dun ano nesa situación. Outro tanto sucede co colectivo das mulleres, que aínda se enfronta a notables dificultades para a súa inserción no mercado laboral de Galicia, como noutras partes, e a pesar dos avances realizados neste terreo nos últimos anos. Finalmente, o colectivo de discapacitados require unha atención prioritaria.

Neste plan de choque en favor do emprego non debe faltar unha referencia ó medio rural, onde a transformación estrutural da agricultura vai supoñer-la redución dos efectivos de emprego. Para que esta caída resulte amortecida nos seus efectos sociais, o plan debe recoller unha serie de accións estratéxicas, entre as que cabe subliñar-las relativas á formación, á xeración dunha oferta complementaria en ámbitos como o de turismo rural, a artesanía e a agroalimentación, entre outros.

Especial importancia para o desenvolvemento do plan ten o sector financeiro de Galicia, caixas de aforro, bancos e cooperativas de crédito. Teño que dicir que nego terminantemente ningún desexo de influencia política en ningún destes ámbitos, pero a Xunta de Galicia ten a obriga de influír, de aconsellar cál é o mellor camiño para todos. Que ninguén se engane, porque se dixesemos influencia política, estou seguro

de que o que propuxesemos tería o apoio deste Parlamento. Este sector ten un compromiso coa economía e a sociedade galega e, certamente, non é indiferente, e aí está esa creación orixinal do INESGA, que todos están a copiar hoxe en España para corrobóralo, aínda que neste momento me permita reclamarlles un esforzo adicional, especialmente no terreo do financiamento das pequenas e medianas empresas, así como para proxectos de carácter estratéxico ou de capital desenvolvemento.

Trátase, desde o noso punto de vista, de obter un amplo consenso social para trasladalo ó terreo económico, tentando ir máis aló do simple crecemento productivo, pero sen esquecer que este é, como corresponde nunha economía de mercado aberta e globalizada —e non hai outra, non se engane ninguén neste momento, aínda que algúns seguen soñando coa Revolución do ano 1848—, unha condición necesaria para ter éxito neste empeño. O pacto implica, polo tanto:

1.- Mante-la estabilidade macroeconómica e o saneamento das finanzas públicas.

2.- Incrementa-lo investimento público de carácter productivo, facéndoo dun xeito selectivo a prol daqueles sectores con máis futuro e máis incentivos e man de obra.

3.- Acrecenta-las políticas activas de emprego, especialmente dirixidas ós colectivos con máis dificultades no acceso ó emprego: mozos, mulleres, parados de longa duración, en especial os maiores de 40 anos, e discapacitados.

4.- Potencia-la cualificación dos recursos humanos, con especial atención á formación profesional; no que xa se teñen dado pasos importantes, pero daremos máis.

5.- Mellora-lo funcionamento do mercado de traballo galego coa posta en marcha dun servicio público de emprego eficaz na intermediación entre ofertas e demandas de emprego.

6.- Fomenta-la creación de empresas novas, especialmente por mozos emprendedores, potenciando a economía social. Lei de cooperativas á vista.

7.- Garanti-la paz social, para mante-lo marco favorable ó investimento privado.

8.- Involucra-las entidades financeiras con especial responsabilidade e compromiso no desenvolvemento rexional, como as caixas de aforro galegas.

9.- Apostar decididamente polo investimento na investigación e novas tecnoloxías; e unha das reformas importantes será levar unha Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento a Presidencia, porque me quero responsabilizar especialmente disto, como fixen con outros temas, como único xeito de conseguí-la calidade e a competitividade.

10.- Mante-la liña de internacionalización da nosa economía, co pulo do comercio exterior e a penetración nos mercados con maior potencial de futuro. Chamo aquí a atención sobre a aposta estratéxica que para Galicia representa o Mercosur iberoamericano; espero estar de novo presente no próximo mes de marzo.

Expostas as principais liñas de acción estratéxica que recolle o Plan para o crecemento do emprego, é vontade do Goberno que queremos formar, se así o decide o Parlamento, en coherencia coa nova orientación da política económica rexional e co noso compromiso coa sociedade galega, que todos e cada un dos axentes económicos, sociais e institucionais interesados polo crecemento económico e polo emprego na nosa terra tomen parte activa no desenvolvemento deste plan, para o que será sometido á súa consideración e discusión, como xa está anunciado, co fin de que suxiran as aportacións que consideren pertinentes en relación co contido das orientacións deste.

Fago, por conseguinte, con plena responsabilidade, con plena convicción, se se quere con total humildade, un solemne chamamento á concertación social, no convencemento de que a unión de iniciativas e de esforzos pode redundar na necesaria mellora económica e social de Galicia, obxectivo no que, sen ningunha dúbida, coincidimos tódolos galegos.

GALICIA MIRANDO CARA A EUROPA E CARA Ó MUNDO

Nun contexto de crecente internacionalización da economía e das decisións políticas —repito, inevitable e irreversible—, un dos seus expoñentes básicos é a creación de grandes espazos económicos. Galicia opta de maneira decidida por defende-los intereses da nosa Comunidade Autónoma, participando —non só rexeitando, como queren algúns— activamente neste proceso global.

A Unión Europea constitúe un referente natural da nosa actuación. Os seus eixes fundamentais poden concretarse:

—Na participación directa nos órganos onde se deciden as políticas que nos afectan.

—Na necesidade de influír nos procesos normativos comunitarios no que atinxe ás nosas competencias.

—Na capacidade de mobilizar recursos e involucrar outras rexións europeas na procura dunha estratexia común de desenvolvemento.

Neste sentido, a Xunta de Galicia pode expoñer xa, como resultado das súas xestións, en parte explicitadas, sobre a aplicación extensiva do principio de subsidiariedade:

1.- A reforma do Comité das Rexións, na liña que defendemos de separalo funcionalmente do Comité Económico e Social e de amplia-lo ámbito da consulta obrigatoria a tódalas propostas normativas comunitarias de transcendencia rexional, o cal aparece así recollido no Tratado de Amsterdam. Queremos que o Comité das Rexións gañe en peso político para que paulatinamente vaia ocupando o lugar que lle corresponde, e que terá que aumentar, no tecido institucional comunitario, en tanto que expresión da vontade das prioridades naturais de Europa, que son as súas rexións.

2.- A participación de Galicia na formación da vontade do Estado español, e polo tanto no proceso de toma de decisións comunitarias, que ha de ter un novo impulso coa inminente integración dos nosos representantes nos comités da Comisión Europea. Teño que dicir que o esforzo xa feito nesta chamada *comitología* xa tivo importantes resultados para Galicia. Nesta liña, asumiremo-la responsabilidade de protagoniza-lo interese das comunidades autónomas en comités tan importantes para o noso desenvolvemento económico como son o de Estructuras Agrarias e Desenvolvemento Rural ou o permanente de Política Forestal, entre outros.

3.- A defensa xurisdiccional directa das nosas competencias e intereses ante o propio Tribunal de Xustiza de Luxemburgo, que será obxecto dun acordo que a Conferencia para Asuntos Relacionados coa Comunidade Europea haberá de adoptar en breve, facilitaráno-los instrumentos necesarios para amparar directamente as nosas lexítimas aspiracións, incluso fronte outras organizacións supranacionais ou terceiros estados.

Establecidas, pois, as bases para que Galicia sexa actora e non só simple espectadora das decisións comunitarias que lle afectan, confiamos en completar este deseño mediante a nosa participación —o paso que nos queda— no ámbito do Consello de Ministros da Comunidade Europea co mesmo rango que xa o

fan ou o farán rexións tan significativas como Baviera ou Escocia.

En tanto que firmes defensores do proceso de integración europea —o cal non supón aprobar tódalas decisións que eles toman, pero hai que ve-la alternativa que é estar fóra— tamén o somos do cumprimento estricto do obxectivo de cohesión económica e social, que ese si que afecta a Galicia. Posto que xa existe unha posición firme da Comisión Europea en canto ó mantemento de Galicia como rexión especialmente beneficiaria, obxectivo número 1 de política rexional, temos que insistir na necesidade de introduci-la dimensión territorial entre os criterios que articularán esta política no futuro. Para alcanzar esta meta debemos seguir traballando en cooperación con outras rexións europeas, ben desde unha perspectiva multilateral —Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas ou Comisión Arco Atlántico, de ámbalas dúas son vicepresidente—, ben desde unha vertente bilateral.

Aquí merece mención especial a nosa relación co veciño e irmán Portugal. Nos próximos anos fomentárase a cooperación co país irmán, perserverando na consolidación dunha eurorrexión coa Rexión Norte que contribúa á promoción da cohesión territorial e da ordenación do territorio, á definición dun modelo de desenvolvemento territorial atlántico, ó mantemento da vitalidade nas zonas rurais e agrícolas e á implicación crecente dos axentes socioeconómicos de ámbolos lados.

Quedaría incompleta a incardinación de Galicia no proceso de internacionalización económica imparabile sen unha referencia a outras actuacións no ámbito da nosa acción exterior, que pasará a ser un elemento estratéxico para o noso propio desenvolvemento económico. Polo seu propio peso específico, a área iberoamericana, e en concreto Mercosur, que quere dicir Arxentina, Brasil, Uruguai e Paraguai, recibirá e está a recibir xa, estámolo a conseguir noutras instancias europeas, unha atención primordial. Debemos aproveitar os nexos culturais, afectivos e familiares que nos proporcionan unha vantaxe comparativa en relación con outras rexións europeas por se tratar dunha zona económica emerxente e puxante. Todo isto debe traducirse nunha mellora da cooperación empresarial, incremento do volume de negocios das nosas empresas e, en suma, a internacionalización intelixente da empresa galega. A Xunta de Galicia ten xa en marcha iniciativas que asentarán o marco institucional para unha cooperación desta natureza e pronto se asinarán os acordos correspondentes.

Así pois, as actuacións políticas en materia de acción exterior deberán caracterizarse pola súa coheren-

cia e coordinación ó servizo de obxectivos precisos, que se decidirán no Programa cuadrienal de acción exterior. Coa mesma finalidade de coordinación, a recén creada Comisión de Acción Exterior, servida pola Secretaría Xeral de Acción Europea Internacional, orientará os distintos órganos da Xunta no exercicio das súas actividades exteriores, para gañar en complementaridades e sinerxias.

E remato xa.

Señor presidente, señoras e señores deputados, de-mandarlle ó Parlamento de Galicia a súa confianza para unha terceira lexislatura é, como dicía ó comezo, unha gran responsabilidade. Agradézolle de novo a Deus, ó Apóstolo Santiago e ó pobo galego o ofrecermos esta oportunidade, sobre todo esta responsabilidade. Comprométome a traballar e a loitar polos ideais e polos obxectivos mencionados neste discurso ata o límite das miñas forzas, coa alma e coa vida. Galicia merece iso e moito máis. Ante este Parlamento que lexitimamente a representa, reitero, se así o aproba, o meu compromiso sen límites con todos e cada un das galegas e dos galegos, do campo e da cidade, do mar e da montaña, das catro provincias e do ultramar, de calquera idade, condición ou lexitimas ideas propias, de traballar por eles e, no que está nas mans dun Goberno e da Administración, polo que entendemos que é o seu ben común, libre de calquera vencello ou compromiso de interese ou ideoloxía, ó servizo de todos e para todo. Así Deus queira axudarme a cumprilo.

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Fraga Iribarne.

Tralo tempo de interrupción fixado polo artigo 136.3º do Regulamento, a sesión reiniciárase o día 3, mércores, ás 12 horas. Mentres tanto, suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión ás doce da mañá.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf: (981) 56 16 00.

Impresión: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 4

V lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 3 de decembro de 1997

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA

Punto único (Continuación): Proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia; presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía.

SUMARIO

Reiníciase a sesión ás doce da mañá.

Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia; presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía. (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

O señor presidente dá as normas para o debate e, de conformidade co artigo 136.5 do Reglamento, anuncia a hora da votación do candidato a presidente da Xunta de Galicia, que será, aproximadamente, ás sete da tarde. (Páx.)

Intervención do G.P. Mixto: Sr. *Guerreiro Carreiras (Mx)*. (Páx. 43)

Intervención do G. P. dos Socialistas de Galicia: Sr. *Pérez Touriño (S)*. (Páx. 49)

Intervención do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: Sr. *Beiras Torrado (BNG)*. (Páx. 55)

Intervención do G.P. Popular de Galicia: Sr. *Pita Varela (P)*. (Páx. 62)

Suspéndese a sesión ás dúas e cinco minutos da tarde e reiníciase ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

Resposta do candidato a presidente da Xunta de Galicia: Sr. *Fraga Iribarne*. (Páx. 66)

Réplica do G.P. Mixto (Mx): Sr. *Guerreiro Carreiras (Mx)*. (Páx. 79)

Dúplica do candidato a presidente da Xunta de Galicia: Sr. *Fraga Iribarne*. (Páx. 82)

Réplica do G.P. dos Socialistas de Galicia: Sr. *Pérez Touriño (S)*. (Páx. 83)

Dúplica do candidato a presidente da Xunta de Galicia: Sr. *Fraga Iribarne*. (Páx. 86)

Réplica do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: Sr. *Beiras Torrado (BNG)*. (Páx. 87)

Dúplica do candidato a presidente da Xunta de Galicia: Sr. *Fraga Iribarne*. (Páx. 89)

O Señor presidente anúncialle á Cámara que se vai efectua-lo sorteo do deputado polo cal vai empeza-la votación. Así mesmo, informa que se van introducir no bombo sesenta bólas, que conteñen os números que corresponden ás deputadas e deputados por orde alfabética, agás as que corresponden ós dez membros do Goberno en funcións e ós cinco membros da Mesa, que votan en último lugar. (Páx.)

O señor secretario saca ó chou o nome polo cal vai empeza-la votación, que lle corresponde ó número 29, señora García Campelo. (Páx. 91)

Suspéndese a sesión ás seis e corenta minutos da tarde e reiníciase ás sete da tarde.

O Sr. presidente anúncialle ó Pleno que a votación será na modalidade de pública por chamamento e que o candidato require a maioría absoluta para a súa elección. (Páx. 91)

(O señor secretario le os nomes das deputadas e deputados que se van pronunciando a favor ou en contra do candidato.) (Páx. 91)

Votación: Queda elixido presidente da Xunta de Galicia o Sr. Fraga Iribarne por 42 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 92)

O Sr. presidente anuncia que queda proclamado presidente da Xunta de Galicia D. Manuel Fraga Iribarne, e que, de conformidade co artigo 18 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, dará conta á súa maxestade El-Rei desta elección. (Páx. 92)

Levántase a sesión ás sete e cinco minutos da tarde.

Reiníciase a sesión ás doce da mañá.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado de tódolos membros da Mesa, que é asistida polo oficial maior e polo letrado señor Sarmiento Méndez.

Ocupa o banco do Goberno o señor presidente en funcións da Xunta de Galicia, acompañado de tódolos conselleiros en funcións.

O señor PRESIDENTE: Señorías e señores deputados, iníciase a sesión coa intervención dos representantes dos grupos parlamentarios, que logo do acordo da Mesa e Xunta de Portavoces poderán facer uso da palabra por un tempo de trinta minutos.

Tralo debate, sen prexuízo de que as incidencias poidan modifica-la hora da votación, prevese que a votación se poida realizar ás 19 horas, é dicir, ás sete desta tarde.

Intervén en primeiro lugar o portavoz do Grupo Mixto, o señor Guerreiro Carreiras.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor presidente, señorías, señor candidato, subimos hoxe a esta tribuna —subo eu en representación de Esquerda Unida-Esquerda Galega— co fin de, malia a maioría absoluta que vai votar a favor do candidato á Presidencia —o que, polo tanto, resta incerteza a esta sesión—, intentar coadjuvar coas outras forzas da oposición a que esta sesión non se transforme nun simple acto ritual, e que o Parlamento hoxe e no futuro non acabe sendo un elemento ornamental ó que as súas señorías e o señor candidato nas pasadas legislaturas o quixeron reducir.

Pola contra, facemos hoxe esta intervención para demostrarlle ó Parlamento e, a través del, á sociedade galega que hai outras alternativas diferentes, outras políticas posibles, necesarias e viables para así substanciar un debate a través deste Parlamento e para que esta institución acabe sendo a institución central da nosa democracia, como pretendemos.

Señorías, dise ás veces con razón que a oposición lle nega sempre o pan e o sal ó Goberno, que nunca vemos que fagan nada ben, que somos mesmo catastrofistas conscientes co fin de deteriorar gratuitamente o Executivo do momento. Iso é negativo, recoñece-

mos que iso non debe de seguir, non debe de producirse; pero tan malo coma iso é que un Goberno que leva oito anos nos pinte un paraíso inexistente, e peor ca iso é que chegue a crer que ese paraíso existe. E iso foi o que fixo o señor candidato antonte nesta Cámara.

Nós temos, sen catastrofismo ningún, outro tipo de concepción de Galicia, temos outra visión do noso país, da súa situación e das súas solucións.

Señor candidato, Galicia rexistra hoxe un longo período, a través dos últimos anos, de regresión económica, que se substancia e que se ve claramente a través do aumento do número de parados, da diminución dos empregados e da caída da taxa de actividade. Estamos mesmo —cousa que vostede non recoñece— ante unha crise global do modelo de crecemento económico do noso país. Está en crise todo o modelo económico de crecemento dos últimos anos, e están afectados por el tódolos sectores productivos do noso país, os que deron vida ó noso modelo social e ó noso modelo de crecemento. Non é, pois, unha crise que atinxa e que abarque só a sectores ou a comarcas determinadas, é unha crise que abarca a tódalas nosas forzas productivas e que impacta no conxunto do territorio. É, pois, unha crise estrutural; ou se o quere dicir vostede en termos políticos, estamos ante unha crise nacional.

Estamos ante unha situación de perda de riqueza relativa de Galicia con respecto ó Estado, señor candidato. No ano 1987 contribuíamos co 5,91% ó PIB estatal, e no ano 1995, só co 5,75%. E iso chámase "perda de riqueza relativa do noso país no conxunto estatal".

E sobre o emprego, vostede deu unhas cifras realmente estrañas. É verdade que as estatísticas poden lerse de moitas maneiras, como sabe o señor Fraga. Di que temos unha taxa de paro do 19,1% fronte ó 21,8% do Estado español, e é verdade. Sempre foi a taxa de paro de Galicia menor cá media estatal, por mor da nosa poboación agraria. Pero o que non di o señor candidato —que é o que reflectiría de verdade a situación de paro e a súa evolución tendencial— é que no ano 1991 nós tiñámo-lo 12,6% e a media estatal o 17%. Mentres nós aumentamos nun 50% o número de parados, a taxa de paro estatal non chegou ó

23%. Esa é a tendencia que se está producindo, pero con algo moito peor, cun valor engadido moito peor: que mentres en España aumenta o paro debido fundamentalmente ás novas xeracións que entran no mercado de traballo, aquí aumenta o paro pola destrución do emprego; cousa que se produce en 130.000 empregos durante o seu mandato, señor presidente, dato que debeu de explicárselle á Cámara. Mentres tanto, na economía española nese mesmo período créanse +176.000 empregos. Estamos, polo tanto, no número de parados máis alto da nosa historia —200.000 parados— e no número máis baixo de ocupados da historia económica do país, con 900.000 ocupados; a cifra, insisto, máis baixa da nosa historia. Cando vostede chegou por primeira vez á Xunta de Galicia, había 1.050.000 ocupados.

Temos menor calidade nos servizos respecto da media española. Seguimos tendo un importante déficit infraestructural respecto da media en autoestradas, en ferrocarril, etc. Este diagnóstico paréceme a min que non é catastrofista, que é bastante máis axeitado á realidade que o que vostede pintou antonte nesta Cámara, nesta tribuna.

Naturalmente, esta situación non cae do ceo, señor Fraga, non é un produto divino, é un produto da acción do seu Goberno. Un Goberno que careceu de proxecto económico, que non tivo plan económico capaz de coordina-los investimentos das diferentes administracións e de darlles sentido ós presupostos nun proxecto plurianual que desenvólvese o país. Renunciou vostede a utiliza-las institucións de política económica —particularmente o sector público—, as institucións capaces de sacarnos desta situación de crise. Baste dicir que no ano 1990 tiñamos un investimento público do 25% do PIB, en 1993 do 18% e o ano pasado só do 11%. Polo tanto, a crise non cae do ceo.

O seu Goberno permitiu conscientemente o atraso das autoestradas, por moito que vostede presente isto como un gran logro. Quero recordarlle, señor Fraga, que vostede e o entón ministro de Transportes, señor Cosculluela, asinaron un acordo co cal fan remata-las estradas no ano 1995, e seguramente non verán ese remate ata o próximo século.

A defensa do ferrocarril, que agora entusiasticamente propón, só mereceu a súa atención retórica en declaracións propagandísticas e electoralistas; pero o certo é que o seu grupo, tanto aquí como no Congreso dos Deputados, votou reiteradamente contra as emendas que desde a oposición presentamos no Congreso precisamente para dotar de partidas presupostarias a modernización do noso ferrocarril.

Mantense un importante desfasamento de recursos sanitarios respecto da media, tanto en recursos humanos como materiais. Ten vostede unha política decididamente anti-LOXSE, por moito que agora fale dela, cunha aposta decidida polo ensino privado en detrimento da calidade do ensino público. Teno sometido a un baixo e insatisfactorio financiamento que amosa ameaza-la eficiencia do noso sistema universitario. E ten, finalmente, paralizado o noso autogoberno coa correspondente perda de peso político de Galicia no Estado español.

En definitiva, señor Fraga, nos temas centrais, nos temas fundamentais que configuran un proxecto político, vostede e o seu Goberno cerran este período de oito anos cun rotundo fracaso histórico.

Polo que atinxe a outra dimensión da acción do Goberno, señor Fraga, tal é a defensa dos nosos intereses nos foros supragalegos, a súa actitude foi sempre de claudicación. É verdade que non dixo "amén"; dixo normalmente "amén, si señor". Fixo mesmo abdicación da súa responsabilidade. E eu quero dicirlle, señor candidato, que vostede como presidente do Partido Popular de Galicia pode facer da súa capa un saio; como presidente de Galicia non ten dereito político nin moral a supeditarse ós intereses alleos ó noso país, non ten nin dereito político nin ten dereito moral. Así ocorreu na privatización das nosas empresas públicas, no financiamento autonómico, nos presupostos xerais do Estado —lesivos para Galicia—, no ferrocarril ou no financiamento da sanidade.

Vostede está a converter Galicia, señor candidato, no "Manchukuo" de Aznar. E quero dicirlle que non entendo moi ben cómo un político da súa talla —político reaccionario, pero político de talla— é capaz de supeditarse tan mecanicamente a un funcionario que inexplicamente ocupa hoxe a Presidencia do Goberno español —que, por certo, canto máis o es-

coito e máis o vexo, máis me recorda *O 18 brumario de Luis Bonaparte*—. Isto é evidente que é o que ocorreu, pero o futuro non é mellor, polo anunciado antonte nesta Cámara, señor Fraga. Vostedes fixeron e pintaron un paraíso, e a continuación describíennos un proxecto político inexistente, carecen de horizontes, de proxecto, de ideas, mesmo carecen de enerxía, señor Fraga, e de entusiasmo. De enerxía, non; enerxía, se somos rigorosos, ten vostede a mesma que hai vinte anos. É verdade, porque a enerxía nin se crea nin se destrúe senón que se transforma. Tamén se degrada, naturalmente; e vostede ten a mesma enerxía que hai vinte anos aínda que afectada por un alto nivel de entropía, señor Fraga.

Non ten, polo tanto, horizontes. Parece que nos dixeran, co verso dantesco, literalmente dantesco: "Perdan vostedes toda esperanza". E se a iso engadimos que esta lexislatura, ademais da carencia de ideas, de proxectos e de propostas, vai estar afectada por unha inestabilidade permanente do seu grupo por mor da sucesión —esperemos que non engrose o Grupo Mixto— (*Risos.*) teremos seguramente unha auténtica lexislatura perdida nun momento crítico para o noso país. Por iso, insisto, vostedes mandan —si, non rían— unha auténtica mensaxe dantesca, literalmente dantesca como o inferno de Dante: "Perdan vostedes toda esperanza", os que estamos aquí e, sobre todo, os galegos e as galegas que están fóra.

Chegado este momento, señor Fraga, despois de face-lo diagnóstico —verdade que breve, esquemático e, polo tanto, seguramente que reduccionista da situación galega e da acción do seu Goberno— podería rematar, porque a un grupo que ten dous deputados seguramente a sociedade galega non lle esixiría moito máis. Dirá: "Vostedes denuncian a situación, fan o control do Goberno e denuncian unha política equivocada". ¿Quen nos ía pedir máis? Chegado este momento, podería rematar e seguir incluso o exemplo dese gran home que en vostede produce un rechazo total e en min unha simpatía infinita, refírome a Carlos Marx, cando despois de facer unha durísima *Crítica ó programa de Gotha* rematou con aquela famosa frase: *Dixi et salvavi anima mea*. Pero cursiva non caín nesa tentación por dúas razóns: primeiro, porque é obrigado que as forzas da oposición nesta ocasión presentemos alternativas viables, posibles e tanxibles, e, ademais, para desfacer unha idea que a

vostede lle gusta moito, que o outro día repetiu reiteradamente no seu discurso e que considero moi perigosa para a democracia. Esa idea vén sintetizarse —se non, corríxama vostede— en "isto é o que hai, non se pode facer outra cousa por mor das leis inmutables e sacrosantas do mercado no contexto da economía globalizada". Isto é o que hai e non se pode facer nada máis.

Se iso fose certo, señor Fraga, ¿que pintamos nós nesta Cámara? ¿Que estamos facendo? ¿Un acto grotesto, enganando a opinión pública? Porque se non podemos facer nada, se é imposible subtraerse minimamente ás leis inexorables do mercado e á economía globalizada, isto converteríase nun acto grotesto, e eu creo que non o é e non o debe de ser no futuro.

Aínda máis, se iso fose certo, se non houbese marxe, ¿para que quereríámola democracia? Porque a democracia, como vostede sabe, baséase en dous conceptos fundamentais: nun consenso básico sobre as normas de convivencia; e tamén na posibilidade e na marxe de presentar alternativas razoables diferentes. Se non é posible, ¿para que querémo-la democracia? ¿Para que querémo-las eleccións, señor Fraga? ¿Non sería moito mellor, ou a opinión pública acabaría entendendo que sería moito mellor, facer en vez de eleccións unhas oposicións para que os tecnócratas máis elocuentes puidesen dirixi-la única política e o único proxecto político posible?

Pero vostede sabe que iso non é certo. É verdade que non hai marxe infinita, é certo que non hai marxe ilimitada, seino ben, pero hai unha autonomía moi seria para a acción política, é dicir, para a autodeterminación dos homes e das mulleres a través da política. ¿Vostede cre que sería posible entender, se seguirémo-los seus exemplos ou a súa liña argumental, o proceso de unidade alemana, sinxelamente polas normas de ortodoxia económica imperante? Non. É un acto político, é un acto de afirmación da autonomía da política, é un triunfo da política sobre o inexorable horizonte que vostede, e outros coma vostede, lles queren marcar ós pobos deste planeta e deste continente.

Polo tanto, é verdade que non hai marxés eternas, infinitas, pero hai marxe para a acción política; e iso é o que nos leva a nós a non acabar co *dixi et salvavi*

anima mea, senón a presenta-las alternativas que cremos que son positivas para o noso país.

En primeiro lugar, voume referir ós temas económicos e de emprego. Señor Fraga, nós cremos que é posible e necesario —e traerémolo a esta Cámara fronte á ausencia das súas propostas— un programa económico que teña como centro de toda a súa actividade, da súa visión, a creación de emprego. Pero non só un plan sectorial de emprego, senón un plan económico xeral, cos ollos postos na creación de emprego, para que poidamos medrar —porque para crear emprego é necesario medrar máis cá media española— en torno ó 4% aproximadamente, cunha política expansiva fronte á política de axuste que vostede vén presentando. Non é posible, non é de ningunha maneira posible, seguir cunha política de recorte do gasto e de axuste económico e pretender crear emprego. Polo tanto, tería que dedicarse —e nós propoñerémolo— ó investimento público en torno ó 5% do PIB en infraestruturas físicas e sociais.

O desenvolvemento sectorial da nosa economía. ¿Hai ou non hai posibilidade de facer outra política, señor Fraga? ¿Quen lle di a vostede qué marxe de manobra inexistente pode vostede esgrimir, qué directiva comunitaria pode presentar nesta tribuna para, por exemplo, impedir que as empresas públicas, que quere privatiza-lo Goberno do funcionario Aznar, non desenvolvan os seus ciclos productivos en Galicia, que sería non só de xustiza social senón de racionalidade económica? Empresas públicas que son un gran patrimonio colectivo, que se acumularon con grandes custos enerxéticos e medioambientais e que vostedes queren privatizar, coa vella máxima, naturalmente, de privatiza-las ganancias e os beneficios e socializa-lo lixo; esa é a súa política.

Pero ¿quen lle impide que Endesa reinvesta en Galicia unha parte das súas enormes ganancias con base en consumir irreversiblemente os nosos recursos naturais? ¿Que directiva comunitaria lle impide iso? ¿Que lle impide que se faga un gran grupo lácteo ou un gran grupo cárnico entre capital público e privado solvente, como se fixo na Bretaña francesa para sacala do seu atraso económico? ¿Que directiva comunitaria lle impide iso, señor Fraga? Impídeo a submisión do seu Goberno ós grandes intereses multinacionais que queren destruí-lo noso tecido productivo e

facerse cargo por enteiro do noso mercado. Iso é o que o impide, pero non o impide ningunha marxe de manobra, ningunha directiva comunitaria nin ningunha falta de marxe na política internacional. ¿Que lle impide que sectores como celulosas, que tivo que pagar-la ría de Pontevedra durante tantos anos ese lixo, agora con técnicas solventes para a súa produción medioambiental, poidan producir ciclos productivos que crean o valor engadido e o emprego, como ocorre en Alúmina-Aluminio, ou como debería ocorrer en Alúmina-Aluminio, etc.?

¿Hai, pois, outra política posible ou non hai outra política posible? ¿É necesaria, ademais de ser posible, esa política para o desenvolvemento industrial económico e social do noso país e para a xeración do emprego, si ou non? Hai outra política. O que falta é vontade, o que falta é proxecto político, decisión política e autoridade política.

¿É posible e necesario —cousa que vostede omite, non sei por qué, seguramente tamén por prexuízos ideolóxicos que normalmente se opoñen ó pensamento e á racionalidade— reparti-lo traballo ou non é posible reparti-lo traballo existente en Galicia? Sen o cal, e pode vostede dicírmolas lérias que queira, señor Fraga, non hai creación de emprego, como demostran tódalas cifras da nosa historia económica. É necesario, pois, o reparto do emprego. Non me diga que non ten competencias para facelo. ¡Claro que ten competencias para impulsar unha política de reparto do emprego! Se non, podémoslle pasa-lo Decreto do 1 de outubro, do ano 1996, do Goberno vasco, de medidas de incentivo e de reparto do tempo do traballo e da contratación indefinida. Polo tanto, hai outros gobernos autónomos que o están facendo, con notable éxito e con notables avances no tema da creación de emprego, a través, ademais do demais, do reparto da xornada de traballo.

E, finalmente, fálese das infraestruturas. Vostede sabe moi ben que somos unha comunidade obxectivo número 1 da Unión Europea. Non é posible abarcar, de verdade, o noso déficit infraestructural se non se negocian seriamente co Estado os investimentos para estes efectos a catro anos. Un investimento que debería de ter en conta a nosa débeda histórica, o noso abandono secular, durante os próximos catro anos, e que aproximadamente o 10% dos investimentos do

Estado se produza en Galicia, tanto para rematar, por fin, as autoestradas como para poñer en marcha, de verdade, un ferrocarril moderno ou para uni-las cidades galegas por vías de comunicación rápidas, Santiago-Ourense ou Lugo-Ourense entre outras. Sen esa negociación dos investimentos do Estado en Galicia durante os próximos catro anos —se vostede ten autoridade para facelo— tampouco será posible o despegue económico no aspecto das infraestructuras das que seguimos a ter, insisto, un importante déficit.

O segundo gran apartado é o do galeguismo, a plurinacionalidade e o estado federal. Señor Fraga, é unha das cousas máis negativas do seu discurso. ¿Por que vostede sempre ten esa tese ou lanza explícita ou subliminalmente algo que é moi negativo para o noso país? E é que calquera avance do noso autogoberno, do noso poder político, asimílaos vostede inmediatamente, establece un nexa inexistente, coa disgregación do Estado ou da unidade nacional. Palabras súas. ¿Por que iso vai ser así?

Aquí todo o mundo sabe —supoño que todo o mundo o sabe— que Alemaña é un estado federal. O que non sabe todo o mundo —estou seguro de que non o sabe todo o mundo, pero o señor Fraga si, porque é un profesional da materia— é que o Estado federal alemán sufriu ou experimentou dúas reformas constitucionais nos anos noventa, particularmente no ano 1994, e na reforma do ano 1994 concédeselle ó Bundesrat, ou Cámara alta alemana, a capacidade de incidir sobre tódalas leis federais que lle afectan, que son o 60% da produción da Cámara baixa alemana, e ten mesmo, como vostede sabe, señor Fraga, dereito de veto sobre aqueles elementos da política federal respecto da negociación coa Unión Europea. ¿Imaxina vostede o que sería para Galicia poder ter dereito de veto sobre a política española cando negocia a pesca ou a cota láctea? ¿Sabe o que significaría que vostede, ou o seu Goberno, se tivese vontade política, puidese vetar esas negociacións, obrigando ó Goberno español a usar tódolos seus resortes, que ten moitos, xurídicos e políticos, na Unión Europea, en beneficio do noso país? ¿Vostede cre que iso disgrega o país? ¿Vostede cre que Alemaña está en perigo de disgregación? ¿Vostede cre que Alemaña está perdendo o seu liderato político-económico en Europa? ¿Preocúpalle a vostede isto? Máis ben deberíamos de temer que o siga mantendo no nivel no que o ten nes-

te momento. Pero a República alemana non corre ningún perigo de disgregación nin de perda de ningún liderato.

Pero vostede, ¿cantas veces lles ensinaría ós seus alumnos na facultade que, xa, Tocqueville, ou os constituíntes americanos, xunto á idea da división vertical dos poderes de Montesquieu, introduciron e consagraron irreversiblemente tamén a división horizontal ou territorial do poder político? ¿Cantas veces explicaría vostede que, desde a Declaración constitucional de Filadelfia, a Constitución americana preserva automaticamente para os seus estados da Unión americana todas aquelas competencias que non están expresamente recollidas no poder federal? ¿Cantas veces explicaría vostede iso? ¿Tamén lle preocupa a disgregación dos Estados Unidos de Norteamérica? O que nos debe de preocupar é que siga exercendo ese liderato mundial absolutamente monopolista. Ou Italia, señor Fraga, que é un estado rexional, que ten rexións de réxime especial e rexións de réxime ordinario, e non se disgrega ningún país e non hai agravios comparativos.

Polo tanto, é evidente que a súa posición segue sendo unha posición de prexuízos e ideolóxica fronte a este problema. E, mire, non se pode ser galeguista, por moito que o adxectivo no seu discurso, se non se defende o poder político e o autogoberno de Galicia de verdade, como instrumento non só decorativo, senón como elemento imprescindible para abordar a crise económica e social do noso país.

Hai unha relación causa-efecto entre a capacidade de poder político e a defensa dos nosos intereses, e vostede segue contraponendo poder político galego e galeguismo, galeguismo e plurinacionalidade. E eu dígoille que nesta batalla, como en todas, e neste drama, non se pode ser ó mesmo tempo Bruto e Marco Antonio; ten vostede que optar, e, polo visto, vostede optou claramente por conxelar, atrasar e impedirlo desenvolvemento do poder político de Galicia, é dicir, do noso autogoberno.

Por iso, fronte á súa posición nesta Cámara, nós traeremos tamén un feixe de medidas para debater e, se é o caso, aprobar —que coa súa maioría será difícil—, e traerémolas coa intención de que a opinión

pública saiba de qué se trata e qué forzas estamos dispostas a levar iso no futuro.

Imos, en primeiro lugar, facer unhas propostas para completa-lo proceso de transferencias do noso país, que non está rematado, señor Fraga.

Segundo, imos facer propostas para amplia-lo noso teito competencial. ¿Onde está no seu discurso aquilo que dicían outros —vese que o funcionario agora manda ordes seguidas— de que vostedes estaban dispostos a utiliza-lo artigo 150.2 da Constitución para transferir ou delegar a Galicia competencias do artigo 149 da Constitución, señor Fraga? ¿Onde está a súa proposta, que hoxe desaparece, do Consello Económico e Social, considerado no artigo 131 da Constitución, que permitiría a codecisión da política económica española por parte das comunidades autónomas e, no noso caso, de Galicia? ¿Onde está? ¿Onde quedou? ¿Esqueceulle ou segue mantendo esa proposta? E ¿onde está unha proposta seria de reforma do Senado, que nós tamén traeremos a esta Cámara, cos dereitos e coas competencias que esa Cámara e as comunidades que a compoñen deben de conseguir.

E, finalmente, o tema europeo, señor Fraga. Tamén traeremos iso a esta Cámara. Di vostede, e está ben, que vai intentar que Galicia teña peso na conformación da vontade europea do Estado español; está ben, iso como principio é positivo. O que imos discutir aquí tamén no futuro é que entende vostede ou cál cre vostede que debe de se-la actitude española e a política española cara á Unión Europea: se debe de se-la que defenderon os gobernos progresistas, no Cume de Luxemburgo no que, por primeira vez, limitadamente, pero por primeira vez, hai que dicilo, se introducen elementos da economía real, da Europa social e avances na Europa política ou se será a concepción simplemente neoliberal, librecambista, que teñen vostedes; se vai apoiar unha ou outra posición para conforma-la vontade de España na Unión Europea.

Sería bo que tamén se comprometese a negociar e a legislar para que nas delegacións españolas, que negocian en Bruxelas intereses vitais do noso país, estivesen tamén presentes, loxicamente en todas elas, as delegacións das comunidades autónomas, é dicir, de Galicia.

E, finalmente, sería bo que se comprometese a defender e a instaura-lo galego, a nosa lingua, como patrimonio cultural de Europa. Pero non só testemuñalmente, senón que se tomen as medidas, desde a traducción de documentos, difusión dos acordos, etc., para que o noso idioma forme parte, se aínda non como idioma oficial, si como idioma que sexa patrimonio cultural de Europa.

Remato, señor candidato, señor presidente, dirixíndome de forma anómala nun debate de investidura non ó candidato á Presidencia, que xa sabemos polo seu discurso e pola súa traxectoria o que pode dar, senón á oposición. Dirixínome amigablemente á oposición. Eu creo, sinceramente, que visto o visto estes oitos anos, visto o que nos presenta o señor Fraga, tamén nós deberíamos sintetiza-la nosa actitude cunha frase tamén literalmente dantesca, aquela da *Divina comedia*, que di: "*Sigue el tuo corso et lascia dire la gente*", que traducido libremente ó galego, se me permiten a licenza parlamentaria, quere dicir algo así como: "Sigán o seu camiño e non fagan caso do que diga o señor Fraga".

Naturalmente, desde a oposición deberíamos de tomar en conta o que pasou estes anos. Porque é verdade que a herdanza é terrible, é unha herdanza moi negativa para o país. Pero a verdade é que aquí segue habendo 42. Dixo no ano 1989 o señor portavoz do Bloque Nacionalista Galego que esperaba queimar en seis meses ó señor Fraga, pero sacou 43. E no último debate de investidura augurou que o señor Fraga sairía ou entraría na historia dunha forma grotesca e traumática, como o Calígula de Camus, pero seguen tendo 42 deputados. Polo tanto, os cambios prodúcense nestas bancadas...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, señor deputado.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Temos que lograr, sinceramente, que os cambios se produzan no conxunto da Cámara, e para iso fai falta, e nós modestamente nos ofrecemos, a colaboración da oposición. É verdade que nós temos e manteremos un nivel de colaboración privilexiada co Partido Socialista de Galicia, co que nos presentamos ás eleccións, compromiso que reitero nesta tribuna solemnemente, pero temos que colabora-lo conxunto da oposición, é neces-

sario crea-las condicións para que esta lexislatura sexa a lexislatura da oposición. Primeiro, para poder presentar e darlle esperanzas ó país de que ante o baleiro de ideas e de proxectos hai forzas alternativas dispostas a colle-lo relevo con esperanza, con ilusión e con perspectiva. Segundo, para mancomunadamente frea-las cousas que van facer estes señores, tendo en conta, ademais, a sucesión en marcha e cómo se van utilizar para esa sucesión os presupostos das conselleiras.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor deputado.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Termino, señor presidente.

Finalmente, é necesaria a colaboración para ir asentando ante a opinión pública unha alternativa plural e crible de goberno para os próximos catro anos, para impedir, señores da oposición, que nos sigan dirixindo homes sen esperanza, homes de cabezas duras, é dicir, de mentes impenetrables.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Guerreiro.

Ten a palabra o portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas, señor Pérez Touriño.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Señor presidente, señoras e señores deputados, razóns e votos, votos e razóns, velaí os dous instrumentos básicos da convivencia democrática e a razón de ser da vida parlamentaria. Así o reflexionaba Manuel Azaña, nas súas conversas con Fernando Giner de los Ríos, alá polo ano 37, tal e como reflecten os seus recuperados diarios. Polo tanto, non debe ser esta unha sesión simplemente protocolaria na que nos limitemos a levantar acta da vontade do corpo electoral. Pola contra, señor candidato, vostede non poderá dispoñer dos votos do Grupo Parlamentario Socialista para esta investidura, pero si contará coas razóns, coas argumentacións que xustificarán a nosa posición nesta Cámara e ante os cidadáns deste país.

Señor presidente, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, ó que teño a honra e o orgu-

llo de representar nesta circunstancia, empezo manifestando a nosa firme vontade de defender un proxecto renovado de compromiso con Galicia, cos intereses xerais dos seus cidadáns, expresando a firme determinación de representar fielmente ós 300.000 electores que nos outorgaron a súa confianza e de traballar para acadar-la confianza maioritaria do pobo galego a través dos principios e das ideas socialdemócratas, progresistas e galeguistas, tendo como único obxectivo a defensa do ben común de Galicia, o benestar individual e colectivo dos seus cidadáns.

Permitírame, señor presidente, que comece por onde creo que ten que comezarse este debate, sobre o futuro do país e sobre o que Galicia necesita, por facer un balance da situación na que nos atopamos e un diagnóstico das súas causas, pois tan só un diagnóstico correcto permitiranos despois pasar a falar do proxecto, do que habería que facer para enfrontalos moitos retos e os complexos desafíos que se nos presentan. Porque os diagnósticos, en definitiva, non son de dereitas nin son de esquerdas, os diagnósticos ou son correctos ou son equivocados.

Na lexislatura que hoxe se inicia, Galicia cambia de século e cambia de milenio. Non é máis que un cambio de data pero está preñado de valores simbólicos, porque ó mesmo tempo se están producindo importantes mutacións en distintos aspectos da vida social, política, cultural e económica. Cambios que poden conter elementos de incertidume, de desorientación persoal e colectiva. E Galicia, señor candidato, non pode entrar temerosa do seu futuro no próximo milenio. O pobo que saiba entrar no século que vén cohesionado tras un proxecto nacional de progreso irá lonxe. O que non sexa capaz de facelo así, pódese quebrar no camiño que nos espera. Velaí a importancia, señor candidato, do programa que vostede nos presenta.

A globalización e a internacionalización da economía, os seus efectos, distan de ser uniformes para as diferentes economías rexionais e para os diferentes sectores dunha mesma economía. As súas tendencias son disgregadoras, acelerando a dinámica das desigualdades. Paralelamente, Galicia dentro dela, e con ela Europa e España, viven un proceso de integración supranacional no cal os estados-nación máis antigos están dispostos a compartir elementos centrais da súa

soberanía, ata a súa propia moeda, para dar resposta ós problemas comúns. Precisamente por todo iso, convértense en máis necesarias ca nunca as políticas que, apoiándose na dinamización e na modernización das respectivas economías e nas súas iniciativas privadas e públicas, apostan pola cohesión social e territorial como elementos orientadores determinantes da acción pública. Xustamente na liña contraria das ideas da dereita conservadora, en Galicia, en España e en Europa, que sacralizan o mercado e satanizan o Estado, sen querer entende-lo papel do sector público, da acción colectiva, para afronta-las desigualdades territoriais en xeral e para garanti-la igualdade e a solidariedade. Mais esas son, señorías, as ideas que permitirán construír unha Europa máis xusta, máis equilibrada e máis próxima ós cidadáns, tal e como hoxe se está a impulsar desde as opcións socialdemócratas e progresistas en toda Europa. Cohesión social e cohesión territorial constitúen tamén elementos decisivos para un artellamento máis solidario e máis equilibrado do Estado español. Máis, se cabe, desde unha óptica galega, unha óptica sempre periférica. Por iso nós, libremente, participamos nun proxecto máis aló das nosas fronteiras, ó tempo que reclamamos enche-lo Estatuto de autonomía de competencias e utiliza-lo sentido federalizante da nosa Constitución.

Un país, señorías, é fundamentalmente un territorio e a súa poboación. Un país é unha economía e un país é unha cultura. É unha economía, é a súa capacidade para xerar riqueza, para a súa distribución, para a organización social que para iso se establece. É tamén un territorio, a base física na que se apoia a súa remodelación e conservación ó longo da historia, a ordenación do seu hábitat, da actividade social e económica e dos equipamentos nese territorio. É, ademais, unha cultura, un proxecto educativo cultural.

Examinémo-la situación do país neste triple eixe existencial. A economía galega, despois do forte impacto da crise dos anos setenta e comezos dos oitenta, tivo importantes transformacións nos últimos quince anos. A súa estrutura productiva abriuse ó exterior, consolidáronse algúns conglomerados industriais importantes pola súa capacidade de arrastre, como o do automóbil, e existen núcleos empresariais innovadores e con importante proxección exterior no téxtil e outros. Xusto é que o seu Goberno lles outorgue me-

dallas, señor Fraga. Ademais de inxusto, sería incerto que se atribuísen os seus méritos neses sectores.

Como resultado das políticas do Estado do benestar nos anos de crecemento da economía española, 1984-1992, producíronse avances básicos en toda España, en Galicia tamén, na educación, na sanidade, nas pensións e na dotación de equipamentos e infraestructuras. As políticas de cohesión social e territorial impulsadas desde o Estado e desde o sector público permiten hoxe que teñamos unha renda familiar dispoñible que supera en 14 puntos a nosa renda per cápita e nos sitúa, en termos de renda familiar dispoñible, nun 94% da renda media española.

Nos seus oito anos de goberno, señor candidato, dispuxo de amplas maiorías políticas, importantes competencias e preto de cinco billóns e medio de pesetas de fondos públicos. Indubidablemente, gastounos, e faría cousas con eles; a cuestión neste contexto é se o esforzo foi na dirección correcta, se foi coas prioridades necesarias e se, en definitiva, hoxe Galicia ten unha economía máis competitiva, máis saneada e capaz de xerar emprego, señor candidato, se estamos ou non estamos na liña de converxencia con España e con Europa e, en definitiva, a terceira pregunta, se somos unha economía capaz de camiñar polos nosos propios medios ou estamos ancorados na dependencia e na economía subsidiada. Esas son as grandes preguntas que vostede nin tan sequera se fixo no seu discurso e que, polo tanto, non pode responder.

Señor candidato, segundo o informe do Consello Galego de Relacións Laborais, dependente da súa administración, e cun presidente nomeado por vostede mesmo, de seguir co mesmo ritmo de crecemento dos últimos anos, a nosa converxencia con Europa producirase no ano 2065. ¡Preto de setenta anos para acadala, señor Fraga! Galicia segue sendo unha das quince comunidades máis pobres, das rexións máis atrasadas de Europa. A nosa renda per cápita segue sendo arredor do 82%-83% da renda per cápita española e do 64% da renda per cápita europea, a pesar da intensa perda de poboación que vimos sufrindo. Seguimos, en resumo, estando demasiado lonxe e non avanzamos solidamente na converxencia. Pero a limitación máis grave maniféstase na crise estrutural do noso mercado de traballo, na nosa permanente dificultade para xerar emprego.

Desde 1989 ata agora coincide unha forte redución de activos e de ocupados cun intenso aumento dos parados. O contrario, señoras e señores deputados, exactamente, do que vén sucedendo en España desde o ano 1994. Durante este período, o período de goberno do señor candidato, destruíronse 150.000 empregos, subimos en sete puntos a taxa de paro. Hoxe temos que, por cada 100 galegos ocupados, 154 están en situación de paro ou son inactivos, e esa é unha situación que resulta insoportable para unha sociedade que queira camiñar cos seus propios recursos. Isto reflicte unha estrutura productiva aínda moi desequilibrada e con baixos niveis de produtividade; unha agricultura con exceso de poboación e moi baixos niveis de produtividade de renda; unha industria que perde peso nestes últimos anos e que está neste momento cun nivel parello de peso a como estaba no ano 1960, o 20% do PIB, e un sector servicios que aínda está cinco puntos por debaixo da media española.

Desde a perspectiva do sector público galego, destaca a súa insuficiencia crónica para atender os nosos volumes de gasto, cunha importante dependencia de recursos externos, que afectan, ¡como non, señor candidato!, á súa capacidade de autogoberno. Unha Comunidade Autónoma moi endebedada, a máis endebedada de España en relación co seu tamaño, co seu produto interior bruto, o que condiciona gravemente as súas posibilidades futuras e a súa capacidade de investimento productivo, e diso é vostede responsable, señor candidato.

Falemos do territorio. Tamén aquí, de novo, nos atopamos coa característica da desigualdade e do desequilibrio como nota predominante. En Lugo e Ourense son zonas enteiras de ámbalas dúas provincias as que coñecen niveis de auténtica desertización, co criterio da ONU na man, envellecemento poboacional e regresión demográfica. Galicia é unha comunidade na que a estratificación social está determinada aínda hoxe, en gran medida, pola posición que teñamos no territorio. A desagrarización e a desruralización tornan máis agudos, se cabe, os problemas de ordenación do monte, do hábitat rural, da protección da paisaxe. Paralelamente, as pautas dos procesos de urbanización baseadas na configuración de áreas metropolitanas: A Coruña-Ferrol, Vigo-Pontevedra, rexións urbanas polarizadas ó redor do litoral atlántico,

e as cidades interiores cos fenómenos do rururbano e da urbanización difusa, converten en obsoleta, caduca e inoperativa a súa proposta de organización territorial comarcal e revelan a inexistencia dunha verdadeira política de ordenación do territorio con vocación de reequilibrio e de difusión do desenvolvemento, onde as zonas e sectores máis dinámicos sexan capaces de difundir este desenvolvemento, poñendo en valor tódolos recursos existentes.

Finalmente, no plano do diagnóstico estamos vivindo, xunto coa mundialización, un segundo gran cambio, a revolución tecnolóxica, que é algo máis que unha revolución das comunicacións. Sitúanos esta revolución, a tódolos pobos, na fronteira dunha nova etapa, dun novo mundo. A nosa primeira responsabilidade, señor candidato, é entrar dentro dese círculo de desenvolvemento tecnolóxico. E a segunda é poñelo ó servizo dos homes, das mulleres e dos pobos. Máis valor que nunca terá o capital chamado intelixencia, capacidade e educación, ata o punto de que Nacións Unidas creou un novo concepto, o concepto de pobreza de capacidade, distinto do concepto de capacidade económica. Pois ben, señor candidato, Galicia atópase practicamente na metade da media española dos indicadores de esforzo en investimento e desenvolvemento, tanto no que respecta a persoal investigador como no que respecta ós gastos totais e á súa relación co produto interior bruto. Estamos na metade do esforzo español cando a nosa renda é baixa, pero, polo menos, é o 83% da media española.

Unha última reflexión en torno á dinámica cultural dunha nacionalidade que viu desde o principio que a aposta pola autonomía o era en gran medida pola recuperación dunha pluralidade cultural que o franquismo conseguira esnaquizar. Saudamos, nese sentido, a aposta pola acción cultural e o galeguismo como un avance, pero observamos con gran preocupación un desmedido afán de total ocupación do espazo cultural polos poderes públicos da Xunta de Galicia. Asistimos a unha instrumentalización e a unha organización clientelar da nosa cultura. O escurantismo, o condicionamento das vontades e o silencio son unha constante na nosa realidade cultural. Deberíamos de fuxir do dirixismo político neste campo, que debería ser terreo para impulsar, polo contrario, a pluralidade e a diversidade.

Señor candidato, a principal das nosas preocupacións, a máis central das nosas discrepancias, tras escoitar atentamente o seu longo discurso de antonte, deriva da miña convicción profunda de que o seu programa non ten máis proxecto cá simple supervivencia política e que, como consecuencia diso, pode ir este país á deriva sen obxectivos e sen rumbo, e dígollo co maior dos respectos persoais. Vostede fixo un gran esforzo e gañou estas eleccións, pero veu aquí cun discurso sen ilusión, con simples declaracións de intencións e sen ningún compromiso. Foron 130 páxinas, si, pero moi poucas ideas para transformar este país.

Referireime, en primeiro lugar, ó emprego, que desde a nosa perspectiva debería se-la primeira e máis relevante das súas preocupacións e que, paradoxalmente, non o foi así no seu discurso. Mire vostede, a proposta que nos trae é unha mestura de informacións incorrectas e tópicos, vaguidades e lugares comúns, de lagoas e de baleiros imperdoables. Quen fíxese este documento, a verdade é que merece suspender amplamente.

Afirmacións incorrectas. Non se pode afirmar, con datos oficiais da EPA na man, do Instituto Galego de Estatística, que desde o ano 1994 a evolución do emprego non agrario en Galicia vaia mellor que en España, cando sucede exactamente o contrario, trimestre a trimestre, menos en dous deles, señorías. Nin que o problema proceda da gran cantidade de man de obra que abandonou a agricultura para dirixirse a outras actividades, porque, fundamentalmente, ata agora a maioría dos abandonos agrarios son abandonos por xubilación e envellecemento.

Ausencias. ¿Como é posible que no plan non se dedique unha palabra ó papel do sector servizos? Unha actividade que en tódolos países desenvolvidos, e en España en particular, fornece o 80% do emprego que se xerou desde o ano 1994 —o 80% do emprego vén dos servizos— e que suma o 61% da poboación ocupada, cando o problema consiste precisamente en Galicia na fraca capacidade de xeración de emprego dos servizos, no noso caso.

Señor candidato, na súa proposta de emprego non hai obxectivos certos e cuantificables, non hai estratexias nin programas definidos de actuación e, por su-

posto, non se prevén dotacións ou recursos económicos.

Señorías, desde a nosa consideración, o emprego é o principal problema da sociedade do noso tempo. A xeración de emprego é altamente complexa. Xa é constatable que o crecemento económico por si mesmo non resolve de modo natural o problema. Necesitamos que o emprego, de verdade, ocupe o primeiro lugar na xerarquía de valores sociais. Desde esta óptica non se entende nin se pode compartila non existencia na súa proposta dunha Consellería de Traballo. Por todo iso, os socialistas galegos, en canto que consideramos un obxectivo estratéxico irrenunciabile para o noso país o tema do emprego, veriamos necesario un acordo, un pacto polo emprego do conxunto das forzas políticas e sociais. Pero será, señor candidato, necesario avanzar moito máis alá da súa proposta, porque o noso grupo parlamentario estima que hai que cifrar obxectivos sobre a realidade do desemprego, sobre o paro xuvenil, sobre o paro de longa duración, sobre a política de formación, con establecemento de mecanismos de supervisión e control do seu cumprimento. Deberán establecerse programas de actuación para as distintas políticas activas de emprego, programas xerais e programas específicos sectoriais para as zonas en declive. E haberá que ir máis alá e preguntarse tamén polos aspectos referentes á reordenación do tempo de traballo e á redución da xornada. Será necesaria a activación de novos xacementos de emprego, de novas profesións e de novas actividades, e serán imprescindibles as iniciativas locais de emprego con participación de tódalas administracións e dos axentes sociais e económicos.

Señor candidato, ¿como é posible que no programa de investidura como presidente da Xunta non se formulen os eixes cardinais e as medidas básicas para o impulso e a modernización do noso tecido productivo, o papel do sector público industrial, o aproveitamento das nosas vantaxes comparativas na produción de enerxía, a canalización do aforro interno para investir en Galicia? Aí radica o noso futuro, a viabilidade ou non de romper coa nosa situación de economía subsidiada e dependente, incapaz de camiñar sobre as nosas propias forzas. Esa é a pregunta que vostede non fai e o reto que vostede non asume.

A penas hai 2 follas para agricultura, 3 para pesca e practicamente nada para a política industrial e de servizos. A agricultura está bloqueada: na produción, que nos seis últimos anos descendeu un 24%, e nas súas estruturas, que permanecen inmóviles e son unha hipoteca para o seu progreso. O drástico descenso da poboación na agricultura non se está traducindo paralelamente nun proceso de modernización. Retiráronse, abandonáronse, máis de 100.000 hectáreas de superficie agrícola útil e iso non serviu para incrementar o nivel de ocupados por superficie, de superficie por ocupación. A nosa agricultura segue tendo un nivel de produtividade dos máis baixos de Europa, e o nivel das rendas agrarias galegas é o 27% das rendas agrarias europeas e un 40% das da agricultura española. Temos unha auténtica incapacidade e falta de vontade política por parte do anterior Goberno para resolver os problemas da cota do leite e un cambio de posición na multa láctea. Pero o máis preocupante tamén, xunto con isto, é o baixo desenvolvemento da industria da alimentación, da industria da madeira, a desproporción entre a facturación en termos primarios do produto fronte ó que é capaz de factura-la nosa industria transformadora de alimentación e madeira. Direille simplemente dous datos en dúas industrias que son básicas para a nosa economía. No sector lácteo, a nosa produción equivale ó 35% da produción española, mentres que as nosas industrias facturan tan só un 11% do conxunto da industria láctea. As industrias cárnicas facturan un 5% do total nacional, mentres que a nosa produción está preto do 10% da produción española. Sería imprescindible, e non está no seu programa, unha política decidida de reformas da produción, das estruturas productivas, da distribución e da comercialización.

En política industrial debería presentar un auténtico programa de prioridades, con calendarios e actuacións presupostarias axeitadas, dirixidas á promoción empresarial e industrial, desenvolvendo os instrumentos básicos para o fomento da actividade: o préstamo participativo, un sistema operativo de garantías recíprocas e a potenciación das participacións a risco. Proponémo-la potenciación e a reorientación do IGAPE, converténdoo nunha auténtica axencia de desenvolvemento rexional e de financiamento industrial, integrando e agrupando na mesma consellería tódolos instrumentos de promoción que hoxe están dispersos e utilizados ineficientemente.

Por último, e finalmente, en relación coa economía, señor Fraga, por moito que o intente e ben que o faga, ten imposible vostede convencer a ninguén de que non cambiou cando pasou de ataca-la cesión do 15% do IRPF en Galicia para defender agora con ardor a cesión do 30%. E, en segundo lugar, que ese cambio non gardou unha relación directa, exclusiva, co cambio de color do Goberno en Madrid, e ningunha, en cambio, cos intereses de Galicia. Ademais, o noso grupo defende a corresponsabilidade fiscal como garante de maior autonomía e de maior responsabilidade, pero simétrica e paralelamente ten que estar acompañada a corresponsabilidade fiscal do desenvolvemento dos mecanismos de solidariedade interterritorial fundamentais para Galicia, cousa que hoxe non ocorre dentro do sistema pactado con Convergència i Unió. E, terceiro, é un sistema sometido a incertidumes, xerador de inestabilidades e desigualdades e que está propiciando permanentemente pactos bilaterais por fóra do sistema. Por exemplo, o financiamento sanitario, do cal vostede non dixo unha palabra, ou as débedas históricas, que permanentemente xorden nun e noutro lado do noso territorio nacional. E pensamos que é un tema de articulación do Estado que necesita do consenso das forzas políticas e non da situación na que se está.

O territorio, unha das cuestións claves da concepción dun país para o seu desenvolvemento presente e para o das xeracións futuras. Diría resumidamente que isto o seu programa ou non o entende ou o ignora. Ignora a existencia das cidades, das áreas metropolitanas, das rexións urbanas, das formas que toman hoxe os procesos máis dinámicos de cambio na urbanización en Galicia, e permanece ancorado na historia obsoleta das comarcas. Está negando así as posibilidades de avanzar no reequilibrio territorial e na súa mesma ordenación. Non entende a súa proposta a necesidade dun Plan director de infraestruturas que xerarquice e que ordene os distintos tipos de infraestruturas no tempo e no espazo, que ordene a concorrencia entre as distintas administracións públicas que compiten e inciden no noso territorio, que nos diga sobre o seu financiamento, se vai haber máis peaxes ou qué outras fórmulas de financiamento vai haber.

Contará, señor candidato, con todo o apoio do noso grupo para defender os orzamentos que Galicia necesita en Madrid e en Bruxelas, non o dubide vostede.

Pero, señor Fraga, un pouco menos de autoidentificación expansiva nesta materia e de autoapropiación e, en cambio, neste debate debería ofrecernos, por fin, un calendario de finalización das autovías e do comezo do tren, pero non do tren portugués, señor candidato, do español-galaico. Saudamos, sen embargo, como positiva, a creación da Consellería de Medio Ambiente. É un terreo no que en Galicia está case todo por facer. Tan só estamos á cabeza de Europa, precisamente, en materia de incineración de residuos, tristemente. Para os socialistas, a preservación da identidade física do territorio, a busca do desenvolvemento sostible, a protección do noso medio ambiente, é un segundo tema de prioridade estratéxica xunto co emprego, no que cremos necesaria a busca dun gran acordo, dun gran consenso que o faga posible. Polo menos, será positiva a busca e o tratamento do camiño que sexa susceptible de ser percorrido en común por todas as forzas políticas na defensa da identidade física de Galicia.

Referireime, finalmente, á educación e á cultura. Pregúntolle directamente, señor candidato, ¿como pode vir ó debate de investidura e non presentar un plan de financiamento para as universidades? Existe un clamor unánime a este respecto. ¿Como non ofrece compromisos en materia de I+D, vital para o noso desenvolvemento tecnolóxico? ¿Como non se abordan os problemas de desenvolvemento da LOXSE?

Señorías, afirmaba na primeira parte da miña exposición o valor de futuro da educación como a ferramenta máis preciosa no desenvolvemento dos pobos. A sociedade e a comunidade educativa entende o noso grupo que está demandando un pacto pola educación que libere a educación das conxunturas orzamentarias e das conxunturas políticas, que establezca o seu rumbo, o rumbo das políticas educativas, e o noso grupo así o asume e así o demanda.

A política cultural define as características dun país, as inquietudes da súa poboación e o estilo do seu Goberno. Galicia ten unha longa historia cultural. Quero chama-la atención do candidato sobre un dato ben coñecido. Os cumes máis altos desta historia cultural reflíctense naquelas figuras que fusionaron tradición e modernidade, que foron quen de integra-lo pasado nas preocupacións do seu tempo e proxectalas no futuro: Seoane, Maside ou Laxeiro na plástica,

Dieste ou a xeración Nós, Cunqueiro ou Sargadelos, son nomes que expresan dabondo neste sentido.

O minifundismo mental e cultural, que seguramente obedece a razóns históricas e estruturais, sería algo que debería superarse entre todos. Apostamos, xa que logo, por unha cultura plural, reflexo dunha Galicia plural na que todos teñamos cabida. Estamos dispostos a contribuír coas nosas forzas á redefinición dun novo modelo que supere o que, ó noso entender, son dúas grandes eivas do noso tecido sociocultural: o resistencialismo e o dirixismo político-cultural. O país necesita dunhas novas regras de xogo, é por iso polo que tódolos proxectos culturais que poida emprende-lo Goberno na lexislatura entrante, desexaríamos que no ben do noso país estivesen presididos por esas ideas. Sempre que así sexa, nós estamos dispostos a cooperar e a poñe-lo noso gran de area ó servizo de todos.

As políticas culturais, do mesmo xeito que as políticas lingüísticas, requiren dun alto grao de consenso. Máis alá das nosas lexítimas diferencias ideolóxicas, a cultura é un territorio demasiado importante como para deixalo en mans dun único partido político. Nada é máis perigoso e nada desanima máis a un pobo que as mensaxes únicas que levan nunha única dirección. Galicia, reitéroo, non é única, é plural e diversa.

Remato para dicir que a nosa posición, señor candidato, señorías, será rigorosa pero solvente; radical, pero tamén constructiva. Non nos colocaremos, de ningunha forma, no *non* sempre e por sistema. Desde aquí, e coa mesma solemnidade con que anunciámo-la decisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia de votar *non* á súa investidura, manifesto a nosa vontade de colaboración en todo o que redunde no beneficio do país e reitérolle a nosa vontade explícita de acordo e de pacto en tres materias que considero estratéxicas e prioritarias en Galicia: o emprego, a educación e o medio ambiente.

Permitirame que diga, señor presidente, para rematar, que tódolos galegos, e entre eles os varios centos de miles que nos apoiaron co seu voto o día 19 de outubro, deben saber que non cederemos un palmo de terreo na defensa dos intereses do país, que a nosa aposta, a do socialismo galeguista de centro esquerda que o noso partido representou desde sempre, é a

aposta de Galicia, sen suxección ningunha a ningún poder privado nin a ningunha disciplina. Ese é o noso compromiso, é o meu compromiso persoal e o do partido e o do grupo parlamentario que hoxe teño a honra de representar, na confianza de que, se así o facemos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor deputado.

O señor PÉREZ TOURIÑO: ...os galegos nolo premiarán. Pero, en todo caso, na seguridade de que, se non o fixemos así, terían todo o dereito do mundo a demandárnolo.

Moitas grazas.

(Aplausos).

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pérez Touriño.

Ten a súa rolda o portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías:

"A mañá do 16 de abril, o doutor Bernard Rieux saíu da súa consulta e bateu cunha rata morta no medio do relanzo da esqueira".

Así exactamente, literalmente así, comeza o relato camusiano dos "curiosos acontecementos" que se suceden supostamente en Orán, ano mil novecentos coenta e poucos: é a peste.

Disque o primeiro síntoma de peste non adoita ser a aparición e o diagnóstico de casos de tal infección nos cidadáns, senón a aparición de ratas que saen a morrer á luz do día nas rúas, nos soportais ou nas esqueiras e patíns das casas. É o primeiro, e xorde por adiantado. Mais cando tal ocorre, cando aparece morta a primeira rata, xa hai milleiros de cidadáns inficionados, fatalmente inficionados e condenados, seguramente, á morte sen remisión os máis deles. Se, por riba, aos poucos que se decatan e avisan dáselles a resposta que dá o porteiro da casa ao doctor Rieux, a fatalidade da peste irrompe sen diques de contención e a dimensión do azoute multiplícase ata as proporcións da "mortalidade catastrófica" característica do que os

historiadores denominan "ciclo demográfico antigo" da poboación mundial, ou sexa, antes de inventárense ou aplicárense os cordóns sanitarios e as vacinas.

Non vaian pensar, señorías, polo que estou a dicir, que me trabuquei hoxe de lugar e de auditorio ou que apañei por confusión as notas dun meu fillo biólogo para unha lección nas aulas universitarias. Por máis que admire o seu rigor científico e leve deprendido moito del en eidos fascinantes que non podería explorar por min mesmo, sei moi ben que estou nun debate de investidura no Parlamento de Galicia, o mesmo que ben sabía Camus que non estaba a escribir un tratado de epidemioloxía senón un relato alegórico sobre a condición humana e de certos episodios tráxicos da historia social e política da humanidade, coma os padecidos pola cidadanía europea primeiro, e en seguida pola humanidade enteira, no período comprendido entre 1933 e 1945 exactamente. A peste do relato camusiano non era a peste bubónica de 1348 nin calquera outras análogas. A peste do relato camusiano era o nazismo.

E tiña razón a lucidez de Camus. Porque nos procesos de xestación e propagación dos grandes azoutes ou calamidades sociopolíticas, os primeiros síntomas non se detectan nas xentes ordinarias, nos cidadáns do común. O primeiro aviso sintomático, o mesmo que nas pestes, adoita consistir na insólita aparición a plena luz das ratas inficionadas, portadoras e difusoras do mortífero andacio colectivo na sociedade. E os primeiros en detectaren o síntoma, en diagnosticalo con lucidez e en advertilo con coraxe para poren en acción os dispositivos de defensa do benestar material e espiritual da cidadanía —os doutores Rieux, os Tarrou e os Rambert de cada caso— non só están condenados a bater coa incredulidade do común das vítimas, que aínda non se saben tales, senón a seren acusados de alarmismo, cando non de subversión. Nin sequera a difusión mundial de *La Peste* de Camus a través das diversas linguas que fala e le a humanidade serviu de advertencia eficaz fronte a outras formas de totalitarismo, xenocidio ou agresión contemporáneas ou posteriores ó fenómeno nazi, en manifestacións explícitas ou larvadas, e en morfoloxías de diverso feitío, intensidade e duración nos distintos recantos do planeta.

Hai tres dimensións nas que os pobos, as sociedades e as culturas poden sufrir a agresión desas diversas formas de peste, por separado ou combinadamente. Tres dimensións ás que a escala de valores do BNG atribúe o mesmo rango de importancia na vida social e nas que eu mesmo levo insistido teimosamente dun tempo acó nun esforzo de comunicación intelectual coa cidadanía, que considero cometido irrenunciable dun dirixente político honestamente demócrata.

É, primeiro, a dimensión das condicións materiais de existencia, na que os brotes de peste agreden o benestar material dos cidadáns, as condicións económicas de vida, traballo e consumo necesario dos diferentes grupos sociais, e mesmo, se é o caso, o conxunto da base productiva dun pobo, dunha nación enteira. É, de seguida, a dimensión política dos dereitos e liberdades básicas, individuais e colectivas, en coordenadas democráticas. E é, finalmente, a dimensión ética —no senso primixenio do vocábulo *ethos*— da identidade e dignidade colectivas, do civismo, da moral social sen hipocrísia, da convivencia tolerante sen totems nin tabús, da salubridade cultural e ideolóxica plurais e pluralistas.

Cada vez que un poder, social ou político, arremete contra un grupo social, un grupo étnico ou un pobo con identidade de seu en calquera desas tres dimensións, desátase a ameaza da peste. Se ademais se apodera das súas institucións de representación e goberno, aínda que sexa por vía electoral, para convertelas en xoguete das súas ambicións e facerllas padecer á cidadanía, revirándoas no seu uso abusivo contra ela mesma nas dimensións material, política ou ética, a traxedia da peste é segura: tal acontecera en Alemaña desde 1933 en diante, e a historia coñecémola todos, aínda que non todos a teñamos aprendido. Camus foi afortunado en sobrevivir a aquela peste e poder escribi-lo seu exemplar relato alegórico. Millóns de conxéneros seus contemporáneos non tiveron a mesma fortuna.

Galicia é un caso singular. Non semella que as pestes propiamente ditas, as pragas epidémicas, tivesen aquí impacto análogo ao doutras latitudes peninsulares e europeas a partir do século XVI. Nisto, o ingreso de Galicia no ciclo demográfico moderno europeo seica foi historicamente mesmo precoz. Mais, en

contrapartida, nas dimensións económica, política e da ética social, fenómenos epidémicos convencionalmente confinados no pasado histórico máis ou menos remoto de moitos pobos europeos, perduraron na nosa terra convertidos en doenzas endémicas de diversa fasquía e gravidade ata os nosos propios días; con esta abraiante peculiaridade, a saber: a de seren adoitado propiciadas e cultivadas polo poder establecido en cada momento.

Fronte a esas pestes loitou sempre, combateunas sempre, o nacionalismo galego dende que existiu, mesmo denantes de ser denominado ou autodenominarse de tal xeito, seguindo nisto o vreiro iniciado polos seus ancestros máis remotos, polos seus precursores máis auténticos: os ilustrados galegos do século das luces, a ilustración galega do XVIII. Dende Faraldo a Bóveda, dende Aurelio Aguirre a Fole, dende Curros a Celso Emilio, dende Murguía a Castelao, dende Brañas a Sebastián Martínez-Risco, como fixeran no XVIII os Labrada, Cornide ou Sánchez, os "galegos de nación" —como eles dicían— lúcidos, conscientes da identidade colectiva, e honestamente comprometidos coa causa da liberdade, o benestar e a dignidade do seu pobo, foron, en cada momento histórico, e cadaquén co prisma do seu peculiar ideario e cosmovisión da condición humana, foron, digo, o equivalente dos doutores Rieux, dos Tarrou e dos Rambert camusianos *avant la lettre*, que combateron as pestes que padecía o país sen calcularen custos persoais nin cobizaren honras, recompensas nin gratificacións do poder. Mesmo, ás veces, sen chegaren a crer, e sen teren en ningún caso a certidume de que podían vencer ao andacio. Por convicción, por dignidade, por lealdade, e tamén por orgullo. "Que se avergüence el amo" —como dixera Nicolás Guillén pola escravitude dos seus proxenitores. Ningunha outra gratificación que estaren en paz consigo e sentírense a xeito na súa pel e na pel das boas xentes do común, os ilotas e os inocentes, os "escravos da terra" que dicía Castelao dos labregos galegos. Poucas veces viron eles en vida fructificar a semente, case nunca tiveron ocasión de participaren na seitura como o fixeran na arada. Mais as colleitas húbóas, e recibímolos en herdanza os que xeracionalmente viñemos detrás. O Bloque non estaría hoxe onde está se todos eles non existisen e arasen con sol, xistra ou trebón.

Mais non todo, en absoluto, o recibimos en herdanza. Porque é ben certo que algunhas formas pertinentes de peste se reproducen intermitentemente no tempo de xeito mutante, coma unha metamorfose kafkiana que, durante o sono, transmuta o ser humano en araña —"o sono da razón enxendra monstros", que escribira Goya ó pé dun dos seus máis estarrecentes gravados—. "As vellas inxustizas seguen en pé", certificara Castelao no limiar do seu álbum *Nós* para argumentar a prol da súa publicación en pleno abrente da IIª República española. E moitas desas estampas, que me acompañaron na nenez e na adolescencia, enmarcadas e penduradas polo meu pai nas paredes interiores da casa, reflectían fielmente, inda tres decenios máis tarde, lacras e chagas pestíferas absolutamente vixentes e palpables na realidade cultural, económica e sociopolítica da Galicia que eu comezaba a estudar e a apreixar cunha agoniada paixón fascinante que medraba a medida que me adentraba máis e máis no seu labirinto sen fin. E foi así que a nova xeración de galegos e galegas nacionalistas de posguerra nos vimos conducidos por pulsión interna e compulsión externa a collermos o relevo no combate fronte á peste na longa noite de pedra. Como fixeran denantes os que perderan unha guerra que eles nunca quixeran nin provocaran, e que nunca debeu acontecer se o respecto das liberdades cívicas fose tan doadamente asumido na práctica social e política como a súa proclamación formal.

Cando se asume o combate fronte á peste cómpre estar disposto a defender lo que a opinión convencional considera indefendíbel: a reclamar o non obtíbel, a xustiza non lexislábel, a racionalidade non admisible, o benestar non concesíbel, a soberanía non exercíbel, o idioma non lexíbel, o reparto do imprescindíbel. ¿A utopía? Non: a erradicación da peste, tan só e nada menos. Iso, só iso, mais mesmamente iso, foi o que fixo o nacionalismo galego na transición. Pagou pola súa ousadía —pois ousadía resulta ser expresarse sen equívocos nunha cerimonia da confusión, ou practicar unha soa ética en tempos de "dobre moral"—. E foi preciso reinstalarse na realidade dos feitos pertinaces para avanzar no combate fronte á peste nas súas novas modalidades de configuración e penetración na realidade social do país. Cumpría acertar nos diagnósticos, prognosticar con fiabilidade, elaborar antídotos e remedios aplicábeis, é dicir, alternativas pragmáticas realizábeis, mesmo se ía tardar en

chegar a oportunidade de aplicármolas os que as elaboramos e posuíamos fórmulas auténticas. E logo lograr comunicar e persuadir.

Fronte á incidencia da crise económica no tecido industrial do país e no tecido laboral de Galicia, ante o impacto da integración na Comunidade Europea, verbo da índole do Tratado de Maastricht, sobre a problemática sociolingüística do idioma e da súa normalización, contra os xermolos de totalitarismo larvado na instancia política —non só corrupción e deturpación—, en defensa da base productiva e dos sectores estratéxicos, a prol da autonomía e soberanía financeira e tributaria, pola restitución e posta en valor dos montes veciñais, en amparo dos recursos enerxéticos e do medio ambiente, cara á rexeneración das masas forestais frondosas e o equilibrio ecolóxico na alcuota galega da biosfera, fronte á expoliación dos recursos e á extraversión do excedente monetarizado en aforro interno, contra a explotación reduplicada dos traballadores ou a deturpación e desmontaxe peza a peza do edificio do estado do benestar social acometida aquí denantes mesmo de terse rematado a obra da súa construción. Afirmacións e negacións combinadas. "Entre o si e o non", como no hamletiano poemario de Franco Grande. "Profetas do non" —alcuñábasenos—. E apóstolos do si —silenciábasenos—. É sabido que a personalidade do neno comeza a afirmarse negando. Afírmase de primeiras mediante a negación do que se lle ordena que faga ou diga polo principio de autoridade. A conciencia emerxente dos pobos, tamén. E nós eramos —cadráranos ser— a conciencia emerxente do pobo galego despois da longa noite de pedra na nova situación, no novo contexto político establecido despois da frustrante transición que tantas esperanzas no inmediato afogou e tanta militancia cívica desmobilizou. Cumpría resistir e reconstruír para logo renacer, avanzar e edifica-la nova *polis*, a nova cidade dos seres humanos galegos. Como escribira eu mesmo nunha ocasión xa afastada no tempo da miña efémera duración como ser vivo, "só unha alborada popular, coa conseguinte aceleración do tempo histórico, podía ter trocado a longa noite de pedra en alba de gloria". Cumpría retomar todo un proxecto colectivo en coordenadas de circunstancia, tempo e ritmo históricos diferentes. E fíxose. Hoxe o de menos é sermos xa a segunda forza política do noso país en dimensión electoral. O que máis importa, os fenómenos de máis relevancia que

implica e suscita o triunfo relativo do BNG —relativo, pois aínda non gobernamos— superan e transcenden o recinto interno do Bloque, tanto o da súa organización coma o do seu electorado.

Son fenómenos que atinxen ó conxunto da cidadanía, ó ámbito completo da nación galega. E eu subliñaríaa dous que se sitúan en planos diferentes aínda que concatenados. Un deles consiste en que, a resultados do salto cualitativo do Bloque á posición de primeira forza da oposición, a maioría dos cidadáns galegos —polo tanto, moitos máis aínda dos que nos deron o voto esta vez— senten afortalada a súa identidade e restituída a súa dignidade e autoestima colectiva como pobo dentro do conxunto dos pobos peninsulares e europeos. E estímánnlo ó BNG. Estímánnlle ó BNG ese galano, mesmo moitos que o votaron a vostede, señor Fraga —e que se cadra aínda volverían votalo mañá—. Mesmo eses, ademais de tódolos que votaron Bloque —ou sexa, dos que xa acadaran conciencia actuante do que votar Bloque significaba—, todos eles atribúenlle ó BNG o teren recuperado a honra de sentírense galegos e galegas, e de dicírenlo onde queira que estean ou vaian alén o Padornelo. Para un pobo que se consideraba derrotado pola Historia, sometido desde fóra a unha consideración pexorativa no imaxinario colectivo hispano, aferollado por unha síndrome que se movía entre o autoodio e o complexo colectivo de inferioridade, esta ruptura ten dimensións potenciais enormes, posibles consecuencias ata en boa parte imprevisíbeis sobre a dinámica interna deste pobo e da súa relación cos demais e co aparello do Estado.

O outro fenómeno que escollín subliñar aquí estriba en que a rotura dos diques nos que o poder establecido teimaba en mater encorado o Bloque indica que se impón a Historia de Galicia —que nós representamos— sobre a Historia de España en Galicia —que representa vostede, señor Fraga, aínda que non só vostede, en verdade—. Eis por qué tivo tan desmesurado impacto o resultado electoral do Bloque en todo o Estado, e primordialmente no aparello de Estado mesmamente, na "elite do poder" —en termos de Wright-Mills—. Eis por qué se estendeu "inexplicablemente" a alarma a ámbalas beiras do Rubicón que disque separa o PP do PSOE na topografía política española, e emerxeu o soturno rostro cadavérico do chauvinismo reaccionario español facendo ecoa-la es-

tarrecedora sentenza de José Calvo Sotelo: "Prefiero una España roja que una España rota". Inexplicable tendo en conta o escaso peso demográfico, económico e político de Galicia no Estado e o modestos que foron os resultados do BNG.

Vostede, señor Fraga, gañou as eleccións, mais a noticia foi o Bloque, non vostede. E durante varias semanas, na prensa, nas tertulias radiofónicas, nos medios de comunicación, nos círculos de opinión, o tema —de conversa, de análise interpretativa e de polémica mesmo acalorada— foino a implosión do Bloque, a onda expansiva do nacionalismo galego, non o triunfo electoral de Manuel Fraga —con todo o que representaba para o PP e o PSOE no taboleiro de xadrez da "alta política" do Estado—. Mesmo no que atinxe ó PSOE, o tema non o foi a derrota fronte ó PP e o seu hipotético valor premonitorio para unha futura confrontación en comicios para as Cortes do Estado, senón a derrota fronte ó Bloque nunha confrontación que nós non provocamos, e o consabido fracaso do famoso "experimento" da fórmula de certo produto electoral para a exportación. Rebentou o matraz e verteuse o elixir. ¿Inexplicable? Pois non. Moi sinxelo: por primeira vez desde a República a Historia de Galicia irrompía na Historia de España —coa alarma conseguinte na cidadela imperial—. Ata agora, a Historia de España campara *por sus fueros* en Galicia, nunca ó revés. E era o normal. A inversión do tema non estaba prevista, nin sequera era posible na teoría da fuga dos manuais de contrapunto políticos españois. Pois velaí: a teoría da fuga española era moi ruín. Coa proverbial incultura musical da clase política española, non tomaran a molestia de estudia-las partituras de Johan Sebastian —"o vello perrucas", como lle chama coloquialmente na radio o fillo de Ataúlfo Argenta—. E por outra banda, á peste non lle acae outra música que a do "Dies irae", que Bach nunca escribiu, porque nunca compuxo un réquiem.

Pois convíríalles saber que en toda sociedade en movemento desenvólvese unha intrahistoria que só en ocasións, ou só fraccionariamente e en parte, aflora á epiderme do acontecer histórico externamente visible, unha realidade dinámica subxacente á realidade aparente dos fenómenos históricos. Mais nos pobos alienados da súa propia identidade e politicamente sometidos, esa dualidade de procesos convértese nunha confrontación antitética entre a historia xenuína —

que é a historia que eles fan, mesmo sen que aflore á súa conciencia colectiva— e a historia que se lles impón, escenificada sobranceiramente nas institucións que os dominan. Mais cando descubren a existencia desa súa propia historia e cobran conciencia dela, achan nela a súa identidade e decátanse de que a outra era un cobertor abafante, unha pantalla que lles impedía recoñecerse en si mesmos para que tivesen que refuxiarse nunha identidade imposta como un salvoconduto para o tránsito pola historia do opresor. Mesmo por iso, Murguía, Vicetto e os demais precursores teimaron en reconstruír ata onde puideron e en restituírenlle ao pobo galego a súa historia xenuína; e nos treitos dela onde non deron achado fontes, inventárona. E fixeron ben. Ao cabo xa fixeran iso os pobos máis antigos na orixe das súas culturas creando cadansúa mitoloxía: ¡Por que non o fan face-los vates e augures do pobo galego no seu rexurdimento!

Descoñecer isto, ou coñecelo e non asumilo, conduce a unha actitude esquizoide, na que o uso do poder xera ou agrava o divorcio entre as institucións e a cidadanía, entre a política e a realidade social, e tende a derivar dexenerativamente nalgunha forma de tiranía. O poder, daquela, tenta adapta-la realidade aos seus preconceitos ou ás súas necesidades orgánicas no canto de axustar a súa acción política aos problemas e necesidades da maioría social. Tenta imporlles aos cidadáns o seu *dictat* verbo de cáles son as súas necesidades —non as que senten, senón as que o poder di que o son—, en qué dirección teñen que andar —con croquis do "bo camiño" incluído—, mesmo do que deben pensar ou crer e o que non —con catecismo político do que é pensar ben ou mal, relación de pecados mortais e veniais, enumeración das penas do inferno e purgatorio, amén do repertorio de indulxencias e bolos (bulas) cos seus respectivos prezos en euros, para máis sinais—. E non estou a falar de relixión, senón de ideoloxía política, só que en metáfora. Fai iso o poder en lugar de escoitar dos cidadáns libres cáles son as necesidades que eles teñen realmente, qué camiño queren eles que siga o poder, qué pensan verbo deles mesmos, da súa situación en cada caso e da acción de goberno que reclaman, esperan ou padecen. Entón fábricase información deforme, suscítese incomunicación de feito, frágmenbase a sociedade en compartimentos estanco, confínase cada segmento de cidadanía nun gheto, tribalízase a relación social e política, falsifícase a realidade, difámase os

discrepantes, criminalízase a protesta dos que aínda así reclaman a atención debida e exercen dereitos e liberdades solememente proclamadas a condición de non faceren uso delas. Mais pese a todo, a realidade social obstínase en non encaixar no corsé, en non axustarse ó guión, a acción de goberno desemboca nun fracaso ostensíbel e comparábel ao fracaso escolar nun mal sistema de ensino, e o poder convértese nunha planta carnívora: só ten vida vexetativa, mais precisa nutrirse de substancia humana. Invéntase entón a famosa "realidade virtual". No límite, prohibese pensar: entronízase o "pensamento único", que os cidadáns consomen como hamburguesas nos *macdonalds*, ou como as pitas o pienso nos galiñeiros industriais. Ó final acádase a perfección: os súbditos xa nin tan sequera saben o que significa pensar, non distinguen a realidade vixil da realidade onírica, non saben quén son, se os que os seus ollos captan no espello do baño ó erguérense do leito ou os que os seus ollos captan na pantalla da tele denantes de se deitar. Daquela é chegada o intre de convocalos a eleccións: están na situación perfecta para acudir a votar ao poder establecido para que a planta carnívora se reproduza por esporas e medre en dimensión.

O fraguismo é unha planta carnívora. Coa traxectoria e o balance de goberno das dúas últimas lexislaturas, señor Fraga, incluídas as pasadas eleccións e os ses peculiares métodos de campaña e precampaña, podería escribirse un manual modélico, ilustrado e todo —por Pepe Carreiro, por exemplo—, da concepción e forma de uso do poder que acabo de retratar en deseño alegórico. E con todo, o Bloque medrou nun corenta por cento cando se anunciara que xa acadara o seu famoso teito, mentres vostede perdía a favor noso dous escanos na noite do 19 de outubro. A loita dos demócratas nacionalistas galegos contra as diversas formas de peste que leva aturado a cidadanía galega acada un punto de ruptura decisivo na opinión e na conciencia cidadá deste país, un punto de inflexión da epidemia política cara á súa democrática erradicación. Porque o Bloque sabía que, nesta altura, non podía sandar politicamente a Galicia el só, e fartouse de dicilo desde hai ben a gusto un ano e de ofrecer e solicitar colaboración recíproca para esa tarefa, xa non só política ou médica, senón simplemente humanitaria. "Que veña a ONU", exclamou Manolo Rivas nun dos seus últimos e valentes artigos durante a campaña electoral. Ese brado resumíao todo. A loita fronte á

incredulidade temerosa como mecanismo colectivo de defensa, o esforzo por vencer a reticencia a asumir o risco de enfrontar a peste en certas elites intelectuais e políticas non deu acabado co andazo, mais abriu de par en par fiestras, bufardas, claraboias e tragaluces a oito nas paredes e no tellado dun país en estado de sitio e en réxime de corentena. E saiba ben, señor Fraga, que as veces todas que eu empreguei a palabra *peste* para me referir á súa acción de goberno e uso do poder en Galicia nunca o fixen con intención semántica aldraxante, senón alegórica. E didáctica, como o propio Albert Camus no seu fermoso e veraz relato.

O balance do que eu falo, o balance da súa traxectoria na acción de goberno e no uso do poder en dúas lexislaturas, señor Fraga, ese balance, podía e debía telo feito vostede perante os cidadáns galegos denantes destas pasadas eleccións. Facelo a plena luz e en debate coa oposición, en debate co Bloque, en concreto comigo, como portavoz nacional do BNG. Facer balance e sometelo a debate no canto de botalas contas que lle conviñan, trucar a escolma de datos e cifras, e ciscalas salferindo con elas a paisaxe do país nunha restra omnipresente de carteis e paneis inmensos, onde os supostos resultados de accións da Xunta de Galicia aparecían usurpados polas siglas do Partido Popular. ¡Infame! ¿E logo din que só os do Bloque nos negamos a asumir que estamos en Europa?

Na Europa que eu amo semellante falcatruada ética e política non só resulta inadmisíbel, senón mesmo impensable. ¿Ou é iso o que se fai na democrática Europa, furtarlles aos cidadáns o debate entre candidatos e alternativas programáticas e asulagar o país coa omnipresencia mediática do partido no poder? ¿É ese o modelo de democracia que vostedes propugnan para a Europa do futuro?

Perdeu vostede neste ano dúas ocasións singulares de debater en público co Bloque o seu balance, dúas ocasións de gañar ese debate e de lexitimar así, aí tamén, o seu éxito electoral, en lugar de actuaren vostedes como xogadores de vantaxe. Unha delas foi durante a precampaña de setembro ou a campaña de outubro, como se fixera en Gran Bretaña en abril e en Francia en maio; como se fai onde os cidadáns esixen ser tratados como tales e non aturan ser tratados como

súbditos ou servos. Mais vostede recorreu a agocharse na súa cova, ¡vade retro, Satanás!, co pretexto de non querer tensionar o país, de que non debatía con quen o aldraxaba. ¡Curioso! Simultaneamente, os medios de comunicación coincidían unánimes en sinalar que o Bloque e o Beiras estaban a empregar un ton moi mesurado e unha linguaxe de exquisita pulcritude nunha campaña que xa comezamos en maio; e non para lanzar invectivas, senón para explicarmos polo país adiante o noso programa de goberno, mesmo con bases para un plan de emprego, cousa que vostedes nunca fixeron, por iso non o teño que facer aquí agora. Por momentos ata semellaba sermos nós o Goberno e vostedes a oposición.

A outra ocasión foi antes. Trátase do debate do estado da Autonomía —o estado da nación galega—, que as normas vixentes seica decretan que terá lugar no primeiro período de sesións de cada ano; ou sexa, na primavera. Vostede recorreu a unha trécola, a de trasladar ese debate ao outono e, dese xeito, este ano non houbo ese debate; na primavera non, porque xa se trasladara ao outono, e no outono tampouco, porque o Parlamento fora disolto no verán para convocar eleccións.

Mais ese balance, xa que vostede non quixo facelo, éme doado facerllo a min en poucas palabras: fagamos a clasificación dos feitos, da "Galicia en feitos". Primeiro, as *carencias*, o que non fixo vostede en oito anos en temas cruciais, ou fronte a problemas endémicos. Aí están, por exemplo, a electrificación rural, as augas interiores e a rede hidrográfica galega, a comarcalización da administración territorial, como ordena facer o Estatuto de Galicia —hai dezaseis anos—, a aplicación da Lei de montes veciñais, a lexislación e o Plan forestal, o lixo ou os residuos sólidos, o saneamento das rías, a política fronte ao desemprego e os compromisos contraídos con factorías industriais como a das Pontes e a súa comarca ou con cidades como Vigo, Ferrol e o seu *hinterland*.

Segundo. As *desfeitas*, o que fixo ou está a facer vostede ao revés do debido, do reclamado polos cidadáns ou do prometido. Por exemplo, ferrocarril, Sogama, estaleiros ferroláns e vigueses, non privatización de factorías e empresas públicas, empacadora en Vilaboa, encoro do Umia, cota láctea, lexislación e

fusións de caixas de aforros ou financiamento universitario.

Terceiro. As *deturpacións*, o que vostede simulou facer enmascarando o que realmente fixo: comarcalización e ordenación territorial do país, Plan MEGA, sanidade pública, ensino público, e nomeadamente aplicación da ESO, pesca costeira, marisqueo e acuicultura —enteiros—, defensa da pesca industrial nos acordos da Unión Europea ou fronte aos secuestros de buques galegos, autovías e gas.

Cuarto. Os *desmáns*, a ocupación da sociedade "civil" pola Xunta de vostede e o PP, o control social, os gobernos "mal-nacidos" —expresión súa de hai exactamente dez anos—, de mocións de censura montadas con tráfugas esquiros comprados en subhasta á baixa ata polos seus ministros madrileños en concellos gobernados pola oposición.

Quinto. A *depravación do poder*, a manipulación desaprensiva da TVG, a coacción e extorsión sobre medios de comunicación privados —último xoguetes preferido do señor Cuña, coma se non abundase co señor Pe Uve— e a caza e captura ou exilio de xornalistas decentes e independentes. E remato porque sinto vergonza allea.

Mais podo, se prefiren, seguir outro método, moi breve. Hai un pouco, nesta mesma intervención, enumeraba unha serie de problemas fronte aos cales os nacionalistas elaboráramos diagnósticos, prognósticos e alternativas viábeis. Pois convídoos a vostede, ós medios de comunicación e aos propios cidadáns a faceren a contratastación dese repertorio de temas cruciais coa súa acción de goberno en oito anos, e sométome ao exame das conclusións ás que se chegue.

Ben sei —e vou rematando, señor presidente—, pódeme retrucar que un de cada dous electores o votaron a vostede o 19 de outubro; pois mesmamente iso, en vez de resultar incríbel, é a proba que corrobora a exactitude da análise, da reflexión que acabo de desenvolver ao longo deste discurso; e máis aínda se tomamos nota de que dous tercios do electorado carece de estudos de calquera nivel ou só ten os primarios; ou sexa, está moito máis desarmado que outros para resistir un bombardeo constante do "pensamento único" de vostedes, e non por culpa deles, senón de dezaseis anos do Goberno autonómico que os manti-

vo nesa situación cultural. Velaí outro balance esplendoroso dos logros do PP en Galicia.

Que obtivesen vostedes ese resultado electoral nas condicións que eu expuxen ata é normal e corrobora a miña análise. O asombroso é que nestas mesmas condicións máis dun de catro cidadáns galegos votasen o BNG; eses si que exerceron a liberdade de pensar pola súa conta, o mesmo que nós exercemos a obriga democrática de exporlles con diafanidade o programa da nosa alternativa de goberno e de exhortalos a pensar e a decidir o seu voto libre e conscientemente; liberdade con coñecemento, en lugar de calalos a lazo ou de "sacalos de debaixo das pedras" e "carretalos como fose", segundo expresións empregadas por vostede, señor Fraga, nas súas arengas electorais, non dirixidas aos votantes, senón aos axentes do seu partido.

Con todo, nós respectamos coma quen máis este Parlamento e asumimos sen recelos a súa maioría absoluta aquí. Demostrámolo deixando ao dispor do resto da oposición 3 dos 8 postos que lle corresponden a ela en conxunto nas comisións lexislativas desta Cámara, en contraste coa exclusión á que se nos sometera na pasada lexislatura, cando aínda non eramos nós a forza maioritaria desa oposición. Volvémoslo demostrar aínda o outro día rectificando de inmediato un fallo funcional noso que os deixaba a vostedes sen unha presidencia de Comisión que lles correspondía, e non hai dúbida. Non o demostran en troques vostedes, en reciprocidade, ao non renunciar ao escano número 13 pola Coruña que o recuento final do 19 de outubro nos atribuíu a nós... (*Risos.*) ... que non lles fai falta para a súa maioría absoluta e que xuristas honestos e cultos saben que vostedes se apropiaron, ao cabo, con votos espurios e nulos. Vexan, pois, o contraste entre a nosa ética democrática e a de vostedes —e remato—.

A miña análise crítica, polo tanto, non está elaborada desde o resentimento atribuíbel a unha posición derrotada, senón mesmamente desde a lucidez que o abraiante triunfo obtido polo Bloque esixe que teñamos eu mesmo e mais o grupo parlamentario, a dirección, a militancia e a base social electoral do BNG, para non sermos vítimas de espellismos e acertarnos de cheo na nova etapa que se abre neste proceso fáctico de emancipación do pobo galego; ou sexa, da súa

autoorganización con forzas políticas e sociais propias, do avance no exercicio progresivamente maior da súa xenuína soberanía, na conciencia da súa dignidade e autoestima, na reconquista e práctica desalienada dos seus dereitos e liberdades, e na conquista do benestar material social e cultural.

E comprenderá vostede, señor Fraga, que isto significa que seguimos a estar nas antípodas de vostede, da súa concepción do poder e do seu uso, da autonomía e da súa virtualidade, da súa concepción da democracia e do respecto dos seus respectivos principios, polos que recibimos o mandato representativo dos cidadáns para servilos, e non para manipularlos, para poñermos as institucións ao servizo dos galegos, non para apropiármolas. Un mandato de 400.000 cidadáns que nos votaron para que prosigamos o duplo labor de sermos oposición rotunda ao que vostede representa e fai na súa práctica política, e mais sermos tamén a alternativa política e programática de goberno capaz de iniciar un novo roteiro, un novo estilo e unha nova carta de navegación para a singradura histórica contemporánea do pobo galego na Europa do renacemento permanente dos pobos e no océano das descubertas dos nosos ancestros.

Velaí o sentido primordial da miña matinação; velaí a orientación cardinal da actitude e do esforzo político do Bloque nesta altura; velaí tamén a dirección na que nós coidamos que se move a vaga de fondo que percorre e sacude as entrañas da sociedade na Galicia actual, que está a transformala de xeito moito máis veloz e profundo do que podían percibir os que non esculcan a nosa intrahistoria e que agora se abraían da "emerxencia" do nacionalismo galego no Estado. Iso que agora emergulla perceptiblemente na superficie, non é máis que a escuma e o salseiro que erguen as correntes e as vagas do mar de fóra cando penetran na ría e baten co vento en contra, que son vostedes; o vento local en contra da maré e do mar de fondo: nunca un tal vento impediu que encherá o mar cando abala. Dixen.

Moitas gracias.

(Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

Ten a palabra o señor Pita Varela polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor PITA VARELA: Señor presidente, señoras e señores deputados, é a primeira vez desde o período constitucional comezado no ano 1978 que un candidato autonómico ou central obtén por terceira vez consecutiva unha gran maioría como consecuencia dun proceso electoral. Tal é o caso do candidato do Partido Popular, don Manuel Fraga, e échenos de san orgullo, fundamentalmente ós membros do noso partido, e concretamente ó grupo parlamentario, pola resposta do pobo galego a oito anos de goberno do Partido Popular, a oito anos de goberno do presidente Fraga, agora ratificado por terceira vez, e ademais afastando a negra sombra da abstención crónica nos procesos electorais que se producía en Galicia, pois foron as eleccións coa maior participación, o 66,3%, superando o Partido Popular, por primeira vez, os 800.000 votos e logrando 42 dos 75 escanos do Parlamento Galego; o cal nos permite, xa non prestalo apoio ó noso candidato, senón renderlle o noso apoio, ó mesmo tempo cá nosa admiración e a nosa fidelidade.

Xa fixo o noso candidato unha exposición proluxa dos logros destes últimos anos e dos proxectos para os vindeiros, e así, cumprida a maioría dos obxectivos programáticos dos anos 1989 e 1993, acadamos no día de hoxe unha situación que todo o pobo galego sabe que é moi diferente á que nos atopamos no ano 1989.

Galicia, cando chegou o presidente Fraga no ano 1989, era a comunidade que tiña, entre outras moitas cuestións, as peores estradas de todo o Estado. En 1993, xa era a segunda nas mellores detrás de Aragón. En 1997, Galicia é a comunidade coas mellores estradas autonómicas gracias ó investimento de 600.000 millóns do Goberno do presidente Fraga, do Goberno do Partido Popular.

Na sanidade, o impulso foi excepcional. Os novos hospitais aí están, e tamén os 200 novos centros de saúde, os servizos de urxencia, o 061, etc.

Na educación, o 90% do presuposto vai para o ensino público e sómo-la comunidade que máis investimentos ten en comedores e transporte escolar, non sóamente do Estado español, senón do conxunto das

160 rexións de Europa. Pasamos dunha a tres universidades, con 90.000 estudantes, e pasouse de 46 carreiras no ano 1989 a 148 en 1997, achegando a Xunta, o Goberno galego do presidente Fraga, un total de 200.000 millóns, o maior esforzo na universidade de todo o Estado.

Na industria, triplicámo-las exportacións e pasamos de 250.000 a 800.000 millóns —estes son datos do ano 1996—. No ano 1997 imos supera-lo billón, e ademais con equilibrio por primeira vez e superando as exportacións ás importacións.

Na pesca, aumentaron as exportacións ó 50%.

Na loita contra o lume, a Xunta montou os servizos máis perfectos de Europa, conseguimos conservar-nos montes e así témo-la maior reserva forestal de toda Europa. Iso si que é defende-lo medio ambiente.

O gando está saneado e conseguimos que os nosos produtos teñan denominación de orixe, así como eses magníficos viños galegos promocionados en campañas de "Galicia Calidade" por todo o mundo.

Sómo-la primeira comunidade do Estado en novas instalacións de enerxía eólica e imos se-la primeira comunidade cunha planta integral de transformación dos residuos sólidos que absorberá o lixo dos 314 concellos de Galicia, eliminándose os centos de vertedoiros incontrolados. Digo os 314 porque supoño que, ó final, a algúns que hoxe se resisten, non lles quedará outra alternativa que sumarse ó Plan Sogama.

No sector industrial estamos medrando o dobre có resto de España, e baixou o paro e aumentaron as afiliacións á Seguridade Social, acadando por primeira vez na comunidade galega os 800.000 afiliados.

O turismo en Galicia, desde o "Xacobeo 1993", experimentou un aumento espectacular, e é de destaca-lo impulso que se lle deu ó turismo rural.

O Goberno Fraga, o Goberno do Partido Popular, creou nestes anos o Instituto Galego de Promoción Económica, que concede créditos a baixo interese, especialmente ós autónomos, á pequena e mediana empresa, base do tecido productivo galego.

As vivendas sociais son a prezo moito máis barata en ningún lugar do Estado, como consecuencia do segundo decreto do Goberno Fraga, que prima cun 50% de subvención, á parte doutro 50% ós intereses, para que sexan máis baixos. Repito, o 50% subvenciónao o Goberno galego, única Comunidade do Estado que fai esta acción de cara á atención social dos galegos.

As axudas á emigración multiplicáronse por dez, creándose programas como o de reencontros, e, por primeira vez, quero recordar, en trinta e cinco anos o noso presidente conseguiu mellora-la difícil situación dos nosos emigrantes en Cuba, feito que non fixeran outros que tiveron a oportunidade de facelo.

Nestes vindeiros anos a xeración de emprego constitúe a primeira prioridade da política económica do grupo parlamentario, do Goberno e do seu candidato. Desde o 1 de xaneiro do ano 1996 ó 30 de xullo de 1997 producíronse cerca de 50.000 altas na Seguridade Social, o que confirma que a liña que seguiu o Partido Popular é a boa e será reforzada con outras novas, incluída a novidade que significa a transferencia do Instituto Nacional de Emprego, que converten a Galicia en administración única en materia de emprego.

As políticas activas de emprego centraranse especialmente nos grupos sociais con maiores dificultades de inserción laboral: os desempregados de longa duración, os mozos, as mulleres, os maiores de 45 anos e os discapacitados.

O Grupo Parlamentario Popular tamén vai apoialo seu candidato para que nos vindeiros anos se produza a plena integración na Unión Europea, a creación de emprego, de riqueza e de benestar social con carácter prioritario na política económica do Partido Popular, e procurar un gran pacto cos axentes sociais. Atención, tamén, á investigación e ó desenvolvemento tecnolóxico en colaboración coas empresas.

Eu quero recordar que na sanidade, ¡canto camiño e canta diferenza entre o que eu case denominaría a esmola que nos ofreceron cando se fixeron as transferencias e o financiamento digno, cun novo pacto, co Goberno xusto de Madrid, que nos sitúa como a segunda comunidade máis beneficiada, con algo máis de 102.000 pesetas por habitante e ano!

No ensino, ademais do feito, imos aplica-la LOX-SE, como dixó o noso candidato, con decisión e cos recursos necesarios. Xa se habilitaron hai pouco tempo 25.000 millóns para estes fins, e hai novos mecanismos que van xurdir e se verán plasmados moi pronto para o financiamento universitario.

Seguirá tamén a especial atención á familia, á muller e á xuventude. Hoxe a muller, tanto a galega coma as demais, xa non reclama o dereito á igualdade co home, senón o dereito a ser ela mesma. Así o entendemos, e a nosa política irá por ese camiño.

O noso sector industrial, do que xa fixen unha leve referencia antes, medrou a un ritmo moi superior ó do resto do Estado, e pasamos de ser deficitarios a mellora-las exportacións, multiplicándoas por catro. Aínda estes días o Consejo Superior de Cámaras de Comercio, Industria y Navegación de España subliña a gran recuperación da economía galega, liderada polos sectores industriais e os de servizos, o extraordinario comportamento das exportacións e a recuperación do consumo privado pola mellora das rendas, a redución dos tipos de interese e o investimento en equipos. Todo consecuencia do apoio do Goberno galego, que apostou pola potenciación dos sectores productivos con axudas moi importantes, especialmente —como tamén xa dixen antes— para as PEME e autónomos, auténticos motores da economía galega.

Da sensibilidade do Goberno cara ó medio ambiente vén a creación dunha nova consellería específica. Quero recordar, en canto a medio ambiente, que aquí se debateu longamente cando se falou da planta de residuos industriais hoxe radicada nas Somozas. Tremendamente criticada pola oposición, ía provocar unha auténtica desfeita en canto á contaminación na nosa terra. Transcorrido o tempo e funcionando, nunha outra voz se escoitou. Está funcionando de forma modélica, e encima, recentemente, ata para a recollida de pilas, eses elementos tan perturbadores do medio ambiente. Precisamente é a primeira planta do Estado que a vai asumir e xa está facendo esta recicla.

No mesmo sentido podemos falar de Sogama, pero non me vou parar nesa cuestión. Dentro dalgún tempo estarán os feitos, como pasou coa anterior que

acabo de reseñar. Así digo tamén, en canto ás enerxías renovables, que somos punteiros no Estado.

Hai un tema que se vén tocando desde hai bastante tempo, que afecta á nosa identidade, á identidade como galegos, pero a identidade como galegos dos deputados, dos votantes e do candidato do Partido Popular.

Nós, díxoo aquí o presidente, exercemos un galeguismo constructivo, un galeguismo popular e aberto, e quede claro que nos atopamos fronte ós que defenden estatalizacións ata límites irracionais e caducos, que van en contra das liberdades e do pensamento moderno e contra o noso pensamento do galeguismo, fronte ós que queren disgregar en lugar de xuntar.

Nós, no nome do Grupo Parlamentario Popular, reafirmámonos nun galeguismo popular, tolerante e aberto, que recolle —como dixó o presidente na súa exposición hai dous días— as mellores tradicións do humanismo, de defensa da democracia e das liberdades e de respecto pola iniciativa privada. Defendemos un galeguismo que rexeita o dirixismo, que asenta as súas bases na tradición dos precursores e dos seus continuadores, que se vale de si mesmo e do apoio maioritario do pobo galego para emprender cantas accións sexan necesarias para a modernización e o avance da nosa terra.

Nós, e dígoo porque non hoxe, pero en moitas ocasións se dixó que copiábamo-lo programa non sei de quen, quero facer constar que non, que non imos ir a Chernobil para estudia-lo medio ambiente nin os dereitos humanos a Bosnia nin escoita-lo discurso fundamental do señor Karadzic nin as liberdades dos estudantes a China nin a libre expresión a Albania nin os dereitos ó autogoberno nunha autonomía en estado puro como Chechenia. Obviando a ironía, señor presidente, nós non copiamos a ninguén. Os nosos postulados e os nosos compromisos asumímolos nós, están recollidos no noso programa e o pobo galego, non outros, outorgounos unha xenerosa maioría para que os levemos cara a adiante. Repito, o pobo galego todo, con *títalo* e sen *títalo*. E nós, señorías, señor presidente, que non somos excluínates, mandamos unha mensaxe: "Nós somos galegos coma todos, e, coma nós, todos tamén, pero máis ca nós, ninguén".

Fixo o noso candidato un discurso claro e xeral do noso programa e das liñas de actuación para os vindeiros anos. Lamentamos tamén que quedasen defraudados os que esperaban que o noso candidato expuxese un por un tódolos puntos do noso programa, o cal xa repartimos durante a campaña electoral e pensamos que o pobo galego o entendeu bastante ben, pero se por algunha circunstancia saben dalguén ó que non lle chegase e que estea interesado, non temos inconveniente en facerllo chegar a quen consideren oportuno.

É certo que faltan moitos treitos por percorrer, pero menos que hai catro anos e moitos menos que hai oito. Un dos motivos principais do apoio popular ó Partido Popular nas últimas eleccións foi a credibilidade polo traballo feito. Foi porque o pobo galego comprobou que tivo nestes anos un presidente, un Goberno e un grupo parlamentario que traballou arreo para impulsa-lo progreso e a modernidade con accións de goberno que se poden palpar fisicamente e están á vista. Contamos co apoio da maioría do pobo galego porque, ademais, o traballo do Goberno nestes anos viuse apoiado respaldado co traballo que se fixo nesta Cámara, con novas leis que dotaron o Executivo dos instrumentos para que a nosa Comunidade Autónoma se poida rexer cun considerable número delas, que nos permiten diferenciarnos nas nosas peculiaridades e características propias, profundando en algo que nós defendemos, que é o autogoberno.

Así, soamente vou citar algunhas: a Lei da función pública, a dos artesáns de Galicia, a de coordinación das policía locais, a da creación do IGAPE, a Lei dos arrendamentos rústicos históricos, a de servicios sociais, a das estradas de Galicia, a do pacto local, a de creación do Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia, e así ata case cen, todas de relevancia e de gran incidencia na nosa cidadanía.

Todo isto determina que tanto no conxunto do Estado como incluso na Europa das rexións, moi poucos acadaron os niveis que temos en Galicia. Incluso, como dicía recentemente un informe publicado nos medios de comunicación, superamos a países federais na descentralización autonómica.

Tamén aquí soportamos estoicamente as críticas inxustas ó novo Plan de financiamento, pero o día a

día vai demostrando que con el mellorou considerablemente a capacidade financeira da nosa comunidade e que tiñámo-la razón, e non aceptamos —e cada vez tamén se demostra máis— algunha proposta dalgún grupo con relación ó sistema de *cupos*, que soamente favorece as comunidades ricas e a súa implantación na nosa terra sería un desastre.

Para completa-lo traballo feito nestes anos, traeremos a esta Cámara, e trataremos de que saian cara a adiante, leis tan importantes coma a do audiovisual, que vai se-la primeira do Estado, o Proxecto de lei de financiamento das facendas locais, unha lei de acompañamento que ten relación coa que dixen con anterioridade, a Lei de orzamentos de 1998, na que o Goberno fará uso da capacidade normativa tanto nos tributos cedidos coma no IRPF, e esta é unha das diferencias entre o famoso financiamento que nós recoremos, do 15%, e o financiamento que se acadou co novo plan que temos neste momento. Traballo nos custou —supoño que xa o entenderían— convencer a algúns membros da oposición para que entendesen a diferenza entre un e outro. Supoño que xa o terán aprendido.

Con estas e con outras moitas leis que virán a esta Cámara completárase un conxunto de normas que nos converten na Cámara máis viva en lexislación de todo o Estado. E para avanzar no programa que presentamos, fixándonos como metas destacadas as que subliñou o noso candidato e que eu non vou repetir, quero destaca-lo que serán as actuacións na creación de emprego co apoio ós sectores productivos, a redución da presión fiscal, para a creación de emprego, especialmente ás pequenas e medianas empresas e ós autónomos, algo que nunca entenderon algúns que se atopan nas bancadas contrarias ó Partido Popular. Ás veces eu diría que me expliquen quén copia o programa, cando agora algúns, que durante moito tempo quixeron acabar coa iniciativa privada, veñen de reudentores a postula-lo que defendemos sempre outros.

Despois dos anos escuros dun Goberno central zafio, insolidario co pobo galego, que non nos entenderon, non, que chegaron ó colmo cando en temas tan fundamentais para a nosa terra, como era o das autovías, puxeron o límite de España polo oeste non na Fisterra, non no océano Atlántico, senón en Benavente, esquecéndose desta terra, hoxe atopámo-

nos nun momento óptimo: cun Goberno en Madrid que nos entende, que nos apoia, que é solidario con nós, o cal se está demostrando e o cal se demostrará nos vindeiros anos. Por exemplo, aquí citáronse actuacións nunha área especialmente masacrada en tempos pretéritos, como é toda a comarca de Ferrolterra. Está posta en marcha toda aquela maquinaria para que nestes vindeiros anos Ferrolterra recupere a puxanza industrial que tivo, especialmente no sector naval. Isto, precisamente, pola colaboración deste Goberno xusto que hai en Madrid, que colabora co Goberno, con ese Goberno que apoia esa gran maioría, o do Partido Popular en Galicia.

Atrancos hai moitos, pero o importante é te-la capacidade e o ánimo para superalos. Así se fixo e así se vai seguir facendo. Poucas veces, señor presidente, un grupo parlamentario pode sentirse máis satisfeito do que hoxe está o Grupo Parlamentario Popular ó apoia-lo noso candidato para se-lo presidente de Galicia, para se-lo presidente dos galegos nos vindeiros anos. Oitocentos mil votos son moitos votos. Iso é un valor engadido á bagaxe de méritos do noso candidato. Ese é o referendo abrumador a oito anos de xestión brillante, espectacular nalgúns casos, feita con rigor e seriedade; oito anos de accións encamiñadas sempre a conseguilo progreso de Galicia e dos galegos.

Señor candidato, no nome da maioría do pobo galego, que nós si a representamos, e no nome dos de Monfero, e cito ós de Monfero porque os lembro con emoción sempre que falo daquel lugar, quero recordar que cando se inaugurou a primeira liña de telefonía dixital do Estado español, nun concello da montaña da provincia da Coruña, marcouse un fito con aquela xente que estaba abandonada, que tiña que pagar ata un millón de pesetas por instalar unha liña telefónica, escolléndose aquel lugar como primicia no ano 1992. A partir daquel momento espalláronse os teléfonos por toda a nosa xeografía, ata eses 100.000 que hai — máis de 100.000 na actualidade—, ó prezo dos demais.

Todos eses pasos fixeron que desde Monfero ata Trazo, aquí cerca de Santiago, outro concello marxinado nesa cuestión, coma tantos outros, desde as grandes cidades, pasando polas vilas e os rúes, desde a metrópole de Galicia ata a diáspora, tódolos

galegos, eles e nós, o Grupo Parlamentario Popular, que sómo-los que os representamos, queiramos que sexa o noso presidente para os vindeiros anos. E queremos que siga completando o programa que desenvolveu ata agora, así como os novos proxectos que expuxo nesta Cámara hai dous días, recollidos no programa do Partido Popular. Repito, abrumadoramente referendados nas eleccións do 19 de outubro.

Por todo iso, señor presidente, diríxome ó noso candidato para manifestarlle no nome do Grupo Parlamentario Popular a nosa admiración, o noso respecto e o noso apoio para que governe a nosa terra, a de todos, nos próximos catro anos.

Moitas gracias.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: A sesión suspéndese ata as catro e media da tarde, hora á que se reiniciará coa contestación do candidato ós distintos grupos parlamentarios.

Ata entón, suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión ás dúas e cinco minutos da tarde e reiniciase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado de tódolos membros da Mesa, que é asistida polo oficial maior e a letrada señora Rodríguez Carro.

Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta de Galicia en funcións, acompañado de tódolos conselleiros tamén en funcións.

O señor PRESIDENTE: Señoritas e señores deputados, reiniciase a sesión coa contestación do candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

Ten a palabra o señor Fraga Iribarne.

O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Gracias, señor presidente.

Con moito gusto paso a responder ás observacións feitas polos voceiros dos diferentes grupos, e non teño que dicir que comezo por dálle-las máis cordiais

mostras de gratitude ó Grupo Popular e ó seu elo-cuente voceiro o señor Pita, agradecéndolle-lo seu apoio e recordando que representan á maioría do pobo galego, polo menos en canto se expresou a través do seu corpo electoral, o de aquí e o de acolá. Temo que despois teño que volver sobre isto. De novo, moitas gracias.

Ó señor voceiro do Grupo Mixto, paisano meu, porque é tamén da Terra Chá, o señor Guerreiro, quero felicitalo, non polo seu discurso, porque é moi difícil, como é natural, estar de acordo con el, pero teño que dicir que, como é sabido, despois dunhas eleccións, todo o mundo gaña, pero o verdadeiro vencedor absoluto é el, porque é evidente que con moi poucos votos fixo entrar a dous membros do Grupo Mixto e, como é natural, o famoso *Olivo*, que non está feito para o noroeste de España, só dá olivas para el. (*Risos.*)

Falaba el, probablemente pola súa prolongada ausencia deste Parlamento, dun Parlamento ornamental, supoño que agora vai deixar de selo coa súa presenza, pero a verdade é que nunca o foi. Eu aquí pasei oito anos e teño que dicir que houbo moito traballo e que se puxo moito interese por todo o que se dicía, que non sempre, como é natural, era o máis agradable.

Tampouco podo concordar co que el di de que eu debuxei un paraíso inexistente en Galicia. Ben lonxe de min, ben sei o moito que nos queda por facer. Non foi ese o contido do meu discurso; en todo caso, en dúas horas non era posible, evidentemente —e foron bastante aproveitadas, creo eu—, dicir todo o que había que dicir, pero eu tiven a honradez de repartir non só o programa completo do partido, reafirmándome no seu cumprimento, senón que entreguei, cousa que ningún outro grupo pode entregar —por certo, sen dúbida existe nas mentes dos seus ilustres representantes—, un xogo de libros brancos nos cales están as análises dos problemas nos que, certamente, en moitos casos, se narran dificultades importantes.

Agora, vostede fala de regresión económica en Galicia e de crise estrutural, de perda de riqueza relativa, e non parece que sexa así. En todo caso, como moitos dos temas que el tratou un pouco por riba volven saír despois noutros discursos, voume referir ó

que me pareceu o máis construído, que foi o do voceiro socialista, e aí entendo que el se dará por contestado tamén.

Non hai renuncia ó sector público, non é verdade; o que hai é a necesidade, que se sente en todo momento, de poñelo no seu xusto nivel. Ninguén pretende que moitas obras públicas..., aínda que algunhas xa hoxe se fan tamén con criterios de habilitación financeira, nin que a saúde sexa toda ela privada, aínda que haxa un sector privado competitivo. O que é evidente é que poñer iso no seu xusto límite é do que se trata, non só en España, en tódolos países máis importantes, moitos deles, por certo, con goberno socialista.

Tampouco é verdade que hoxe esteamos en contra da LOXSE. Lamentamos que esa lei, no seu momento, non fose máis consensuada, lamentamos que non fose acompañada, cando a fixo o Goberno socialista, das dotacións correspondentes, e estamos a facer un esforzo importante para sacala a adiante. En todo caso, que haxa ausencia de peso no noso sistema económico, que haxa claudicación —o famoso "amén, si señor"— nos foros internacionais e supresión de estratexias do partido, pódolle dicir que é pura e simplemente falso.

Di que el podería aceptar a un político reaccionario —a súa talla di amablemente que a reconece—, pero non ó que teña supeditado a un funcionario. Eu pido que tomen nota tódolos funcionarios. É a primeira vez que oío mencionar esta palabra, non a de burócrata, non a de..., en fin, podería dicir outros adxectivos. A palabra funcionario é unha nobre palabra. É máis, hoxe pódese dicir que en tódolos países importantes do mundo a maior parte dos políticos de talla resulta que antes pasaron pola función pública. Claro que, ó mesmo tempo —e aí si que non sei qué era o que quería dicir—, viña dicir que era un funcionario que facía soa-lo tambor de brumario. Mire, eu creo que esa obra —despois falaremos de Marx, que vostede segue admirando; eu nunca tiven esa tentación— non ten nada que ver coa situación actual, ó contrario, se hai un gobernante tranquilo, mesmo frío, é o señor Aznar, que, ademais é un brillante gobernante.

Insistiu moito o voceiro do Grupo Mixto —e xa o dixera o outro día no comentario ó meu modesto discurso— en que era un discurso sen ilusión, sen espe-

ranza. Ben, eu fun ó dicionario galego —que, por certo, é excelente, acaba de editalo a Real Academia, á ca, hai que felicitar; eu fíxeno o outro día publicamente na presentación, e ós seus autores, especialmente a don Constantino García— e fixeime nas acepcións dúas e tres que dá o devandito dicionario da palabra *ilusión*. O número dous di: "Esperanza de conseguir algo ó que se aspira ou que se desexa moito". Pódolle dicir que esa esperanza por Galicia a tiven, a teño e a terei ata que morra e a teñen tódolos que sentan aí. É diferente da súa. A acepción número tres di, tamén de *ilusión*: "Erro dos sentidos ou da mente que consiste en tomar como real, ou posible no futuro, algo que non o é". Supoño que a miña é a primeira, e temo que a segunda sexa a súa.

Nunha cita erudita a Dante —por certo, a quen sempre temos que evocar como un gran poeta relixioso, como un gran home, cunha visión de Europa, das primeiras, e como un dos primeiros que faloron de modo extraordinario da influencia do sepulcro do señor Santiago— di que eu digo no meu discurso: "*Lasciate ogni speranza...*" Digo todo o contrario. Falo de posibilidades por todas partes e de horizontes por todas partes.

Eu preguntome neste momento, e é unha pregunta que terei que repetirme varias veces no curso desta breve intervención de réplica: ¿que opina o señor Guerreiro da capacidade dos galegos para xulgarnos a todos? Porque dá a casualidade de que non estamos en campaña electoral, de que xa foron as votacións. Neste momento, se el supón que os 840.000 que nos votaron son todos xente ignorante, xente manipulada, xente sen conciencia de futuro, todos pesimistas, pois teño a sensación de que pode estar profundamente errado e de que, naturalmente, iso non é bo.

Falou —e creo que expreso exactamente as súas palabras— de "simpatía infinita por Carlos Marx". Carlos Marx foi un filósofo de segunda, foi un político de terceira e foi un axitador de primeira. Pero hoxe non é cuestión de simpatía, porque houbo un momento no que, efectivamente, moita xente pensou na súa solución, que nunca enganou a ninguén, sobre todo nos escritos posteriores á Comuna de París, nos que hai xa un marxismo-leninismo e nos que xa se reflicte a dictadura do proletariado. En todo caso, hoxe non é cuestión de dicir, como dixó un pouco inxenuamente

a señora Webb cando visitou Rusia: "Vin o futuro e funciona". Ben, si, algo funcionaba, podía poñer un home na lúa, etc., pero neste momento, cando de resultados se trata, porque xa pasaron máis de cen anos desde o *Manifiesto comunista*, é evidente que ter simpatía infinita por Carlos Marx, despois de se publicar un libro clave que me permito dicir que é algo gordo e que a min me custou bastantes tardes de domingo lelo, *Le Livre noir du communisme*, onde están datos precisos e contrastados, onde se ve que máis de cen millóns de persoas, en Rusia, China, na Camboxa de Pol Pot foron asasinadas polo comunismo ó servizo dos seus ideais, que merecen a simpatía infinita do señor Guerreiro, pois parece que hai que ser moi guerreiro para dicir isto. En todo caso, ¿que deixou detrás, á parte dos crimes monstruosos que xa ninguén nega? E xa é inútil dicir: "Isto foi Stalin, que foi un desviado". Non, están todos na filosofía de Marx e de Lenin: as economías desfeitas, o medio ambiente destruído, as sociedades trituradas e o que sabemos que queda detrás de todo isto.

Nego, polo tanto, terminantemente propoñer nada que teña que ver coa desesperanza, pero si é verdade que os nosos ideais e as nosas simpatías infinitas son diferentes. Xa sei que isto vai parecer folclórico, pero eu para celebrar que temos aí os galegos convencidos de que aí está o futuro teño convocados a miles de gaiteros. Hoxe tráioos na gravata, porque creo que eles, e non determinados ideólogos, son os que realmente representan a Galicia.

Despois de dicir isto, teño que dicir que vostede propón, un pouco de modo resumido, moito máis ca min, como é natural, unhas alternativas, non sei se exactamente en nome da coalición, do Grupo Mixto, do vello Partido Comunista ou de Esquerda Unida-Esquerda Galega, etc. Nelas propón, por exemplo, medrar ó 4%. Ben, iso pódese propoñer; eu o que lle podo dicir é que os investimentos van nesta dirección. En 1989, eran sobre PIB, 3,33%; en 1997, son 4,31%. Xa sei que non é a mesma cousa, pero é o único que nós podemos garantir; é dicir, traballar para o crecemento, que despois depende de factores que poden estar no Xapón ou nas bolsas de Tailandia.

Propón un investimento público do 5% do PIB —xa lle digo que superámo-lo 4,31%—, e fala de empresas públicas, que di que van desaparecer. Non,

moitas vanse manter, van funcionar mellor. Eu creo que ninguén me pode nega-la xestión, que, por primeira vez, se conseguiu. O Goberno anterior deixou sen resolve-lo tema do Plan 100 das fragatas. Vanse facer en Bazán as catro mellores fragatas do mundo, mellores cás do proxecto anterior, despois dunha loita internacional importante, despois dunha fórmula intelixente do Ministerio de Defensa e do Ministerio de Industria, e cando son necesarias aí están. Pero é evidente que hai outras cousas que as pode facer perfectamente unha xestión privada, e non hai razón ningunha para non aproveitar e descargar, precisamente para cousas que só o público pode facer, a determinadas partes do presuposto xeral.

O grupo lácteo, mire vostede, non é o que algúns queren, pero desde que nós estamos aí existe un grupo cooperativo, que xa é un dos grandes de España. Neste momento —despois falarase noutra resposta do tema lácteo— é absolutamente falsa a cifra que mencionou aquí sobre a elaboración de leite fóra de Galicia, e agora nós xa témo-lo que lle convén a Galicia. Non é un grupo burocrático, senón un grupo cooperativo, pero para o cal fixemos, traballamos e obtivémo-la compra de activos importantísimos que neste momento fan del un grupo moi importante. Evidentemente, pódese ir por ese camiño, pero despois desas simpatías antes demostradas, a nós parécenos que esa política que se propón xa fracasou na Europa oriental e noutros sitios.

Fala de reparti-lo traballo, dando a entender que realmente é máis fácil que crear emprego, e de reparar miseria. Eu persoalmente non o creo, xa xei que neste momento hai quen defende esa tese, pero eu, desde logo, non creo nela. Falaremos despois do Plan de emprego.

Pide que o 10% dos investimentos do Estado sexan para Galicia. Ben, vostede sabe perfectamente que non sómo-los únicos aspirantes a entrar no reparo e, polo tanto, todo o que sexa pensar en que se pode chegar a un 10% con 17 comunidades autónomas, cando todas alegan as súas débedas históricas, como é natural, é pedir un pouco demasiado. Si lle pode dicir que imos ter —logo poñerei algún exemplo, como o do financiamento sanitario— as nosas posibilidades, que son realmente boas.

Falou despois o voceiro do Grupo Mixto da estrutura do Estado, dando a entender que eu no meu discurso dixera que o autogoberno podía levar á disolución do Estado. Isto é rigorosamente falso; eu dixen o contrario: autonomía, a que se queira; autogoberno, canto máis mellor. Alguén dicíame: ¿onde van esas propostas? Vese que non len os xornais, porque nesas propostas xa se está traballando, como na reforma do Senado, xa o principio de Administración única está aceptado polo Goberno central, e nos demais xa se está entrando.

Pero o que é evidente é que —neste momento vostede ten que me perdoar de que non teña falsa modestia— darme a min unha lección de dereito político é un pouco aventurado, porque aí está o exemplo alemán da competencia do Bundesrat, que, por certo, non afecta ás leis, senón a regulamentos, e que é unha cámara con moitos menos poderes có Senado que vai saír, de acordo coa proposta de Galicia. Sobre a referencia que se fai neste momento á Constitución americana, hai un federalismo para desunir e hai un federalismo para unir. A Constitución de Filadelfia foi feita sobre un estado confederal, é dicir, no cal os estados se reservaban a soberanía e o dereito de saír, de secesión, que precisamente, como di o preámbulo famoso da Constitución de Filadelfia, é para facer unha máis perfecta unión. Polo tanto, é unha comparación absolutamente inadecuada.

Eu o que non podo aceptar é a idea do estado multinacional, e ademais con privilexios, como se pretende; estado que non se presenta —teño o texto do señor Durán i Lleida— como federal, senón como confederal para unhas cousas e federal para outras. Os señores de Elkarri —que, por certo, me pediron vir, e vounos recibir estes días— queren volver á idade media, ás fórmulas foralistas anteriores ós Reis Católicos. Evidentemente están traballando no que non é unha utopía, senón unha ucronía, fóra do tempo.

Tampouco podo acepta-la idea da famosa Liga Norte de Italia. Pode haber alguén que teña clara a idea de que para ser español hai que ser primeiro galego, catalán ou andaluz, que é a nosa forma de ser españois, pero por outra parte non podemos renunciar á gran creación que entre todos fixemos, que é a que nos fai grandes, a que nos fai coñecidos, a que nos

permite ter algún peso específico onde hai tan grandes potencias hoxe, dentro e fóra de Europa. Diso non me van convencer. Ninguén defendeu máis ca min o poder político e administrativo de Galicia, pero dentro de España, con España, e naturalmente con moitas vantaxes da solidariedade do resto de España.

Ninguén fala de plurinacionalidade en Alemaña, ou nos Estados Unidos ou en Suíza. Aquí si. É aquí onde está a diferenza. Por suposto, en todo caso, teña por certo o señor voceiro do Grupo Mixto que escoitaremos con moito gusto as súas propostas concretas. Estou seguro de que non van conseguir facernos simpático a Marx nin o estado plurinacional; pero despois diso, as nosas propostas todas van adiante, e grazas a Deus algunhas delas están próximas a ser xa dentro de pouco parte da Constitución e da lei.

Fala da Unión Europea. Da Unión Europea teño que dicir que efectivamente a miña participación —primeiro como parlamentario europeo e hoxe como membro do Comité das Rexións— é constantemente para defende-lo principio de participación das comunidades autónomas. Hai un libro meu recentemente publicado —que llo ofrezco con moito gusto— sobre o principio de subsidiariedade. Nel teño defendido contra a tese do "amén, si señor" teses contrarias, ou máis avanzadas, do goberno. Todas chegarán no seu momento. Pero quero dicir que, efectivamente, se hai alguén que neste momento non estea en dúbida neste punto, creo que é o presidente en funcións de Galicia.

Pero hai que ser realistas. Respecto deque o galego pida un status especial no Parlamento europeo, xa ten en determinadas comisións —levando un intérprete—, a posibilidade de facerse escoitar, como seguramente vostede sabe. Pero pensar que pode chegar a ser algo parecido a unha lingua de traballo, habendo en Europa tantas linguas ademais das que van entrar agora, é algo que efectivamente non ten posibilidade ningunha.

Eu creo que fixo —e con isto remato— un acertado chamamento á oposición, recordando a todos que hai que baixar á terra e á realidade. E aínda que non teño que dicir en casa allea o que non me corresponde, nós témo-la responsabilidade completa para legislar e para gobernar, pero desde o primeiro momento ofrecemos diálogo e colaboración. Quixéramos ver,

efectivamente, máis unida a oposición, máis capaz de poñerse de acordo nas comisións, etc. Pero en todo caso, que esta vai se-la lexislatura da oposición, é verdade. Vai se-la lexislatura da oposición para a oposición, vai se-la lexislatura do Goberno para o Goberno. Entre tanto, durante catro anos, iso hai que roelo; e hai que roelo sen vir con eses contiños da sucesión, de se as consellerías... Mire, a sucesión témola resolta: o sucesor son eu, por catro anos, se Deus me dá vida. E despois, verémo-lo que pasa cos demais. Do que algúns de vostedes fixeron coa súa unión da esquerda ou o que fixeron das relacións entre o Partido Socialista e Esquerda Unida vale máis non falar, non me toca a min falar; pero a nós eses problemas, grazas a Deus, non nos van pasar.

Señor presidente, paso a responder ó discurso do señor voceiro do Grupo Socialista, que empezou, na miña opinión, cunha boa cita, básica en todo o sistema parlamentario democrático: "Razóns e votos, votos e razóns". Non quero referirme aquí ó volume dos seus votos —evidentemente en claro descenso en diversos niveis—, pero teño que dicir que me pareceu o discurso máis axeitado a este debate dos que escoitei esta mañá. Os votos serán os que sexan, as razóns, para nós, son sempre razóns e ímolos escoitar co máximo interese.

Tomou o traballo de definilas, quizais esquecendo aquel principio romano de *omnis definitio in iure periculosa est*, porque sempre hai cousas que quedan dentro ou fóra das definicións feitas así con carácter xeral. Definiunas como socialdemócratas. Paréceme ben. Téñolle que recordar que agora ten na competencia o señor Beiras (*Risos.*), pero, en fin, esta mañá non o recordou. En todo caso, quérolle recordar que as ideas socialdemócratas están pasando por unha profunda transformación. Non son as mesmas xa —nin en Suecia, por exemplo—, e, polo tanto, quixéramos unha maior precisión.

Definiunas despois como progresistas. E aquí teño que dicirlle que eu xa non paso, porque a idea do progreso é a grande das ideas forza da idade moderna e contemporánea. Hai un libro famoso dun gran escritor inglés sobre a historia de cómo se formou este concepto. Eu nacín no que era a rúa do Progreso, o xornal da miña provincia séguese chamando *El Progreso*, pero resulta que pasa con isto como con outras boas

intencións: unha cousa é progresista e outra defínilla para que produza progreso. Progresistas eran tódalas ideas que se ían facer na Europa oriental. Resulta que unhas cousas producen un efecto, outras outro, e outras os dous á vez: dan un paso adiante e outro atrás. Progresistas somos todos en canto fagámo-lo que hai que facer. Un home non é máis grande ca outro polas palabras que pronuncia, é polo que fai, xa o dixo o gran Cervantes.

E teño que dicir que, efectivamente, dicir que unha empresa por ser pública é progresista non está demostrado. Se o fai mellor, pode que o sexa; se non o fai mellor... Todos queremos progresar, todos queremos que o pobo viva mellor, todos queremos máis teléfonos, máis estradas, máis de todo; pero cando escoito falar de proxectos progresistas, quero que me digan exactamente en qué consisten.

En canto ó de galeguistas, teño que dicir —despois volverei sobre isto— que me parece perfecto. Gustárame estar seguro, porque, por exemplo, o seu secretario xeral, hai poucos días, estaba loitando contra que A Coruña se chamase *A Coruña* —por certo, a miña avoa dicía A Cruña, e eu sigo a súa fala, ¿verdade?—. Pois paréceme que iso haberá que aclaralo un pouquiño.

Ben, análise da situación. É moi xusto dicir que estamos de acordo en que vivimos nun tempo de cambios, de cambios acelerados. Nada indica que teña que ser con carácter pesimista; ó contrario, eu, sen ser “progresista” —entre comiñas—, creo que no conxunto hai máis datos positivos e oportunidades que ó contrario. Pero foi un gran escritor de teatro marxista alemán o que lle facía dicir a un dos seus personaxes: “Estou asustado de tantos cambios”. Eu non o estou. Aínda que vostede nos chamase a dereita conservadora —algún nos chama reaccionarios— nós nin sacralizámo-lo mercado nin satanizámo-lo Estado. Eu isto téño-o dito moitas veces, en moitos escritos que están aí; non hai moito nun sitio que era especialmente para medi-las palabras: nun congreso galego de empresarios. Hai un equilibrio, e un equilibrio é o que chamou Aristóteles o xusto medio. Repito, nin sacralizámo-lo mercado nin cremos que haxa cousas que se poidan nin vender nin alugar, nin cremos tampouco que o Estado poida facer dirixismo máis do que pode facer.

En todo caso, escoitamos. Non nos pareceu moi xusto que nos cambios estruturais que se están producindo na economía galega, e que aí están, que nos fan cada vez máis parecidos en tódolos estudos ó resto da economía española e mesmo á da Unión Europea, non teñamos ningún mérito. Eu creo que a orientamos na boa dirección.

En políticas sociais, tampouco. Pois eu creo que en educación, en saúde —logo volverei sobre isto, sobre todo á saúde, porque din que non a mencionei—, se fixeron avances considerables. ¿Que tivemos medios económicos? Naturalmente, multiplicamos por tres o noso presuposto, aínda tendo en conta unha certa desvalorización progresiva da peseta, que, por certo, agora non se produce. Iso foi resultado dun traballo, e os que din que non defendémo-lo autogoberno deben saber que sómo-lo número 1 en transferencias neste momento, e que algunha delas, a da saúde, da que logo falarei, evidentemente foi moi importante.

Faise unha referencia pasada ó Consello de Relacións Laborais. E, por certo, é verdade que nós nomeámo-lo presidente —neste caso presidenta—. Iso mesmo demostra a independencia con que traballan as institucións. Igualmente puxemos en marcha institucións de control, que estaban no papel pero que non funcionaban, nunca se quixo que funcionaran; o Consello de Contas e o Valedor do Pobo, tamén. Pero dá a casualidade de que ese informe se basea no último trimestre do ano 1996, que é un trimestre que non é dos mellores. Pero, desde logo, o que é evidente é que no conxunto, Galicia —e o que había que saber é de onde partiamos—, que estaba a terceira pola cola, está no número 5 neste momento, que é un avance importante.

Fálase das tendencias en materia de emprego. Mire, as tendencias de emprego aquí as ten:

Evolución da taxa de actividade: en 1997 pásase de 47,82% a 48,32%; segundo a EPA, que é unha fonte seria. Evolución da taxa ocupacional no ano 1997: pásase de 38,42% a 39,93%. Evolución da taxa de paro no ano 1997: pásase do 19,83% ó 17,56%; aquí baixan as curvas. Paro rexistrado: de 198.000 en 1994 a 160.000 en 1997. Estas son as cifras oficiais. Naturalmente un pode escolle-las que queira, pero es-

tas todas van a misa e eu doulle a copia cando queira; agora mesmo se lle parece ben.

Número de inscritos no réxime xeral da Seguridade Social: pásase de 455.000 en 1994 a 499.000 en 1997. E se tomamos tódolos réximes, que inclúe o agrario, de 352.000 a 375.000. Estes son os datos. Non son milagrosos, non son os que quixeramos, pero indican que a tendencia está clara.

En materia de emprego xuvenil, que é naturalmente dos que máis nos interesa —logo falarei do Plan de emprego—, a taxa de paro neste tramo de idade baixa cinco puntos e medio, pasando do 42,17% no ano 1994, a 36,59% en 1997. Estes son os datos e estas son as realidades.

En canto ó dato que dei o outro día e que teño aquí con tódolos detalles e todo o seu aparato crítico, Galicia, sumando tódolos sectores —dos cales agricultura e pesca baixan un 4,28%, mentres en España baixan no mesmo tempo, 1990-1996, o 6,20%— o crecemento real total é de 9,79% e no conxunto de España de 9,37%. Estes son datos que están aí.

Fala vostede da débeda. Ben, voulle le-lo último informe, en inglés e castelán, de *Creditweek*, que é unha das revistas máis importantes do mundo. Di: "O comportamento presupostario de Galicia continúa sendo bo. En 1996 o superávit de exportación foi de novo de cerca do 6% dos ingresos netos, mentres que o déficit de antes do pago da débeda continúa diminuíndo ata alcanza-lo 3,5% dos citados ingresos, o máis baixo da historia". E termina: "O nivel de endebedamento é bo comparado coa meirande parte das autonomías españolas e moderado a nivel internacional. O Goberno autónomo non ten problemas significativos de liquidez e a súa política financeira é conservadora" —que quere dicir prudente, neste caso; non vaíamos agora a chamarlle reaccionaria—.

Falou vostede do territorio. É certo, a Galicia interior non leva o mesmo ritmo de crecemento que a Galicia exterior, pero por factores que neste momento non poden ser atribuídos á Administración. Nunca foron tan boas as comunicacións, nunca foron tan grandes os estímulo, como os teléfonos rurais ou como o turismo rural e tantos outros.

Pero, evidentemente, seguiremos traballando seriamente nesta materia. Desde logo, calquera que examine a distribución per cápita dos presupostos, sobre todo en materia de investimentos, verá que están loxicamente e lexitimamente favorecidas estas provincias.

Defensa do medio ambiente. Ben, ¿que herdamos nós? ¿Que herdamos? Acórdese de cómo ardía Galicia por tódalas partes no ano 1989. E ben saben os paisanos —igual que saben quen lles puxo o teléfono— quen apagou os lumes. Agora creamos, despois do bo funcionamento e coordinación da Dirección Xeral de Medio Ambiente, unha Consellería de Medio Ambiente con tódalas posibilidades.

Do desenvolvemento comarcal escoitei, como é inevitable na actual situación da Cámara, pareceres diferentes. Dinnos que fixemos pouco, dinnos que fixemos de máis... Eu pregunto cál é a alternativa. Primeiro, mándao o Estatuto e, segundo, efectivamente, a única forma de acertar non é tomando en conxunto as provincias e grandes territorios, senón indo comarca por comarca.

"Revolución tecnolóxica"; "pobreza de capacidade". Ben, eu teño que dicir que fixemos unha lei boa de investigación e que neste momento —e aquí o confirmo, xa se dixo algo estes días en diversas filtracións— creámo-la Secretaría Xeral de I+D, dependente directamente da Presidencia, non, por certo, para sacarles nada, senón para darlles máis medios ás universidades, para poder dispoñer de máis cartos implicando a toda a sociedade civil.

En canto á dinámica cultural, mire, en materia de política lingüística nunca se fixo tanto. Multiplicáronse, aquí está, un 4.000% os recursos adicados, e, naturalmente, cando se fala de instrumentalismo clientelar ou dirixismo cultural habería que poñer exemplos, porque eu non coñezo ningún. Gracias a Deus temos un absolutamente independente, creado polo Estatuto, Consello da Cultura Galega, que está a funcionar perfectamente, ó cal, iso si, sacámolo do pequeno alpendre que tiña na rúa do Vilar para darlle unha instalación digna da súa categoría, respectando totalmente a súa independencia, como fixemos tamén coa Real Academia Galega, e así sucesivamente.

Veuse dicir que nós loitabamos só pola supervivencia política. Mire, voulle dicir que iso é puramente falso, e pode insistir, porque volvemos ó mesmo, en que ou cremos que os galegos son todos parvos, e en tal caso non sei para qué establecemos un sistema democrático e representativo, ou ben eles saben moi ben, por unha longa continuidade, que precisamente que existan administracións capaces de segui-las políticas, de rematalas, é a primeira condición dese concepto, que tamén é un concepto novo, a *gobernans*, a capacidade de administración, que non é empezar un proxecto e non rematalo, etc. Nese sentido si, buscámo-la supervivencia política. Pero volvemos ó mesmo, os que non o votan a un, polo visto non valen, están manipulados, e é unha verdadeira pena que haxa quen poida, a estas alturas, falar así.

Plan de emprego. Díxose, e é verdade, que non presentamos un plan de emprego. ¡Se precisamente o que estamos ofrecendo desde xaneiro de 1997 é xuntarnos dunha vez para tratar seriamente todos e discutir —como din os arxentinos, *a calzón quitado*— o que haxa que discutir, e temos para iso xa os órganos apropiados, pero, en fin! O día 20 de xaneiro, e convén recordar isto porque non é que agora nos apuntásemos á moda do que pasou en Francia, que foi despois, ou á Conferencia de Luxemburgo, senón que o 20 de xaneiro do presente ano, con ocasión da toma de posesión da presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais, no meu discurso, estando presentes os secretarios xerais das centrais sindicais, manifestei a conveniencia e a disposición do Goberno galego para acadar un pacto polo emprego coa participación do Goberno e dos axentes sociais. Con posterioridade, as centrais sindicais UXT e Comisións Obreiras remitíronme un escrito mostrando a súa disposición a sentar para abrir un diálogo sobre o emprego, á vez que lle remitían outra comunicación ó conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, na que interesaban a convocatoria dunha reunión das centrais sindicais e a Confederación de Empresarios de Galicia para tratar estes temas.

O día 3 de abril convocouse unha reunión na que participaron, por parte do Goberno, os conselleiros da Presidencia, de Economía, de Familia e de Relacións Laborais, precisamente conforme a esta petición, e aquí mostrouse por parte de UXT e Comisións Obreiras unha disposición ó diálogo, aínda que con-

siderando moi difícil conseguir un pacto antes das eleccións. ¿Que lle iamos facer? A CIG mostrouse máis crítica á convocatoria, a Confederación de Empresarios mostrou a súa total disposición e, en definitiva, acadouse o acordo de encargarlle ó Consello Económico e Social un estudio diagnóstico da situación socioeconómica de Galicia que servise de base para a elaboración do futuro pacto, acordándose tamén reinicia-las negociacións despois das eleccións.

Pois ben, non fixeron máis que rematar, volvían emprega-las mesmas palabras. Agora hai quen fala de que o Consello, ó que lle pediran o estudio,... Naturalmente que aí é onde se van toma-los acordos, pero no estudio básico prefiro que participemos todos nel. Eu presenteilles estes días xa —e vostedes terano, supoño, e senón eu llelo remito—, ós axentes económicos e sociais, documentos importantes: un deles é un modelo, por certo, feito por un grupo de economistas presidido polo decano de Económicas da facultade da Coruña, e hai tamén outros estudos de varias consellerías, pero nós queremos que todos traballemos niso. Por certo, fíxose unha observación, baseada simplemente no discurso, dicindo que eu non mencionaba os servicios. Mire, se alguén traballou no sector servicios son eu, e aínda que, segundo as súas propias palabras o señor Caballero foi mellor ministro de Turismo ca min —iso lin durante a campaña—, pois eu creo que a min se me toma bastante en serio na promoción dos servicios, aquí e fóra de España. Polo tanto, teño que dicir que nese punto, como é natural, imos traballar a fondo. Hoxe temos, por exemplo, falando de turismo, a mellor Escola Superior de Turismo de España; naturalmente, para formar xente para os servicios.

En canto á referencia á Consellería de Traballo, que foi tamén un tema tocado polos sindicatos, eu comprendo que é un tema, coma todos, opinable, pero creo que as funcións son diferentes. Hai un problema que é xurídico e que en moitos casos está relacionado con outras funcións, de interior e mesmo políticas, como é o caso das relacións, laborais, dos convenios laborais, etc. Iso está moi ben onde está, en Xustiza e Interior. Por outra parte, o fomento do emprego, que é sobre todo o fomento do emprego xuvenil, pero, en todo caso, en tódolos ámbitos, é un problema de formación, de formación continua, de formación dos dous tipos que se coñecen: a regrada educacional e a

ocupacional, que está moi ben onde está e, polo de agora, non pensamos cambiala. O que si digo é que un pacto é o que xa ofrecemos, non era aquí o momento de dicir que xa o temos escrito e agora digan que non, que sería a invitación máis lóxica. Se xa mo dan feito, digo que non me gusta. Non, imos tratar de facelo xuntos. Ó final, por suposto, os pactos asinaronos quen os queira asinar, e o Goberno en ningún caso rexeitará a súa responsabilidade.

Falouse da produtividade agraria. Teño que dicir que eu podo concordar cun libro que acaba de saír, excelente, de quen vén moitos anos tocando este tema, en que, efectivamente, é un asunto a estudar. Non teño que explicar nesta xuntanza as dificultades que ten facelo con rapidez nun sistema de minifundio, pero nunca se avanzou tanto na concentración parcelaria. E agora especialmente, cun goberno que entende destes temas, imos traballar nas facilidades para as concentracións voluntarias. Nunca se fixo un esforzo tan grande e vaise facer de novo, e verase moi pronto na personalidade do novo conselleiro de Agricultura. As xentes máis pegadas xustamente ó labrador son as que van leva-la consellería; que foi moi ben levada, por certo, ata o de agora.

Falouse do tema lácteo e chegouse a dicir que o 35% da produción nacional está en Galicia, o que é correcto, pero que só o 11% da produción nacional se comercializa en industrias galegas, e isto é falso. Entre o 80% e o 85% da produción de Galicia transfórmase en industrias situadas en Galicia. Quero dicir que isto sería máis dun 23% da produción nacional, e non o 11% que foi mencionado. Pero, en todo caso, pódolle dicir que hoxe mesmo no Ministerio de Agricultura, onde estarei moi pronto presentando os novos conselleiros de Agricultura e de Pesca para que poidan ter desde o primeiro momento tódalas facilidades, imos falar a fondo. Xa está moi avanzado un decreto moi importante, por certo, moi importante, polo que se crea o fondo nacional coordinado en cotas de leite, e igualmente outro non menos importante que acepta basicamente tódalas propostas que fixo Galicia en coordinación coas comunidades do norte de España. Niso estamos a traballar moi a fondo.

Política da madeira. Pois, mire vostede, polo de pronto, nós apagámo-los lumes, que non foi pouco, e, como é natural, trátase dun tema sumamente impor-

tante. Pero é que, ademais, obtivemos moitas outras axudas directas por vacas de leite —Galicia repartiu máis de 1.640 millóns de pesetas—, e neste momento atrévome a dicir que, efectivamente, neste terreo imos dar avances importantes, o que non podemos é facelo fóra da lei. Eu díxenlle claramente, a primeira vez, despois de longos e complicados procedementos, ó Ministerio de Agricultura —que non é verdade que non pasara a cota, si a pasou—, que por se-la primeira vez, porque houbo moita xente enganada, imos non a paga-la multa, que non podemos, pero si avala-los recursos, que indirectamente nos comprometen o mesmo. E volvémoslo facer cando despois da última campaña das eleccións xerais un ministro de Agricultura veu aquí dicir que non nos pasabamos na cota, o cal, evidentemente, puido —non sei se debo dicir— sorprender ou enganar a algúns, pero xa dixeran con toda claridade —e que se cite unha soa miña frase posterior, mesmo en campaña electoral, que fose en contra do dito— que temos que entrar na lei; agora, imos axuda-la xente a entrar na lei, iso desde logo.

Política industrial. Falouse de sistemas crediticios e, neste punto, precisamente, a Xunta ten feito moito. Teño que dicir que o sistema Sodiga, Igape, Inesga é un dos máis cumpridos que existen neste momento, pero tamén se pode perfeccionar, e nisto, como en todo, estamos abertos ás observacións que se nos fagan.

Do financiamento autonómico teño que repetir, pura e simplemente, que nós, como dixemos no discurso de hai uns días, acertamos plenamente, e neste momento os que se dicía que ían ser máis favorecidos xa están propoñendo un novo sistema, cousa que se verá dentro de cinco anos. Teño que dicir que non foi ese o caso das outras comunidades, porque, por exemplo, polo menos nun caso había absoluta conformidade coa actitude de Galicia; foi o caso do Goberno extremeño, non teño por que ocultalo. A última hora non se decidiron a presenta-lo recurso, pero cando cambiou o Goberno si o presentaron. ¿Que o sistema aínda está sometido a incertidumes? Por suposto, pero teño que dicir que, efectivamente, Galicia sae del netamente beneficiada.

Reprochóuseme non falar de asistencia sanitaria. Estes días falouse abondo, pero quero dicir que co novo acordo nós percibiremos en 1998 un importe de 265.843 millóns de pesetas, o que supón un incremen-

to, respecto do financiamento de 1997, de 17.252 millóns de pesetas. Hai que ter en conta que isto ocorre a pesar de que, por desgracia, como veño falando hai tempo desde esta tribuna, aínda que ó principio a xente ría e agora xa non tanto, estamos perdendo poboación.

Pois ben, gracias ós fondos adicionais que nós conseguimos nesta negociación, gañaríamos algo máis, pero se non se aplicase este criterio corrector por parte da poboación perderíamos 6.126 millóns de pesetas, o cal quere dicir 25.000 millóns no Plan cuadrinial. Teño que dicir que, ademais disto, conseguimos 1.575 millóns de pesetas do Fondo de asistencia hospitalaria, máis 1.000 millóns para o Instituto Social da Mariña. Con todo isto, o de Galicia será de 102.574 pesetas por habitante, que é o segundo en canto a poboación protexida, o que nos sitúa como a Comunidade Autónoma con maior presuposto per cápita despois de Cataluña.

Teño que dicir que, naturalmente, isto virá reforzalo sistema da sanidade, que está xa a funcionar moi ben, e aquí —perdón por volver atrás— a referencia que fixo o señor Guerreiro no tema dos recursos sanitarios en Galicia non se corresponde coa realidade. Nós, neste momento, en TAC subimos un 50% de 1990 a 1997; en resonancias magnéticas houbo un incremento do 200%; en recursos humanos estamos moi por riba da media, e de 1990 a 1997 o persoal estatutario, concretamente, aumentou nun 37%. A demora media nas listas de espera cirúrxica, que en 1993 era de 253 días, ou sexa, antes da transferencia, neste momento está en 72 días, e o obxectivo inmediato da consellería para este propio ano é de 65 días, o cal parece demostrar que sabemos facer bo uso deses aumentos de financiamento.

Falouse da falta de desenvolvemento das áreas metropolitanas. Como sabe, aínda que non estivo no anterior Parlamento o señor voceiro, as áreas metropolitanas desenvolvéronse por primeira vez na Lei de administración local, un dos textos máis importantes aprobados na pasada lexislatura, e agora pasarase ó seu desenvolvemento. É a nosa vontade que en tódolos terreos esta lei, pasando os correspondentes regulamentos, como é obrigatorio, polo Consello Consultivo, pase moi pronto ó DOG.

Agora vaime permiti-lo señor voceiro que lle diga que, certamente, é un tema que el coñece, pero, a dicir verdade, o tema das autovías, ó mellor, non é o máis cómodo para el. Galicia foi a única Comunidade Autónoma que quedou sen autovías de conexión co resto do Estado no primeiro Plan de estradas, aprobado para 1984-1991 polo Goberno socialista no Consello de Ministros do 11 de decembro de 1985, ata que nós chegamos e iniciamos unha forte acción política. Eu tiven conversas moi importantes, que teño que agradecer, co presidente do Goberno de entón e o ministro de Obras Públicas, onde, por certo, aínda non estaba o señor Touriño, pero que si foi nomeado secretario de estado de Infraestructuras o 29 de abril de 1991.

Teño que recordar —xa sei que non lles gustan moito estas diversas explicacións— que cando se pediu o soporte a esta política e a estas demandas neste Parlamento na lexislatura de entón, o Grupo Socialista foi o único que se abstivo no ano 1990 por diversas razóns. Unha delas, por certo, indicando que os prazos non eran realistas, que é o que agora, polo visto, se esquece. En todo caso, desde o ano 1992 o señor Touriño, como secretario de Estado, asistiu á reunión da comisión das autovías e coñece perfectamente a evolución do asunto. E nunha reunión do 23 de novembro de 1993, naqueles momentos que ata molestaba que o conselleiro señor Cuña dera unha volta en helicóptero para ver se ían as obras ó ritmo que se dicía, declarou o señor Touriño que os proxectos de construción de Pedrafita estarían rematados a finais de 1994 e que as obras se contratarían en 1995 para estar en plena execución en 1996. Como ben saben, non só non se cumpriu, senón que foi este Goberno o que tivo que contratalos e rematalos.

E teño que dicir que me fixo moita risa cando inaugurámo-lo tramo de Nadela a Vilartelín, pois efectivamente fomos ata alí, fíxose simbolicamente por unha máquina un corte na traza e empezaron inmediatamente os traballos. Non hai ningunha proba de que os prazos que neste momento están postos para tódolos tramos non se vaian cumprir, pero aceptaremos con moito gusto a axuda e a crítica do señor Touriño nesta materia. E volvo dicir que tódolos tramos serán rematados segundo os datos que temos de 1998, agás os de Pedrafita, que pasaron por estes prazos. Desde logo, teño que dicir que nós lamentamos

que o señor Touriño cesara no ano 1994 —algo faría como galego— pero o certo é que os datos son estes e non outros, e convén dicilo así.

E cun certo desprezo fixo unha distinción o voceiro socialista esta mañá entre o ferrocarril galego e o ferrocarril portugués. Xa estes días outro voceiro doutro dos grupos da oposición dixera que ese ferrocarril, co cal efectivamente se comeza a cumprilo noso desexo e proposta de que estes anos fosen os do ferrocarril, os dos camiños de ferro, dixo que fora conseguido polo Goberno de Portugal o que non fora capaz de conseguirlo Goberno de Galicia. Pois ben, nada máis lonxe da realidade. O día 26 de xullo de 1996, eu asumín —porque é bienal— a presidencia da comunidade de traballo "Galicia-Rexión Norte de Portugal" nun acto celebrado en Santiago. Acababa de cambia-lo Goberno e asistiron o ministro de Economía de Portugal e o ministro portugués de Equipamento e Planeamento do Territorio, que é un home importantísimo nestas materias e en moitas outras dentro do Goberno —no que continúa despois da última crise—. E aí comezou a traballarse neste asunto. Como consecuencia daquela reunión, despois de remitir cartas a varias autoridades, constituíuse o 14 de maio de 1997 no porto de Vigo un grupo de traballo para a articulación do ferrocarril entre os portos atlánticos. Foron nomeadas ilustres personalidades de ámbolos países. Na reunión do 18 de xuño de 1997, no porto de Leixões, presentouse xa o primeiro documento sobre o eixo ferroviario atlántico como documento básico de análise. E no plenario da comunidade de traballo "Galicia-Rexión Norte de Portugal", celebrado en Porto o 28 de xuño de 1997, o acordo número 6 decidiu eleva-lo grupo de traballo á categoría de comisión sectorial, creándose a Comisión Sectorial de Infraestruturas do Transporte. Por carta, o 30 de xuño de 1997, pido eu a Madrid a prioridade da conexión ferroviaria en cuestión. E no mesmo día en que se recibiu tiveron unha longa conversación co presidente do Goberno, que me prometeu que se aceptaría como xa viña proposta polo ministro portugués. Esta proposta está aprobada no Cume ibérico do 17 ó 18 de novembro dos gobernos de ámbolos países. E respondo de canto digo; teño tódolos datos no *dossier* correspondente a disposición daqueles ós que lles poida interesar.

Vou rematando. Fálase de incineración cun termo negativo. Mire, en materia de residuos, como xa recordou esta mañá o noso voceiro na súa elocuente intervención, imos por diante. Sómo-la única comunidade autónoma que ten xa unha planta completa de residuos industriais. Tódolos concellos socialistas desa zona —onde quedan algúns— pois efectivamente estiveron en contra. Hoxe é unha verdadeira maravilla. Pero, ademais, desde que está este Goberno, e por acordo coa señora ministra de Medio Ambiente, fíxose a fábrica de reciclaxe de pilas. E en canto a Sogama, xa sei que se quere facer diso política, mesmo algún concello como o da Coruña, despois de aceptalo, deixouno por razóns políticas. Pero si que teño que dicir que ese é un plan estudado por técnicos de dentro e de fóra, que para un país como Galicia, con 32.000 unidades de poboación, neste momento cuberto por desgracia de *vertedeiros* mal controlados, é a única solución.

Pero voulle contar algo máis: eu examinei moi a fondo o proxecto e as fases de realización do Plan de residuos industriais, que, como digo, é un dos mellores de Europa. E agora xa podemos reciclar, á parte dalgunhas grandes empresas que teñen o seu propio sistema de eliminación de residuos, tódolos residuos de Galicia agás un 5% que hai que incinerar; e ese 5% hai que mandalo fóra de España, porque en España non existe aínda ningunha planta de incineración. Iso é o que teñen que saber os que falan con algunha lixeira de incineración.

Sobre a universidade, mire vostede, o orzamento das universidades multiplicouse por máis de catro, pasou de 9.000 a 37.000 millóns de pesetas por ano. Agora, o que eu non vou aceptar, mentres teña a honra de presidir, coa confianza do pobo galego, o Executivo de Galicia, é volver á idade media con presupostos separados para cada cousa. Iso era o que se facía antes do Estado moderno: un presuposto para a Universidade de Salamanca, outro para o Bispado de Toledo... Iso, desde logo, non vai funcionar. Do que si respondo é de que terán a prioridade que corresponde as universidades galegas, dada a esperanza que nelas temos, como un vello universitario, aínda que modesto, que son eu.

Falouse ó final de cultura plural na que todos teñamos cabida. A min isto paréceme unha broma, porque

se hai algo efectivamente que neste momento en Galicia sexa libre é a cultura. O que ocorre é que hai un Consello da Cultura Galega, que é exemplar e que leva esta política; que hai un Centro Galego de Arte Contemporánea, que é un dos máis avanzados e vanguardistas do mundo, e que hai xente que non quere entrar en nada. Todo o mundo sabe o do señor Ferrín, que rexeitou mesmo unha condecoración. É asunto del. Para nós, todos son nosos. Cada un ten a súa maneira de entender ese concepto do pluralismo cultural, para xuntarnos nun gran río da cultura galega.

Finalmente, señor voceiro socialista, eu estimo o seu discurso, que por encima das discrepancias se centrou nos temas que temos que tratar e nos que ofreceu diálogo. Agradézollo a vostede. Mencionou tres temas: emprego, educación e medio ambiente. Todos se aceptan, e os máis que queiran; o que faga falta. Pódolle dicir que se aceptan con moito gusto, por encima das discrepancias e dentro do que é estar cada un no seu sitio: a minoría como minoría e a maioría como maioría.

E paso ó último dos intervenientes, ó señor voceiro do Bloque. A dicir verdade, tivo razón nunha das súas frases —que podía se-la única na que pode que teña algo de razón—, cando dixo que algún podería pensar que se equivocara de sitio. Camus, a peste..., comezo certamente patético. Totalitarismo, xenocidio e outras catástrofes. Por certo que el definiu como patético o meu discurso do outro día. Fun tamén ó dicionario da Academia, porque me gusta telo a man. Di: "*Patético*: que provoca ou expresa unha emoción forte". Efectivamente, emoción e paixón, sentimento moi forte, é o que eu sinto neste momento. Eu comprendo que persoas que teñen sen dúbida unha gran responsabilidade, porque falar é unha gran responsabilidade, pero que nunca fixeron unha ponte, que nunca tiveron que cadrar un presuposto, pois atopen patético que un se emocione falando disto; porque un sabe que estando nestes postos ten que repartir moitas cousas e que ten que facelo decentemente e pensando que vai dar conta non só ante o pobo, que eu xa o fixen varias veces, senón ante tribunais máis altos.

Pero mire, hai cousas que si son patéticas. Dous días antes do 19 de outubro afirmaba o señor voceiro: "Termina a vida política de Fraga, acabóuselle o choio". ¡Miúdo choio teño eu, por certo! (*Risos.*)

"Sempre foi un estranxeiro e un forasteiro neste país". E finalmente remataba con esta frase profética: "Vou ter que facer fronte a unha investidura". Si, pero desde o outro lado, ¿verdade? (*Risos.*) Naturalmente iso si que é patético.

Pero hai outro concepto, que aínda non está recoillido pero que está nunha linguaxe normal: non é o de patético, é o de *pataleta*. Cando esta mañá eu lle escoitei o dos votos espurios, realmente me chegou á alma. Estiven a punto de chorar outra vez, pero teño que dicir que é de chorar, pensando neses maravilhosos galegos, eses que gañaron a vida como puideron —eu fun un deles, eu non son ningún señorito de nungha capital—, eu que sei o que é a fame porque a pasei eu mesmo, eu que teño visitado a todos estes centros como probablemente ningún en toda a historia de Galicia, que haxa quen diga iso porque iso lle quita un escano. É bo que por primeira vez o voto exterior fose finalmente aberto por este Goberno, como eles querían. E se hai quen diga que se abriu demasiado o censo, que hai que poñer condicións moi estrictras para ese voto, cando xa se sabe que teñen demasiadas, e quen diga que ese voto non vale, teño ganas de ver e de vivir para ve-lo que vai se-la próxima campaña do señor Beiras neste país. (*Aplausos.*) E a iso eu chámolle patética *pataleta*.

As pestes de Galicia. Falouse das pestes de Galicia como algo permanente que potencialmente agora, dentro de pouco, o seu grupo político vai resolver. É claro que Galicia tivo e ten eivas importantes. É claro que moitos galegos loitaron pola súa solución e mellora. Por certo, desde moito antes que os ilustrados do século XVIII, Xelmírez foi un gran galego e galeguista; foi un gran galeguista don Fernando de Andrade —que, por certo, foi capitán xeral do rei de España, do emperador, e do papa— foi un gran galego e galeguista o conde de Gondomar, o máis ilustre diplomático de toda a historia dos tempos en España, pero que defendeu sempre a Galicia e que conquistou os ingleses con vieiras, con ostras e con viño das Rías Baixas; foi un gran galeguista o conde de Lemos, o gran conde de Lemos, que foi presidente do Consello de Italia, que foi virrei de Italia, de onde trouxo moitas maravillas para un museo que é un dos mellores que ten Galicia, e que escribiu o famoso libro *El buho* para defender a Galicia. Pero o que si quero dicir é que, pasando por tódolos grandes homes e mulleres

do XIX e tódolos deste século, ninguén pode dicir que son seus. Hai quen pretende o monopolio. Todos son de todos, non hai monopolio nesta materia. E a min gústanme todos, incluso os que non me gustan. Eu gusto moito da frase dese gran home de estado, Cánovas del Castillo, cando lle fixo dicir ó rei Alfonso XII, o pacificador, "vengo a prolongar toda la historia de España". Todos estes grandes precursores son de todos, non son de ninguén. A min non me importa que don Ramón de la Sagra fose un socialista —por certo, non marxista e máis coñecido en Europa que en España e máis no resto de España que en Galicia— do que eu acabo de facer publicar unha das súas obras sobre a illa de Cuba, que ten interese. Eu admiro un Curros contestatario. Supoño que o seu galeguismo non será discutido, aínda que en 1898 escribiu un dos máis belos poemas épicos de España que empeza: "Mariñeiriños da Coruña...", e onde di que había que loitar por España e polos seus intereses.

E dos do noso tempo, teño que dicir que eu tiven a honra de ser amigo do gran Risco, do que agora se acaban de publica-las súas obras, e que o último dos seus libros me está dedicado. É unha gran honra para min, que era entón pouco máis ca un rapaz. Eu, que me honrei moito —por pouco tempo, por desgracia— coa amizade de don Ramón Piñeiro, teño que dicir que das frases que máis me molestaron nesta Cámara desde que teño a honra de pertencer a ela foi unha desprezativa referencia a aquel gran galego e aquel gran home. Teño que dicir que comprendo perfectamente o porqué. Porque unha das grandes aportacións de Ramón Piñeiro, que fixo a mellor filosofía con aquela increíble introducción a Heidegger, sobre a esencia da verdade, e tantas outras contribucións de todo tipo, a quen eu visitei naquela pobre instalación e ó que prometín que o sacaría de alí —e non chegou a velo, ¡pobriño!— para a mellor instalación que fora posible, renunciando a amplia-la nosa presidencia no palacio de Raxoi, con quen evidentemente tiven outras conversas importantísimas, foi que o importante é que el acertou no esencial: foron moitos os esforzos e meritorios, non quero negalo, de crear un Partido Galeguista como tal, supoño que tamén son meritorios os de crear un Bloque Nacionalista Galego —aínda que polo de agora eu non lle acabe de ve-lo mérito— pero o que está claro é que o que dixo don Ramón Piñeiro é que non ía por aí a salvación de Galicia e a cura das súas pestes, senón por que tódolos

los políticos galegos fosen galeguistas onde quixera que estivesen, e que en canto iso se dividise non habería futuro para Galicia. Tiña razón, estámollas a dar, e o pobo galego confirmouno coa súa votación.

(Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario Popular.)

En todo caso, a nosa Galicia, que creo eu que non ten pestes nin pestilencias, é claro que non está exenta de problemas, pero nada ten que ver, gracias a Deus, coa que eu coñecín —por algo presido a Mesa de idade— nos anos trinta e principios dos corenta. A descrición catastrofista do voceiro do BNG hoxe eu penso que ten pouco que ver coa realidade. Falou, por certo, de temas que a historia ha vulgar. É pronto para facelo e, probablemente, os que participamos dela, pois teñamos mérito ou demérito, sómo-los que menos deberíamos falar, pero claro, cústanos traballo, na nosa modesta participación, escoitar falar da frustrante transición política do noso país, que non é considerada como tal por propios nin extraños; é un modelo mundial e veñen estudiala de Rusia e de países iberoamericanos. Ó mellor, esaxeran o mérito, pero o que está claro é que os que nela participamos pouco sacamos para nós, a maior parte, pero quedamos coa conciencia moi tranquila. Foi a primeira vez que se fixo así desde 1810. E, desde logo, por iso, paréceme pretencioso que, á hora de sentirnos galegos, algún pretenda o monopolio.

En todo caso, permítome darlles un consello. Xa sei que é moi atrevido, pero recibo tantas críticas e tantos consellos que eu vou dar un consello pequeniño, ¿verdade? O peor que lle pode pasar a un político ou a un grupo político é que crea a súa propia propaganda. Porque, efectivamente, parece que se falou moito do avance do Bloque, pero o Bloque segue sentado alí e nós seguimos sentados alí. Polo tanto, aínda que se apliquen conceptos musicais, como a tocata e fuga, e outros ós que é tan afeccionado o señor voceiro, pois eu creo que non cambia a importancia de quen ten a confianza e a terrible responsabilidade que isto implica do pobo galego.

Galicia non é un pobo sometido, non necesita reudentores nin profetas. Esta mañá falouse aquí da falsificación histórica. Non foron falsificacións. Don Benito Vicetto e don Manuel Murguía creron nalgúns

mitos do seu tempo romántico, pero non eran falsificadores. Hóboos nalgún nacionalismo, como o vasco, pero teño que dicir que, efectivamente, as falsificacións, mesmo de boa fe, seguen sendo falsificacións e sobre elas non se edifica nada.

En todo caso, chamoume a atención o desprezo da sociedade das comunicacións, porque aí é moi difícil negar que imos por diante, xa que, precisamente, lonxe do que pasou efectivamente nunha certa época, cando había unha soa televisión, que todo o mundo estaba enchufado a ela, e no mundo aquel famoso que describiu Orwell, que podería parecer que comunicados por aí non tiñamos moito en qué pensar máis que no que nos comunicaban, hoxe sucede ó contrario: con sistemas de participación, como son Internet e tantos outros, non exentos de problemas, xa hai un estudio moi serio en varios países do mundo —concretamente varios estados americanos xa o están experimentando—, que permitirá non esa improvisación de plataformas que ás veces vemos aquí e que non se acada, senón a posibilidade de comunicarse tódolos membros dun concello ou dunha comarca sobre un asunto determinado.

Pero, en todo caso, aceptando, desde logo, que as palabras que me foron dirixidas son nun sentido alegórico e semántico, polo tanto que a peste non é peste, etc., iso de que o fraguismo sexa unha planta carnívora é un exemplo que me gustou. Eu respecto moito unha, que é o grelo, que pon o lacón estupendo; esa si que creo que é unha verdadeira planta carnívora. Pero imos falar en serio e deixarnos de coñas, se lle parece. Ningún esforzo dialéctico pode ocultar, agás que digamos que os galegos son todos parvos e que só valen os votos que se nos dan a nós, quén gañou e quén perdeu as eleccións para estes catro anos.

Fíxose unha lista de carencias. A min chamoume a atención, porque así como digo que nalgún dos papeis do señor Touriño podería haber unha selección de datos, etc., pois aquí se fixo unha lista de carencias na que entraba todo e eu estaba dicindo: "Pois, parece case a lista de realizacións". ¡Oia!, electrificación rural, pois, eu creo que se está a facer e moi ben, está feita case toda. ¡Teléfonos! Mire vostede, neste momento o que non o ten é porque non quere, e pódolle dicir que o aumento de facturación, porque pido os

datos, de conferencia internacional con Bos Aires ou co exterior é extraordinario.

Agora, deixando á parte estas consideracións coloquiais, alegóricas e semánticas, hai acusacións que, por falsas e pola forma de dicilas, son intolerables, como esa de que nós compramos concelleiros. Pero, ¡oia!, ¿cando nós ocupamos pola forza un concello como se fixo en Allariz? ¿Que pasou en Castroverde? Pois, que a súa xente non se pon de acordo. ¿E como se explica a situación en Cangas —que isto vai máis aló do Bloque Nacionalista Galego—, onde hai un señor Abalo que se negou a condenar —houbo ata algúns *batasuneiros* que se atreveron a facelo— o máis abxecto crime de ETA, que, por certo, se cometeu no fillo dun albanel galego? ¡Iso manda carallo na Habana! (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario Popular*.) A mensaxe sería terrible: "O pobo galego non sabe o que quere, agás os que votan ó Bloque". Moi ben, cada un que saque as súas consecuencias.

Eu remato, señor presidente, pedindo perdón polo tempo consumido, porque foron discursos cumpridos e importantes. Vostede rematou con poesía sobre o vento e a marea. Eu dígolle: o mar aberto dunha Galicia con esperanza, iso é o que nós traemos. E, por agora, o demais é leria.

(*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario Popular*.)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Fraga.

Procede unha rolda de réplica.

Ten a palabra, en primeiro lugar, o voceiro do Grupo Parlamentario Mixto, señor Guerreiro Carreiras, que terá o tempo regulamentario.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Señor presidente, señorías.

Señor Fraga, quero dicirlle que eu non puxen en entredito, en ningún caso, a súa victoria. Para min os 820.000 votos —creo que son— son todos respectables absolutamente. Para min valen tódolos votos o mesmo, e vostede gañou estas eleccións. Polo tanto, non sei por qué me contestou a min a iso, porque eu

non dixen nada diso nin o direi nunca, xa que son un democrata impecable.

Segundo. Vostede, que é un político experimentado —cousa que é evidente—, non debería de facer fotos fixas nin chistes co tema do *Olivo*. O seu amigo Berlusconi fíxoas e ós dous anos era desprazado por ese *Olivo* en Italia que fora derrotado previamente polo seu amigo. Pero teña coidado coas fotos fixas e coas potencias históricas. Mire, nos principios dos anos oitenta, calquera observador que vise o reparto do mundo, vería que había en Europa unha Unión Soviética, a principal potencia política e militar, rodeada de estados satélites, que se prolongaba cun amigo da mesma fe política e modelo económico, que era China, e que, evidentemente, se estendía o que parecía un imperio desde a porta de Brandemburgo ata o porto de Haifon, e hoxe non existe. Teña vostede coidado coas fotos fixas da historia e menos cos chistes das organizacións democráticas que perden democraticamente e admiten a súa derrota.

Terceiro. Eu non quixen ser cruel na primeira intervención, señor Fraga, pero non vaia vostede ó dicionario. As palabras teñen a acepción etimolóxica, pero sobre todo a histórica-social, como vostede ben sabe. ¡E claro que non teñen vostedes ideas! Mire, a única idea clara que hai no seu discurso —que eu por respecto non o dixen antes, porque non quero ser unha persoa cruel— é a da cultura para turistas que vostede propón nese discurso. Só falta desvelar unha incógnita: se substituirá a Julio Iglesias por Norma Duval ou por Raphael. É o único que queda por saber. Pero é o único que está claro no seu discurso.

Cuarto. Sobre Carlos Marx. Mire, eu son de cultura marxista e dígoo aquí. E con esa cultura tiven unhas ideas e fixen un ideal de ideas e conceptos que me levaron a loitar toda a miña vida pola liberdade e pola democracia, señor Fraga. Estiven na cadea por loitar pola liberdade e pola democracia, pola liberdade de expresión, de folga, de reunión, de asociación e polo autogoberno de Galicia, é dicir, por todo o que estamos celebrando hoxe aquí. As súas leváronlle a opoñerse a estas ideas ata o final, señor Fraga, ata que non tivo máis remedio.

Mire, a miña raíz marxista lévame a ter como referentes a xente coma a seguinte: Azaña, Negrín,

Bóveda, Castelao, Machado ou Lorca. E vostedes teñen que busca-la súa referencia, ¿sabe onde?: en Cánovas del Castillo. Esa é a máis próxima que poden buscar, porque ningún da dictadura lles gusta xa —non digo que non lles guste, é que é demasiado recoñecelo— e os da república non lles gustan. Polo tanto, fíxese vostede, as miñas ideas leváronme a iso: a ter estes conceptos e este compromiso.

E aínda lle vou dicir algo máis, señor Fraga. Eu creo que, quizais, non conveña seguir por aquí... Ben, imos deixalo. Pero non lle atribúa vostede a Carlos Marx o que non fixo. Vostede é católico e eu respecto as súas ideas, e eu non o son, pero, ¿non asumirá vostede o Santo Oficio —¿verdade, señor Fraga?— nin a Inquisición nin a Torquemada? Polo menos, non se atreverá a dicilo aquí; non sei se o asume, pero aquí non o dirá. Polo tanto, non lle bote culpas a Carlos Marx do que non fixo.

Señor candidato, ata agora foi o presidente do Goberno e dentro dun par de horas volverá ser presidente do Goberno democrático deste país. Non é serio que non chame a este voceiro e ó seu partido polo seu nome, non ten sentido democrático. Prégolle, sinceramente, que non o volva facer, poque non é propio dun dirixente da súa talla, aínda que sexa reaccionario. Sómo-lo Grupo Parlamentario Mixto, pero se se refire ó noso partido somos Esquerda Unida-Esquerda Galega.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O Señor PRESIDENTE: Non dialoguen, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: ¡É que el se referiu! Pídollo, porque eu non me refiro a vostede como dirixente de AP nin do vello réxime, senón do Partido Popular. Polo tanto, pídlle que non se repita, porque non é digno dun presidente do Goberno.

Sobre as empresas públicas, señor Fraga. Mire, as empresas públicas están en venda polo Goberno do funcionario, as que son rendibles, señor Fraga; van quedar as que non o son. E vostede sabe que a industrialización de Galicia, a cativa industrialización de Galicia, se produciu polo sector público e por algunhas multinacionais, non se caracterizou por desenvolver este país o empresariado autóctono. E sen sector

público industrial vostede sabe perfectamente que non hai posibilidades dun proxecto industrial e económico para Galicia. Porque esas empresas, en canto se privatizen, non actuarán en función da vertebración e do desenvolvemento do noso país senón do lexítimo interese privado. E empresas como Endesa, do sector enerxético, que son claves para o desenvolvemento do país, que consumiron os nosos recursos naturais, que teñen grandes ganancias, ¿por que van reinvestir agora en Galicia se se privatizan? ¿Por que? ¿Por que Alúmina-Aluminio vai reinvestir ou face-los ciclos productivos que crean valor engadido e emprego en Galicia? Iso sería en mans dun goberno democrático, progresista e que pense no seu país, porque iso é — como dixen esta mañá— non só de xustiza social senón de racionalidade económica. E, así, sucesivamente. Esas empresas públicas, unha vez vendidas, ademais de ser unha inxustiza vender un patrimonio que custou —como tamén repetín esta mañá— enormes custos enerxéticos e medioambientais, van ser privatizadas en función do interese do novo propietario e non en función do interese do país.

Finalmente, sataniza vostede o estado federal, señor Fraga. Eu non lle quixen dar, ó revés, ningunha lección. Díxenlle que vostede seguramente explicara isto moitas veces. ¿Por que o sataniza no documento? ¿Por que establece un nexo de unión entre un posible estado federal e a disgregación do Estado español? ¿Por que o fai? Porque Alemaña é un estado federal e os Estados Unidos tamén, e non se disgregan nin perden liderato. Polo tanto, non estableza o nexo de unión. O único que lle digo é que despois da reforma de 1994 da Constitución alemana, que vostede coñece mellor ca min —estes señores a metade deles non, vostede si, iso foi o que dixen esta mañá—, sabe que a Bundesrat ten capacidade de veto sobre a negociación na Unión Europea. ¿Por que non o reconece aquí? E se vostede tivese nas súas mans esa capacidade de veto —vostede ou alguén que non se inclinara submisamente ante o funcionario—, pois podería condicionar-lo Goberno español na defensa dos nosos intereses cando negocie en Bruxelas; iso foi o que dixen, non outra cousa, señor Fraga.

Sobre o idioma. Sabe que o idioma xa é patrimonio cultural de Europa, a iniciativa do noso grupo parlamentario en Europa. O que eu lle pido é que se fagan efectivas as medidas para implementar que iso te-

ña vixencia material, non só recoñecemento retórico. Xa está recoñecida como patrimonio cultural de Europa a iniciativa do noso grupo parlamentario europeo. Vostede ten unha familiar, moi distinguida como deputada, que votou a favor diso, debería de sabelo; polo tanto, non diga que os idiomas..., que vai se-la torre de Babel. Non, é xa patrimonio cultural de Europa. Fai falta toma-las medidas. Espero, se ten a ben responder, que se comprometa a facelo. Non hai ningunha torre de Babel en Europa.

Plurinacionalidade. Claro que en Alemaña ninguén reclama a plurinacionalidade, ¿como a van reclamar se non é un estado plurinacional, señor Fraga? A ninguén se lle ocorre; pero España é un estado plurinacional. ¿E vostede cre ou non cre que son compatibles os mesmos dereitos individuais de tódolos cidadáns do Estado —que eu defendo— coa defensa e plasmación constitucional da nosa personalidade colectiva como país? ¿É posible ou non é posible? Eu afirmo que é compatible e que son perfectamente posibles as dúas cousas: igualdade de dereitos individuais e recoñecemento colectivo do noso país. Por iso lle puxen o exemplo de Italia, non da Liga Norte, coa que non me identifico, senón co que hai en Italia: rexións de réxime especial e rexións de réxime común, precisamente para resolver temas deste tipo.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, señor deputado.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Remato.

Señor Fraga, acaba de falar de Cangas. Debera de ser prudente. Eu pódolle traer periódicos e pode informarse vostede de cómo o señor que foi alcalde de Cangas, do PP, o señor Chapela, está fotografado do brazo do señor Idígoras, en Cangas, durante a famosa liorta das contribucións. Polo tanto, xa ve, aquí, coma na Biblia, que ninguén tire a primeira pedra.

O señor PRESIDENTE: Remate señor Guerreiro, por favor.

O señor GUERREIRO CARREIRAS: Si, simplemente un minuto.

Si, si. Quixera aproveitar para dici-lo seguinte, se mo permite o señor Fraga. Eu creo que este país merece un respecto. Ninguén fai a historia por si só nun

país; a historia e o produto histórico que somos hoxe é produto de múltiples interaccións e achegas pluraís. Aquí hai dous partidos políticos, o Partido Socialista e Esquerda Unida-Esquerda Galega, que foron os protagonistas do Estatuto de autonomía deste país, e hai dous deputados, só dous nesta Cámara, que redactamos ese Estatuto, que son o portavoz socialista, o señor Touriño, e este portavoz que lles fala. Polo tanto, nese Estatuto que nucleou a vida política do país, que institucionalizou o autogoberno, que fixo desenvolve-la conciencia nacional do noso país e que fixo que a concepción mesma do autogoberno nacional, que era patrimonio só dos ilustrados, sexa hoxe patrimonio común dos galegos, algunha achega faríamos. Que ninguén asuma en exclusiva e de forma exclusivista a nosa historia. Tampouco como demócratas o permitiremos.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias.

Ten a palabra o señor candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, é certo que son un político experimentado e por iso estou acostumado a toda clase de cambios de tercio neste tipo de argumentacións, pero eu non teño ningunha foto fixa, coñezo moi ben o señor Berlusconi, por certo, pero eu xa levo tres lexislaturas e desde a primeira votación que houbo en Galicia foi o Partido Popular o máis votado. Polo tanto, algo haberá de diferente. En todo caso, vostede siga buscando olivas. Eu digo que en España o *olivo é acebuche*.

Pon un exemplo vostede moi oportunamente. Decía que nalgún momento parecía que na URSS e en China todo ía perfectamente, pero, efectivamente, iso era o que non podía durar. Estiven hai pouco en San Petersburgo, onde me fixeron —por certo, con gran honra para min e para o Departamento de galego— doutor honoris causa, e teño que dicir que, efectivamente, China volve se-lo seu, e nós queremos que Galicia siga sendo ela, e cada vez mellor.

Eu falei da palabra *ilusión*, non da palabra *ideas*; polo tanto, convén non mestura-las cousas. Pero cando estamos editando a colección de clásicos mundiais traducidos ó galego, a colección grande, por certo, e a pequena, cando estamos a publica-las *Actas del Reino*

de Galicia, cando estamos a facer un labor editorial que a algúns xa lles parece excesivo —que facemos “cultura para turistas”—, paréceme que é unha bromiña desas de pouca categoría.

Pero xa que fala de Julio Iglesias téñolle que dicir que en canto deixou de traballar para nós xa o colleu Valencia e o ten traballando, porque é un gran promotor, e resulta que hai unha cousa que se chama relacións públicas na que uns son mellores ca outros, e, dese logo, é mellor ca vostede e ca min nesta materia.

No que se refire á miña historia, sabe que eu a contei enteira en dous tomos de memorias —espero escribi-lo terceiro—, que non renuncio a nada do que fixen e que por algo sigo aí, e punto.

Dime se eu defendo a Inquisición. Non, eu non defendo a Inquisición, pero no tempo que naceu era o menos malo dos tribunais equivalentes ós que había en Inglaterra, ós que había en Holanda, etc.; dá esa casualidade e, precisamente por iso, teño que dicir que non hai nada equivalente ó que fixeron os comunistas con eses 100 millóns de mortos dos que onte falamos. Nin sequera o fixeron os nazis alemáns.

Por certo, eu cando falo no Parlamento refírome ós grupos parlamentarios, pero non teño dúbida ningunha de que calquera que sexa a orixe da expresión Esquerda Unida ou Esquerda Galega, que tiña que ver con outras personalidades, eu desde agora utilizarei claramente eses títulos mentres non lles sexan discutidos legalmente.

En canto ás empresas públicas, teño a sensación de que seguimos falando desde unha ideoloxía. Neste momento a min o que me importa saber é se unha empresa, efectivamente, traballa ben, produce produtos que se poidan vender, non lle custa cartos ó contribuínte e fomenta os intereses da nación. E mire, respecto de toda a súa literatura, a dos marxistas —que non quedou moi claro vostede de cáles é, se é dos de antes, dos de agora ou dos de sempre—, e, en definitiva, de tódalas invectivas contra as multinacionais, dígolle que aí ten a Citroën. A Citroën, medalla de ouro o ano pasado, non só está a crear máis ca ninguén, máis de 7.000 postos de traballo directos, non só participa de modo importante nese crecemento de multiplicar máis ca por tres as nosas exportacións en torno a ela, senón que xurdiron unha serie do que chama o

conselleiro de Industria con moita razón "cluster de industrias", que van ser unha das claves da política de emprego, na cal pois, efectivamente, estamos encantados. Por desgracia, ningunha empresa pública fixo o mesmo, e ademais vostede esquece que coas privatizacións se conseguen moitos cartos, e eses cartos si poden ir a outros investimentos públicos. Polo tanto, non podo compartilo seu criterio.

Vostede falou de estado federal. O estado federal é unha cousa. Eu falei de estado confederal e federal. Vostede sabe moi ben, ou supoño que non ignora, a diferenza entre o estado confederal e federal, e son certo tipo de nacionalistas, defensores da autodeterminación, defensores do estado plurinacional e defensores de privilexios especiais unidos a iso, os que defenden un estado en parte confederal e en parte federal. Dese falo eu. Qué dúbida cabe de que hai estados federais que son máis unidos ca algúns estados unitarios, pero esa non é a cuestión agora. Falei de estado confederal e, en todo caso, quería dicir unha cousa. Nesa lamentable, para algúns, ou mediocre transición, fíxose por primeira vez unha constitución, que xa leva vinte anos funcionando, gracias á cal superamos moitas dificultades e que foi obxecto dun pacto moi importante no que todos participamos. Punto clave dese pacto é o título preliminar e, punto clave do título preliminar é o artigo 2º, que fala de España como patria única dos españois e de nación indivisible. Se se rompe iso, o pacto rompe. Cada un que tome as súas responsabilidades, eu para min non as quero.

Despois disto, teño que dicir que, efectivamente, ¿como non vou saber eu quen é a miña filla, a presidenta da Comisión de Pesca, que está traballando moi ben, por certo, por Galicia, por España e pola pesca do mundo? Pero o patrimonio cultural é unha cousa e outra cousa é o desenvolvemento que se mencionou aquí da lingua de traballo dunha forma ou doutra, que non é pura e simplemente posible.

Polo que se refire ás rexións de réxime especial en Italia, como é Sicilia, como é Val d'Aosta, como é o Tirol italiano etc., debo dicir que teñen menos poderes ca Galicia e menos poderes ca Cataluña ou có País Vasco. Polo tanto, non é ningún punto de referencia interesante.

E do asunto de Cangas si quero falar. Unha cousa é pasear co señor Idígoras e outra cousa é negarse a condenar expresamente o monstruoso asasinato de Ermua; é totalmente diferente. E aquí hai moita xente que ten que dicir por qué consente que se volvese atrás no pacto de Cangas. Non ten nada que ver.

Finalmente, respecto do Estatuto, eu non nego a paternidade de moitos neste asunto —xa non todos son deste mundo—, pero si lle poden dicir que na Comisión do Estatuto, cando se reuniu nas Cortes, había dous representantes do que era entón Alianza Popular, e que nós fómo-los que nos retiramos da Comisión e obrigamos a renegociar-lo Estatuto e a quita-la famosa aldraxe. Algo teremos que dicir tamén.

Moitas gracias, señor presidente.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Fraga.

Ten a palabra o señor Pérez Touriño, portavoz do Grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, na súa rolda de réplica.

O señor PÉREZ TOURIÑO: Gracias, señor presidente.

Señorías, no breve tempo de dez minutos, non me vou referir novamente ás cuestións centrais, que creo que, polo menos pola miña banda, foron expostas no debate desta mañá. Polo tanto, vou referirme fundamentalmente a algunhas cuestións puntuais.

Non me deixa de seguir causando preocupación, señor Fraga, despois de escoitalo agora pola tarde na resposta, que vostedes sigan realmente sen querer entrar nos temas de fondo do país. E saco esta impresión cando vostede fai un discurso autocompracente de novo e valora a citación de endebedamento financeiro que ten esta comunidade, que é unha grave hipoteca. Cando vostede colle a Administración autonómica ve que o endebedamento era do 0,9% do PIB e que agora está en 9 puntos do produto interior bruto. Ese é un tema serio que ocasionou que na lexislatura anterior o investimento real nos últimos anos —e sábeno vostedes moi ben— tivera que caer, tivera que

reaxustarse de maneira alarmante. Preocúpame que cando se fala de mercado de traballo —e é unha realidade innegable para todo o mundo, para vostedes tamén, que se ven na obriga de presentar unhas ideas sobre emprego abertas— logo se saquen aquí cifras para saír do paso, mesturando datos da EPA con datos de paro rexistrados, xogando ó xogo fácil de dici-los datos de cómo van as cousas en 1997, cando a realidade é que o balance de oito ou nove anos, a perspectiva estrutural da economía nesta materia, é tremendamente preocupante.

Eu pediríalle, señor Fraga, que vostede, que conta cunha maioría absoluta cómoda, que acaba de gañalas eleccións, que ten toda a autoridade política neste país para facelo e a responsabilidade de facelo, realmente non agache a cabeza, non permita que se lle pasen papeis —e moito menos que incite a eles— que non vaian ó fondo, ó fondo dos problemas deste país, porque é o momento —xa non temos moitas máis oportunidades— de intenta-la súa solución.

Preocúpame que no tema escolar, tanto no debate desta mañá coma na súa presentación do programa antonte e agora pola tarde na súa contestación, señor Fraga, nese tema, que é tan transcendente e importante, a penas existan cifras, indicacións, referencias e compromisos reais; é dicir, programa, calendario e financiamento para sacar a adiante a aplicación da LOXSE, para dar un salto adiante en I+D e para o financiamento das universidades. Por iso lle volvo reitera-la idea e a necesidade de ir realmente a un pacto pola educación que deixe ese tema co rumbo claro, en condicións despexadas para o futuro de Galicia.

Ferrocarril e autovías. Señor candidato, non hai ningún desprezo, ¿como non?, para o eixe atlántico, para esa conexión tan vital, para esa rexión tan importante, masa crítica, a única posible desta comunidade, que é a conexión co norte de Portugal. Todo o contrario. Pero o único que lle dicía ou pretendía dicirlle, en todo caso reitéroo, é que vai sendo hora —eu crin que o debate de investitura era un bo momento e sigo créndoo e demándandoo— de que vostede fixe un calendario, nos diga algo concreto respecto do ferrocarril, a conexión de Galicia coa alta velocidade e da velocidade alta. En definitiva, o ferrocarril moderno que Galicia necesita é a súa conexión co resto de España.

E no tema das autovías hai un pouco a mesma situación. Eu agradézolle, e non o vou facer aquí publicamente agora, entrar nas loanzas que existiron no seu momento sobre o meu labor na Secretaría de Infraestructuras, non vou entrar nese campo, que entra máis no terreo do persoal. Pero si quero dicirlle, señor candidato, que segue sendo necesario que vostede comprometa de verdade a finalización das autovías con Galicia, que empezásemos-la lexislatura con este tema pechado, sen ter que facer continuas referencias ó tema de Pedrafita coma un tema pendente; en definitiva, sen finalizar, sen perspectiva de finalización temporal a autovía do Noroeste.

E sabe vostede moi ben que o orzamento de 1997 non contén diñeiro para empeza-las obras de Pedrafita e que o presuposto de 1998 contén a décima parte do seu custo, e, polo tanto, aí é necesario un esforzo indesmaiable por pechar ese asunto. Conta con toda a nosa colaboración e reitéroo-la a necesidade de que vostede, canto antes, anuncie a esta Cámara, de verdade, cándo Galicia vai contar coas autovías.

En materia de financiamento sanitario eu creo que a verdade da cuestión é que é unha negociación, e España toda o sabe, que nace incitada, impulsada e promovida por CIU. Para resolve-lo problema do acordo con CIU é como se trata este tema, e está nas hemerotecas, no día a día. Ou eu non lin os periódicos e non vin a televisión durante estas semanas ou eu non son sabedor de cál foi a posición negociadora da Comunidade Autónoma de Galicia neste tema, máis ben escoitei un profundo e espeso silencio. E os criterios que por unanimidade nesta Cámara, na lexislatura anterior, se expuxeran, que eran que unanimemente esta Cámara reclamaba que se defendesen e se tivesen en conta os criterios de envellecemento e de dispersión da poboación, que son os criterios que podían de verdade favorecer a Galicia, non foron tomados en conta nesta negociación, e vostede sábeo.

Créase un fondo adicional de compensación, e grazias a iso menos mal, pero o problema é que ese financiamento adicional procedente dese fondo ten dúas bases, básicas, por unha parte, e reitéroo. Por unha parte, depende do aforro que sexamos capaces de facer na incapacidade laboral transitoria e depende do aforro que se sexa capaz de facer na utilización do gasto farmacéutico. Dependerá da autoaplicación que

fagamos en Galicia do *medicamentazo*. En Galicia temos unha poboación moi envellecida, cun número de pensionistas moi elevado e con pensións moi baixas, polo tanto, ese excedente financeiro que agora nos aparece é moi perigoso presentalo en positivo, señor Fraga, porque dentro de pouco nos podemos atopar cun problema de financiamento no sistema sanitario galego, porque non temos amarrados os criterios obxectivos que si nos beneficiarían a nós, senón que se estableceron criterios en función da posición de Convergencia e Unió, que, en definitiva, saca desta negociación os 51.000 millóns de pesetas que quería. Compare vostede as cifras co que Galicia consegue.

Hai outros moitos temas, pero quería referirme, porque o tempo pasa, a algún novo que non expuxen pola mañá, que me quedou por comentar e que sei que é un tema moi querido por vostede. Polo noso grupo tamén, cremos que é moi importante. É o tema da demografía, da regresión demográfica, do envellecemento deste país, das caídas da taxa de natalidade, en definitiva, da desertización —tamén ten ese rostro— dunha parte da nosa poboación, do noso territorio. E vostede parece, cando trata ese tema, que está pensando —imaxino— en axudas a familias, nunha planificación familiar, e fai un cántico, unha defensa da familia. Podémolo compartir, o problema é que non cremos que estea aí a solución, cremos que, unha vez máis, é un enfoque non correcto, algo que non vai conducir ó camiño acertado. Porque no problema da natalidade, do seu incremento, está demostrado hoxe en día en todo o mundo, existe unha correlación clara de que ese é un problema que ten que ver, sobre todo, coa crise estrutural do mercado de traballo, coa inseguridade no traballo, coas dificultades para poder insertarse nel por parte do home e da muller, e iso é o que está facendo que se atrase ou que se mida por parte das parellas, en gran medida, o número de fillos que se quere ou se pode ter.

E a segunda variable básica, que non é exactamente política familiar, é a variable básica da posibilidade de ir superando a división sexual no traballo, de ir dando pasos, realmente, no camiño da incorporación da muller ó mundo do traballo e da incorporación do home ó mundo da familia e ó mundo da casa. E nese contexto, na superación desa división sexual, é como é posible, xunto co tema do traballo, realmente avanzar, e está comprobado en tódalas experiencias, prac-

ticamente en todas, que as medidas fiscais, as deducións, as axudas a ter fillos, xogan un papel ben cativo na resolución deste problema.

Suxírolle, señor Fraga, que repense sobre ese tema e que poidamos tamén nese punto buscar algún elemento de coincidencia.

O do financiamento é un tema ó que non quería volver excesivamente pero me parece que é básico desde a perspectiva do Estado, e supoño —quero supoñer— que tamén desde a perspectiva do estado que vostede pode ter na cabeza, e que, por certo, ten escrito sobre ela. Cando queremos pensar nun estado plural, nun estado no que exista solidariedade, no que existan elementos de equilibrio, o financiamento autonómico pasa a ser un tema decisivo. Está por pechalo problema da solidariedade nese sistema, deixouse pendente o estudio. Avanzouse na corresponsabilidade fiscal, pero a outra pata, a da solidariedade, está coxa e, polo tanto, desde a posición galega, desde a defensa dos intereses de Galicia, é fundamental aí dar un do de peito para a solución dese tema. Cremos que esta Cámara está obrigada a dar iso e, polo menos, o noso grupo parlamentario traballará nesa dirección.

Remato xa, simplemente facendo unha referencia ós meus compañeiros da oposición doutros grupos parlamentarios. Eu creo que non nos podemos confundir, que non nos debemos confundir. Quen gañou as eleccións está sentando nos bancos da dereita, aí está, en todo caso, o adversario político, e mal empezámo-lo camiño da posible coincidencia e das posibles coincidencias no traballo da oposición, se tratamos de erixirnos en exclusivos autores herdeiros da tradición, do progreso, do cambio, da transición, neste país. Creo que os exclusivismos están vetados nas posicións intelixentes, nas posicións creadoras. Nese camiño poderemos coincidir. Se non é así, estaremos poñendo atrancos ó que se predica.

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Pérez Touriño.

Dúplica por parte do candidato.

O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): O señor voceiro do Grupo Socialista segue preocupado porque non queremos entrar nos temas de fondo. Vólvolle dicir que lle pido que lles dedique un pouco de tempo ós nosos libros brancos e verá se hai un só problema —podemos non estar de acordo coas solucións— que non estea exposto alí.

Da débeda, eu lin unha, a última, e tódalas grandes auditorías están de acordo. Polo demais é interesante recordar que a débeda autorizada ó final do tripartito era moi grande, o que ocorreu foi que non houbo capacidade de gasto, pero, en definitiva, nós estamos satisfeitos da situación actual e estamos reducíndoa.

No que se refire ó emprego, teña por certo que non baixarei a cabeza. Digo, precisamente, que a teña baixa xa de antemán, cuberta de cinza. É evidente que ese é un problema grave para Galicia, para España e para o mundo. Hoxe mesmo hai unha moi boa nova: España vai recibir 39.000 millóns dos primeiros fondos europeos que liberan para estas cousas, algo nos tocará a nós. Pero si lle podo dicir, porque ofrecemos un diálogo aberto, que creo que é bo entrar nel con propostas concretas.

Do ferrocarril galego e portugués, home, hai que insistir porque parecía que todo o tramo ía por Portugal. É certo que a eles lles toca un tramo máis longo e máis caro, pero o tramo Vigo-Tui co triángulo de Guillarei non é un tema pequeno, e todo iso está en compromiso. ¡E vaia se están encantados en Vigo!

En canto ó calendario das autovías, como é natural, existe xa, hai uns prazos que teñen as empresas, hai a garantía do Ministerio de Fomento, pero imos víxialo xuntos. Eu estou encantado coa súa colaboración e recoñezo que diso sabe moito. ¡Fagámolo xuntos! Pero, desde logo, eu quero dicirlle que está resolto, porque resolto está, e como tódalas cousas, as solucións pódense mellorar. Eu xa dixen que non faciamos triunfalismos. Efectivamente, o criterio da dispersión da poboación non se tivo en conta, pero tamén que o resultado de momento é o mellor dos posibles, e non os que se anunciaran lixeiramente, é absolutamente certo.

Polo que se refire á sanidade, pois é certo que o propuxo CIU. É certo que CIU negocia en público e

un di que “si”, outro di que “non”. Nós negociamos desde dentro, como é natural, porque somos membros do mesmo partido, e creo que non saímos mal desta actuación, que ó final é o que conta. Eu acórdome das voces que se ergueron nesta Cámara e no seu grupo, moi renovado desde entón, cando negociámo-la transferencia: ¡era un disparate, negociáramos mal! Era, por certo, un ministro socialista quen me dixo esta frase no seu despacho: ¡é que eu estou aquí para ser un xudeo! Pois foi un xudeo que se equivocou aquel día. Eu non son racista nin fago disto cuestión, el foi o que usou a frase.

En canto á demografía, vostede di que cómpre non aborda-lo problema soamente desde o punto de vista da política familiar. Ben, política familiar pode entenderse que é todo. En fin, permita que faga unha broma. Había un chiste daquela rapaza tan inxenua que cría que a repoboación forestal era face-lo amor debaixo dos pinos. Ou se fan os fillos na familia ou se fan fóra, pero supoño que vostede non está propoñendo o segundo. Isto é unha broma, porque o humor é galego tamén.

Quero dicir que é evidente. Xa temos anunciadas medidas fiscais, e é claro que entrará no tratamento do emprego. Está claro que vostede ten moita razón, imos traballar xuntos, pero, desde logo, ter fillos, mentres non se demostre o contrario, é política familiar. Eu xa sei que pode haber familias de moitas clases, penso eu que dentro da natureza. Xa os romanos tiñan un matrimonio relixioso, que era a *confarreatio*; que tiñan o matrimonio civil, que era o contrato; e tiñan o *usus*. Ó cabo dun ano en que un home e unha muller vivían xuntos, para os efectos da lei estaban casados. Pero, como é natural, é evidente que, dunha forma ou doutra, a unidade familiar é a base da demografía e, onde non a hai, pois a demografía non anda.

Non se moleste, porque parece un pouco innecesario, de insistir na importancia do financiamento autónomo e da importancia que ten ir preparando o que vai pasar dentro do que xa non son cinco anos, senón catro. Pódolle asegurar que o conselleiro de Economía, que ten moito que facer, por certo, este tema non o deixa nin lle deixo que o deixe. De tódalas maneiras, ¡coidado co que se fala!, porque con iso da pata, da segunda pata e o do do de peito, está meténdose no te-

reio do señor Beiras, cousa que, ó meu xuízo, é bastante perigosa.

E despois diso quero dicir que, desde logo, de exclusivismos nada. Eu concordo con vostede, todos somos poucos para servir a Galicia, e pode contar comigo, que nunca o esquecerei nin me desdarei disto.

Moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Fraga.

Réplica por parte do portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías.

Señor Fraga, o chiste que acaba de contar vostede da repobación forestal é a proba contundente de que vostede é un home progresista, no senso máis profundo da palabra. É dicir, cando os valores resulta que non son xerarquizables porque hai unha concepción simplemente utilitarista do léxico que denomina valores, como vostede fixo toda unha demostración aquí na súa intervención de hoxe, pois, evidentemente, pasan esas cousas: ao final, non se sabe o que se está a dicir.

Eu son un señorito, xa sei que eu son un señorito, e vostede non, e nótase. Doulle as gracias a propósito, perdoen esta referencia persoal, en nome do meu pai, Manuel Beiras García, que sempre tivo que aturar que o tildasen de señorito da Rosaleda, sendo toda a súa vida un empregado de comercio, iso si, atípico, porque se lle ocorreu a mala idea de aforrar para ter unha vivenda unifamiliar, e, naturalmente, iso non era tolerable porque alí fan os señoritos. Pero podo ilustralo mellor dicíndolle que cando a miña compañeira —ou a miña esposa, se prefire— e mais eu mercamos unha casa arruinada para refacela, no concello de Brión, era coñecida como a casa grande de Aguiar, e nós puxémoslle un rótulo —feito en Portugal, por certo, aquí non se podía facer— que se chama Reboraina de Aguiar, en homenaxe a Otero Pedrayo pola súa famosa novela, a derradeira que escribiu en galego, *O señorito da Reboraina*. E ademais precisamente porque os amigos, cando se querían meter comigo, así, afalemente, dicían: “ti es un señorito da Rosaleda”.

Polo tanto, agora terán que dicir: “ti es un señorito da Reboraina”. A moita honra, porque Otero Pedrayo tamén era un señorito dos que vostede fala; fidalgo, ademais.

O seu discurso foi patético, evidentemente, e vostede mesmo o demostrou coa consulta previa que fixo ó dicionario de que non era denigratorio o que eu dixen, ¿verdade? Pero non podo dicir o mesmo da súa réplica, que foi procaz. Vostede retrocou con exabruptos e deturpación a un exercicio simplemente de razoamento, de reflexión, de matización. Eu coido que estamos nun momento, porque vostede, salvo algunha referencia do señor Guerreiro e do señor Touriño moi tanxenciais, non fixo nin a máis mínima referencia intelectual ó contexto mundial actual, no que o contexto actual mundial non é para dicir que todo vai moi ben e aquí non hai ningún perigo de que na humanidade se estean a reproducir fenómenos de catástrofes. Eu son catastrofista, Otero Pedrayo tamén era catastrofista e autoproclamábase catastrofista en *Arredor de si*. E Vicente Risco, cando Vicente Risco era alguén, como dicía Castelaio andando os anos, tamén dicía: “nós somos catastrofistas e apocalípticos e románticos “e non sei qué máis”, ¡Naturalmente!: xeración Nós.

Eu non sei se ten algún sentido facer algunha reflexión aquí porque debater ideas con vostedes é absolutamente imposible. En canto un entra nese terreo, non busca máis que a posibilidade, dalgunha maneira, de fuxir, e fóxese procazmente. Ata o punto de utilizar, por exemplo, a Curros como lle convén, sen respecto ningún. Vostedes aprópianse de todo, e detúrpano todo. Recomendolle, por certo, un libro, xa que vostede recomendou varios, modestamente: *A evolución ideolóxica de Curros Enríquez*, autoría do profesor doutor Francisco Rodríguez, deputado nesta Cámara no Grupo do Bloque ata hai dous anos en que pasou a ocupar un escano nas Cortes do Estado. Léao, entón entenderá aoseñor Curros Enríquez, que parece que non, pola cita que vostede fixo, que nin é cita nin farrapos de gaita, nin dos gaiteiros que vai traer vostede. A min encántame que veñan os gaiteiros, e naturalmente que é popular o dos gaiteiros, por iso vostedes fomentan tanto a axuda aos gaiteiros independentes, e sobre todo ás bandas populares de música, que están encantadas con vostedes.

Vostede non sabe que se pode ser señorito, naturalmente, a moita honra, nesa cualificación; é un señor que aínda non chegou a vello. E, naturalmente, como xa expuxo en *Os camiños da vida* Otero Pedrayo, no retablo que facía do proceso do século XIX, na fidalguía houbo progresista e houbo reaccionaria, e acabaron de moi distinto xeito unhas e outras; unha loitando nas rúas de Santiago de Compostela, na Revolta de 1846, cos estudantes, aquela que contemplou Manuel Murguía desde esa casa que agora ten un rótulo, por fin, no cantón de San Bieito, e outra, naturalmente, xogándose a fortuna ás cartas nos casinos da época. Eu non sei cáles dos señoritos dese tipo o apoian a vostede, pero vostede saberá.

Ramón Piñeiro. Non me vai vir explicar vostede agora, a min, quen era e qué dicía Ramón Piñeiro, cando Ramón Piñeiro era alguén, volvo repeti-la frase de Castelao. ¡Precisamente a min! ¡Genial! Agora si, logo foi deputado do Grupo do PSdeG-PSOE nesta Cámara, non do Popular, non de Alianza Popular, precisamente no Grupo do PSdeG-PSOE. Agora resulta que foi o mentor ideolóxico de vostede. É dicir, que vostede ten que acudir, cando ten que buscar unha lexitimación no pasado para a asunción actual que vostedes fan do galeguismo, a Ramón Piñeiro. Non sei, ¿iso é normal?

Os votos da emigración. Fotografía de don Manuel Fraga. Isto foi publicado nos medios de comunicación de ultramar: "Gallego en el Uruguay. Concorre a votar a la sede del Partido Popular antes del viernes 17. Renueva la Presidencia de don Manuel Fraga votando...". *Votar en la sede del Partido Popular*. Vostede mandou un señor que tiña responsabilidades executivas na alta Administración do Goberno da Xunta de Galicia cando estaba en funcións, o señor Amarelo —moi amarelo— de Castro, a apañar votos para o Partido Popular. Ou sexa, para vostedes todo vale. Da mesma maneira que pola TVG aparecía case simultaneamente, porque ten o don da ubicuidade, na mesma xornada, inaugurando unha cousiña como presidente da Xunta —que non se dicía en funcións, pero aínda que se dixese— e dando un mitin como candidato. Cando eu falaba de esquizoide e non sei qué, dun comportamento esquizoide no plano sociopolítico, vostede encargouse de corroboralo que eu enunciara aquí como hipótese e tese na miña

reflexión, coa súa intervención. E durante a campaña igual. E agora resulta que vostede o que pretende facer aquí é demagogia.

Mire vostede, non está en Bos Aires nin en Montevideo, está no Parlamento de Galicia e falando perante cidadáns galegos que están aí arriba, deputadas e deputados de distintas ideoloxías que estamos aquí, e, en todo caso, cidadáns que escoitan ou ven este debate en directo a través dos medios de comunicación. Non pode vir aquí agora a pretender vender a historia de que o que pasa é que nós consideramos espurio que os emigrantes voten. ¿Por que non se vota aínda nos colexios electorais, é dicir, nos consulados convertidos en colexios electorais? ¿Por que? ¿Por que de repente, en ano e medio de Goberno de vostedes, amigo, en Madrid, o censo electoral, o censo de residentes inscritos, aumentou vertixinosamente? ¿Por que resulta que os votos obtidos por vostedes alí non teñen absolutamente ningunha correlación coas porcentaxes de distribución de votos entre as distintas opcións políticas e electorais en Galicia? ¿Pero, señor Fraga, por favor!

Mocións de censura nos concellos. A todo isto, perdoe, unha anotación sen máis. Eu estiven dúas veces en Arxentina e en Uruguai en ano e medio. En ningún dos centros galegos pedín o voto para o Bloque, en ningún sitio fixen ningunha afirmación denigratoria da Xunta e do seu presidente, Manuel Fraga Iribarne, por respecto a eles e a min mesmo, e ó BNG. E vostedes o que fixeron foi arrecadar votos dunha maneira absolutamente ilegal. Dáme igual, vostedes teñen a maioría, xa o dixen, nós respectamos coma quen máis este Parlamento. Xa o demostramos cando incluso nós defendemos ata tal punto este Parlamento que cando se debatía a decapitación ou mutilación dos dereitos dos deputados no debate da reforma do Regulamento, eu padecía a expulsión e a privación dos meus dereitos pola Presidencia do Parlamento naquel momento, e o Tribunal Constitucional, ós dous anos, dixo que tiña razón...

O señor PRESIDENTE: Agradeceríalle que fose rematando, señor deputado.

O señor BEIRAS TORRADO: ...e non llo volvín botar en cara aínda.

Mocións de censura nos concellos. Eu quero simplemente recordarlle que en Cangas non houbo moción de censura. Será porque vostedes non deron atopado quen se vendese. Ningún concelleiro, nin do Grupo Socialista nin do Grupo de Esquerda Unida, aceptou venderse. Alí onde conseguiron comprar, alí fixeron mocións de censura. ¿Vostede cre que pode pretender agora simplemente distraer a atención cara a outras cuestións ou mencionar algún concelleiro que non ten absolutamente nada que ver co Bloque Nacionalista Galego? ¿Ou é que vostede considera que nós somos tan sectarios coma vostedes? ¿Ou que nós impoñemos aferrollar e amordazar a liberdade de expresión de calquera? Unha cousa é a nosa postura rotunda respecto de determinados fenómenos, e outra cousa é que nós lle esixamos a calquera doutra formación política que teña a mesma postura ca nós.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Beiras, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Vou rematando, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

O señor BEIRAS TORRADO: ¡Vou rematando!

Verá vostede, só dúas cousiñas. Primeiro, nós si que apostamos por que a cidadanía ten intelixencia, se non fariamos coma vostedes e non nos arriscariamos a facer reflexións e razoamentos e a dialogar coa cidadanía, e a non impoñerlles, nin sequera onde podemos, ningún tipo de coerción. E non resultaría que precisamente nós temos os resultados que temos nos votos das cidades, ou da Galicia máis dinámica, mentres que vostedes teñen nas cidades unha porcentaxe de resultados que está 10 puntos por debaixo da media, ou case, precisamente nas cidades; ou que a mocidade vota maioritariamente ao Bloque Nacionalista.

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, o seu tempo rematou, voulle ter que quita-la palabra.

O señor BEIRAS TORRADO: Rematou o tempo e eu remato definitivamente. Eu só quero dicir, señor Fraga, que haberá que debater, efectivamente, un día, esa historia do estado plurinacional, porque a min dáme a impresión de que a vostede lle pasa cos conceptos sociopolíticos, elaborados pola ciencia política e

pola socioloxía, o que lle pasaba ó Santo Oficio con Galileo. É coma se vostede di: "é que eu estou en contra das leis da mecánica universal do señor Newton ou da teoría da relatividade de Einstein", é o mesmo. Outra cousa é que estea en contra de que iso se plasme na vertebración da superestructura política dun espacio social determinado. Aí vostede opina. Xa sei o que opina, o que pasa é que non opina o mesmo, porque cando estaba contra o título VIII non é o mesmo que cando vostede di que é galeguista de toda a vida. ¡Claro, así calquera!, desde logo, ¡precioso!, siga así. Eu sigo onde estaba, pero non sigo onde estaba, vostede si. Eu estaba alí arriba, agora estou aquí abaixo. (*Risos.*) ¡Coidado, non pense que vai ser igual! (*Murmurios.*) Eu volverei a onde sexa.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Beiras, se non teño que quitarlle a palabra.

O señor BEIRAS TORRADO: Non, teño que lerlle unha cousa ó señor Casares, que seica ten moita impaciencia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Si, remato, pero é que o señor Casares ...

O señor PRESIDENTE: Pero é que o señor Casares non ten por que dialogar.

O señor PRESIDENTE: ¡Pois dígallo a el! Que combateron as pestes que padecía o país sen calcularen custos persoais nin cobizaren honras, recompensas nin gratificacións do poder. O que pasa é que este país vai por outro camiño, a marea vai por outro lado; ata vostede ten que apropiarse ou intentar apropiarse da memoria de Ramón Piñeiro para o seu beneficio.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Beiras.

Ten a palabra o señor Fraga Iribarne na súa rolda de dúplica.

O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, é evidente que entre as moitas virtudes intelectuais do señor Beiras non figura o sentido do hu-

mor, ¡que lle imos facer! E creo que é esencialmente galego e que mesmo é a mellor forma de entenderse.

En todo caso, eu non falo mal dos señoritos, é que a calquera que o escoite a miúdo pareceríalle que nós somos un partido de señoritos e que en cambio hai outros que son partidos do pobo real. Mire vostede, cando se chega a 840.000 votos, evidentemente nin son señoritos duns nin doutros, polos cales teño o maior respecto, e sobre todo polo da Reboraina —refírome á de don Ramón, como é natural—. Por certo, xa que mencionou ó seu ilustre pai, quero que saiba que foi moi amigo dos meus, que o querían moito, e el a eles.

¿Procraz? Home, procraz, procraz, se chegase a pitar cun zapato encima do escano. (*Risos.*) Dentro dunha orde. Quero dicir que eu simplemente falo aquí a mesma lingua que falo na rúa, precisamente porque falo desde o pobo e para o pobo.

Vostede determina cándo Risco foi alguén e cándo Piñeiro foi alguén. Para min foron alguén sempre. Pode que vostede chegue a selo algún día, pero o que non cabe dúbida é que eles foron alguén sempre. O que ocorre é que unhas veces acertaron máis, outras menos, unhas veces coincidiron máis con vostede ou menos, pero eu non mido así a xente. E igual digo de Curros, ó que, por certo, coñezo moi ben. Agradézolle a cita do señor Rodríguez, pero eu coñezoo moi a fondo e podo recitalle enteiro o poema que mencionei, que é do 98.

Despois de dicir isto, aquí se falou de moitas cousas, pero, en fin, do voto dos emigrantes de novo. Vostede xa o explicará alí. O que teño que dicir é que, efectivamente, precisamente nós estámolo demandando hai moito tempo. Non se pode votar aínda nos consulados. Pódese votar, pero só para os efectos de deposita-la carta. Esa é unha das peticións do Partido Popular, de sempre. ¡Pois hai que axudarlles! ¡Vén votar que te axudamos! (*Risos.*) ¡Rían! (*Aplausos.*) Miren, señores, un pouco de seriedade. Hai unha parroquia en Vilalba que se chama San Xurxo de Rioaveso, onde todos son primos meus, e alí saco o 90%, que, por certo, nun sistema maioritario como o inglés, aquí teríamo-lo 90% da Cámara, porque gañamos en 300 municipios. Sómo-la maioría natural de Galicia.

Pero, despois de dicir isto, quero dicir que, efectivamente, a nosa xente vai constantemente alí a axudarlles ós centros, como é natural; nos cales, por certo, nunca se fixo ningún acto. E vostede sabe que unha vez que coincidimos no estranxeiro eu presenteino a todo o mundo con moito gusto.

O señor BEIRAS TORRADO: E eu a vostede.

O señor CANDIDATO Á PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Non, a min non me presentou vostede. (*Risos.*) Ninguén o coñecía, esa é a verdade. E con toda corrección: “o profesor Beiras”. Quero dicir que cada cousa no seu sitio.

Quero insistir, porque vostede volve sobre o tema de Cangas, en que o señor Idígoras foi invitado polo señor Abalo, ante a sorpresa de moitos. Foi a unha asemblea e alí coincidiu co señor Chapela. Diga vostede o que queira sobre a liberdade de expresión, pero cando pasa unha cousa como a que pasou e lea un libro así de gordo que acaba de publicarse sobre o fenómeno de Ermua, non se pode pactar con ese señor. Eu creo que non se pode. Naturalmente, vostede pensa o contrario, e xa se cualifica.

E finalmente, porque non quero continuar, eu quero respecta-los tempos e non dicir cómo eu os interpreto, quérolle dicir simplemente: primeiro, que chegar a vello é un privilexio; deséxollo a vostede. Destes temas, as persoas ben educadas non falan, como é natural.

Segundo. Polo que se refire ó contexto mundial, eu sígoo tanto coma vostede. Viaxo bastante, teño lido moito, vivín noutras partes, fun embaixador, e dígolle que as cousas, gracias a Deus, non van por ningún camiño catastrofista nin por ningún camiño milenarista. O que en todo caso é seguro é que non van por onde din vostedes, non van polos nacionalismos ...

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas gracias, señor Fraga.

O debate dáse por rematado, pero antes de suspender-la sesión, como anunciara esta Presidencia que a votación se faría ás 19 horas, é dicir, ás sete da tarde,

para ir avanzando un pouco sobre o terreo e tendo en conta que a votación faise por chamamento, se lles parece oportuno e non hai ninguén que diga o contrario, podemos efectua-lo sorteo do deputado polo cal se vai encabeza-lo chamamento para a votación.

Vanse meter no bombo sesenta bólas, correspondentes ós 60 nomes dos deputados, porque, aínda que somos setenta e cinco, hai dez deputados que forman parte do actual Goberno da Xunta de Galicia e cinco membros da Mesa, co cal suman quince, que son os últimos que teñen o dereito a votar. Entón, polo tanto, introduciranse sesenta bólas para proceder a saca-lo número que corresponde, por orde alfabética, ó deputado polo que hai que empeza-lo chamamento. O secretario vai comproba-los sesenta números, se algún dos señores deputados quere face-la comprobación, pode aproximarse a velo.

(O señor secretario da Mesa comproba os números e efectúase o sorteo.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: A bóla que saíu é a correspondente ó número 29, que corresponde á señora deputada García Campelo. Por ela empezáremo-lo chamamento ás sete en punto da tarde. Mentres tanto, suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión ás seis e corenta minutos da tarde e reiníciase ás sete.

O señor PRESIDENTE: Señoras e señores deputados, ocupen os seus escanos, por favor.

Como xa dixen antes, a votación será pública e por chamamento. As súas señorías deberanse pronunciar coas expresións: “sí”, “non” ou “abstención”, segundo os vaian chamando. O candidato resultará elixido se obtén os votos da maioría absoluta.

Dito isto, o señor secretario da Mesa procederá ó chamamento dos señores deputados.

O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):

García Campelo, María del Carmen: Si.
 García Negro, María Pilar: Non.
 González Ballesta, Justo José: Si.
 Guerreiro Carreiras, Anxo: Non.
 Gutiérrez Fernández, Eduardo: Non.

Juncal Rodríguez, Juan Manuel: Si.
 Lobeira Domínguez, Bieito: Non.
 López Casas, Manuel: Si.
 López Outeiral, Manuel: Si.
 López Pérez, Emilio: Non.
 Losada de Azpiazu, Javier: Non.
 Louro Goyanes, Antón: Non.
 Madarro González, María Elisa: Si.
 Méndez Romeu, José Luis: Non.
 Muñoz González, Joaquín: Si.
 Nogueira Román, Camilo: Non.
 Pazos Varela, Xosé Manuel: Non.
 Pensado Barbeira, Fernando: Si.
 Pérez Touriño, Emilio: Non.
 Pita Varela, Jaime: Si.
 Rego González, Ismael: Non.
 Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo: Non.
 Rodríguez Peña, Xosé Henrique: Non.
 Rodríguez Pérez, Fernando Carlos: Si.
 Rodríguez Seijas, María Dolores: Si.
 Ruíz Rivas, Manuel: Si.
 Salazar Bello, Isabel: Non.
 Santalices Vieira, Miguel: Si.
 Sineiro García, Francisco: Non.
 Sotelo Villar, José Enrique: Si.
 Suárez Canal, Alfredo: Non.
 Tapia Fernández, María Jesús: Si.
 Tello León, Xosé Henrique: Non.
 Trigo Durán, Francisco: Non.
 Varela Pérez, Mauro: Si.
 Vega Buxán, Xesús: Non.
 Veiga Pombo, Manuel: Non.
 Vila Pérez, José Manuel: Si.
 Villarino Santiago, María Dolores: Non.
 Álvarez Blanco, María Salomé: Non.
 Álvarez Montes, María Marta: Si.
 Álvarez Yáñez, María Antonia: Non.
 Barata Quintas, Daniel: Si.
 Barreiro Fernández, José Manuel: Si.
 Beiras Torrado, Xosé Manuel: Non.
 Caballero Álvarez, Abel: Non.
 Casares González, Juan Manuel: Si.
 Casares Mourinho, Xabier: Non.
 Castro García, Roberto: Si.
 Conde Roa, Gerardo: Si.
 Cortegoso Fernández, Ramón: Si.
 Crespo Sabarís, Pablo: Si.
 Darriba Calviño, Rosa: Non.
 Díaz Díaz, Xosé: Non.

Domínguez Vaz, Miguel: Si.
Durán Núñez, Alberto: Si.
Fernández Davila, María Olaia: Non.
Fernández Rosende, Jesús María: Si.
Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco: Non.
Gago Álvarez, Castor: Si.
López Besteiro, Manuela: Si.
Palmou Lorenzo, Jesús: Si.
Hernández Cochón, José María: Si.
Pérez Varela, Jesús: Si.
Couceiro Méndez, Antonio: Si.
Currás Fernández, Celso: Si.
Cuíña Crespo, José: Si.
Orza Fernández, José Antonio: Si.
Rodríguez Rodríguez, Dositeo: Si.
Fraga Iribarne, Manuel: Si.
Cortizo Nieto, Miguel: Non.
Pedrosa Vicente, Juan: Si.
Álvarez Domínguez, Bautista: Non.
Delgado Arce, Celso: Si.
García Leira, José María: Si.

O señor PRESIDENTE: O resultado da votación é o seguinte:

Abstencións: ningunha; non: 33; si: 42.

Obtida a maioría absoluta, proclamo elixido presidente da Xunta de Galicia ó señor don Manuel Fraga Iribarne.

(Aplausos.)

Desta elección darase conta de inmediato á súa maxestade El-Rei, conforme ó disposto no artigo 18 da Lei reguladora da Xunta.

Levántase a sesión.

Levántase a sesión ás sete e cinco minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS ROCLAMADOS ELECTOS POR CADA
CIRCUNSCRIPCIÓN

PROVINCIA DA CORUÑA

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Manuel Fraga Iribarne
- 2.- Antonio Couceiro Méndez
- 3.- José María Hernández Cochón
- 4.- José Antonio Orza Fernández
- 5.- Gerardo Conde Roa
- 6.- Juan Manuel Juncal Rodríguez
- 7.- Manuel Ruíz Rivas
- 8.- Jaime Pita Varela
- 9.- José Manuel Vila Pérez
- 10.- María Elisa Madarro González
- 11.- Jesús María Fernández Rosende
- 12.- Manuel López Outeiral
- 13.- María Marta Álvarez Montes

B. Polo Bloque Nacionalista Galego

- 1.- Xosé Manuel Beiras Torrado
- 2.- María Pilar García Negro
- 3.- Camilo Nogueira Román
- 4.- Xosé Henrique Tello León
- 5.- Xesús Vega Buxán
- 6.- Xosé Díaz Díaz

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Miguel Cortizo Nieto
- 2.- Anxo Guerreiro Carreiras
- 3.- Javier Losada de Azpiazu
- 4.- Emilio Pérez Touriño
- 5.- José Luis Méndez Romeu

PROVINCIA DE LUGO

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Manuela López Besteiro
- 2.- Mauro Varela Pérez
- 3.- Dositeo Rodríguez Rodríguez
- 4.- Fernando Carlos Rodríguez Pérez
- 5.- José María García Leira
- 6.- Celso Currás Fernández
- 7.- Fernando Pensado Barbeira
- 8.- José Manuel Barreiro Fernández
- 9.- María Jesús Tapia Fernández

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
- 2.- Emilio López Pérez
- 3.- Eduardo Gutiérrez Fernández

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Isabel Salazar Bello
- 2.- Francisco Sineiro García
- 3.- Ismael Rego González

PROVINCIA DE OURENSE

A. Polo Partido Popular:

- 1.- Celso Delgado Arce
- 2.- Castor Gago Álvarez
- 3.- Daniel Barata Quintas
- 4.- Miguel Santalices Vieira
- 5.- María Dolores Rodríguez Seijas
- 6.- Manuel López Casas
- 7.- Roberto Castro García
- 8.- Joaquín Muñoz González

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Alfredo Suárez Canal
- 2.- Xosé Henrique Rodríguez Peña
- 3.- Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Manuel Veiga Pombo
- 2.- Xabier Casares Mouriño
- 3.- María Antonia Álvarez Yáñez

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A. Polo Partido Popular:

- 1.- José Cuña Crespo
- 2.- Alberto Durán Núñez
- 3.- Miguel Domínguez Vaz
- 4.- Jesús Palmou Lorenzo
- 5.- Pablo Crespo Sabarís
- 6.- Jesús Pérez Varela
- 7.- Juan Pedrosa Vicente
- 8.- Juan Manuel Casares González
- 9.- Justo José González Ballesta
- 10.- Ramón Cortegoso Fernández
- 11.- José Enrique Sotelo Villar
- 12.- María del Carmen García Campelo

B. Polo Bloque Nacionalista Galego:

- 1.- Bautista Álvarez Domínguez
- 2.- Francisco Trigo Durán
- 3.- María Olaia Fernández Davila
- 4.- María Salomé Álvarez Blanco
- 5.- Bieito Lobeira Domínguez
- 6.- Rosa Darriba Calviño

C. Pola coalición electoral PSdeG-PSOE/EG/OS VERDES:

- 1.- Abel Caballero Álvarez
- 2.- María Dolores Villarino Santiago
- 3.- Xosé Manuel Pazos Varela
- 4.- Antón Louro Goyanes

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS
POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Blanco, María Salomé	(BNG)
2. Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3. Álvarez Montes, María Marta	(PP)
4. Álvarez Yáñez, María Antonia	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
5. Barata Quintas, Daniel	(PP)
6. Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7. Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8. Caballero Álvarez, Abel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
9. Casares González, Juan Manuel	(PP)
10. Casares Mourino, Xabier	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
11. Castro García, Roberto	(PP)
12. Conde Roa, Gerardo	(PP)
13. Cortegoso Fernández, Ramón	(PP)
14. Cortizo Nieto, Miguel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
15. Couceiro Méndez, Antonio	(PP)
16. Crespo Sabarís, Pablo	(PP)
17. Cuiña Crespo, José	(PP)
18. Currás Fernández, Celso	(PP)
19. Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
20. Delgado Arce, Celso	(PP)
21. Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
22. Domínguez Vaz, Miguel	(PP)
23. Durán Núñez, Alberto	(PP)
24. Fernández Davila, María Olaia	(BNG)
25. Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
26. Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
27. Fraga Iribarne, Manuel	(PP)
28. Gago Álvarez, Castor	(PP)
29. García Campelo, María del Carmen	(PP)
30. García Leira, José María	(PP)
31. García Negro, María Pilar	(BNG)
32. González Ballesta, Justo José	(PP)
33. Guerreiro Carreiras, Anxo	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
34. Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
35. Hernández Cochón, José María	(PP)
36. Juncal Rodríguez, Juan Manuel	(PP)
37. Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
38. López Besteiro, Manuela	(PP)
39. López Casas, Manuel	(PP)
40. López Outeiral, Manuel	(PP)
41. López Pérez, Emilio	(BNG)
42. Losada de Azpiazu, Javier	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
43. Louro Goyanes, Antón	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
44. Madarro González, María Elisa	(PP)
45. Méndez Romeu, José Luis	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
46. Muñoz González, Joaquín	(PP)
47. Nogueira Román, Camilo	(BNG)
48. Orza Fernández, José Antonio	(PP)
49. Palmou Lorenzo, Jesús	(PP)
50. Pazos Varela, Xosé Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
51. Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
52. Pensado Barbeira, Fernando	(PP)
53. Pérez Touriño, Emilio	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
54. Pérez Varela, Jesús	(PP)
55. Pita Varela, Jaime	(PP)
56. Rego González, Ismael	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
57. Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BNG)
58. Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
59. Rodríguez Pérez, Fernando Carlos	(PP)
60. Rodríguez Rodríguez, Dositeo	(PP)
61. Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
62. Ruíz Rivas, Manuel	(PP)
63. Salazar Bello, Isabel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
64. Santalices Vjeira, Miguel	(PP)
65. Sineiro García, Francisco	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)
66. Sotelo Villar, José Enrique	(PP)
67. Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
68. Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
69. Tello León, Xosé Henrique	(BNG)
70. Trigo Durán, Francisco	(BNG)
71. Varela Pérez, Mauro	(PP)
72. Vega Buxán, Xesús	(BNG)
73. Veiga Pombo, Manuel	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)74.
Vila Pérez, José Manuel	(PP)
75. Villarino Santiago, María Dolores	(PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf: (981) 56 16 00.

Impresión: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735